

# *Os malos pastores*



OCTAVE MIRBEAU



BIBLIOTECA-  
ARQUIVO  
TEATRAL  
FRANCISCO  
PILLADO  
MAYOR

DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,  
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

EDICIÓN  
BILINGÜE



# *Os malos pastores*



OCTAVE MIRBEAU

Edición, introducción e tradución de  
María Obdulia Luis Gamallo

65

BIBLIOTECA-  
ARQUIVO  
TEATRAL  
FRANCISCO  
PILLADO  
MAYOR

Deseño da Capa:  
MIGUEL ANXO VARELA

Ilustración da Capa:  
*Manifestación de obreros parisinos en apoio á  
Revolución Soviética o 1º de Maio de 1919* (Anónimo)

Edita:  
BIBLIOTECA-ARQUIVO TEATRAL  
«FRANCISCO PILLADO MAYOR»  
<https://www.udc.es/es/publicacions/>  
© Da presente edición:  
DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,  
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA  
© MARÍA OBDULIA LUIS GAMALLO

DOI:  
<https://doi.org/10.17979/spudc.9788497494267>


I.S.B.N.  
978-84-9749-426-7

Depósito Legal:  
C 3616-2010

Impresión:  
LUGAMI Artes Gráficas (Betanzos)

Maquetación:  
ANTONIO SOUTO

Distribución:  
<https://www.udc.gal/publicacions/distribucion>



Esta obra publícase baixo unha licenza Creative Commons Atribución-CompartirIguar 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)



DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,  
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

Universidade da Coruña • Facultade de Filoloxía • Campus da Zapateira, s/n • 15071 A Coruña

Consello Científico:  
X. CARLOS CARRETE DÍAZ, PERFECTO CUADRADO,  
MANUEL FERREIRO, MANUEL LOURENZO PÉREZ,  
CARLOS PAULO MARTÍNEZ PEREIRO, JOSÉ OLIVEIRA BARATA,  
FRANCISCO PILLADO MAYOR, FRANCISCO SALINAS PORTUGAL,  
ARNALDO SARAIVA, LUCIANA STEGAGNO PICCHIO (†),  
LAURA TATO FONTAÍÑA

OCTAVE MIRBEAU

# OS MALOS PASTORES

Edición, introducción e tradución de  
María Obdulia Luis Gamallo

MMX



Cita: Luis Gamallo, María Obdulía (2010). "Introducción" en Octave Mirbeau, *Os malos pastores*, A Coruña, Universidade da Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor", pp. 9-18.

*Os meus máis sinceros agradecementos a Stéphane Duarte,  
Pierre Michel e Mercedes Regueiro Diehl, pola súa axuda e a  
súa amizade. Este traballo é tamén un pouco de todos eles.*



Octave Mirbeau (1848-1917).



## INTRODUCCIÓN

O século XIX asiste á renovación dos xéneros na procura da modernidade e dunha liberdade até daquela moi limitadas, seguindo a pauta marcada por unha situación política chea de movementos e de cambios. Cambios impostos pola Revolución Francesa en loita coa tradición anterior, de tal xeito que o teatro será, pois, o da mobilidade, precursor do gran teatro do século XX que segue o movemento zigzagueante dos acontecementos políticos.

O decreto do 13 de xaneiro de 1791 supón unha liberalización para o teatro, xa que a partir dese momento calquera pode abrir unha sala e representar nela obras dun ou doutro xénero ao desapareceren por completo as regulamentacións e os privilexios que limitaban a práctica do teatro. Un total de case trinta salas son o resultado da entrada en vigor da nova lei. Algunhas delas coñecen unha vida efémera, mais todas conseguen darlle un novo pulo á vida teatral, posibilitando a variedade e o cambio e abríndolle camiño ao chamado “teatro de circunstancias”.

O século XIX inaugúrase, pois, cunha forte herdanza da Revolución e a través dela, aínda que isto poida parecer paradoxal, da tradición clásica. Deste xeito, boa parte das obras obedecen á estética de Boileau e á distinción de xéneros, mais tamén abundan as comedias construídas seguindo o exemplo do *Méchant* de Grasset e da *Métromanie* de Piron.

Así e todo, cada vez adquire máis forza a traxedia republicana encarnada por Marie-Joseph Chénier e un novo xénero abrírase paso dentro do panorama teatral, un xénero innovador que toma as súas raíces da literatura popular, que o alimenta e o fai posíbel co paso do tempo. Guilbert de Pixérécourt dá nacemento a este xénero que a historia literaria denominará *melodrama* e que ten unha grande importancia na chegada do teatro romántico. O gran mérito de Pixérécourt é o de comprender que o seu século, ese século nacido baixo a égida napoleónica, precisa emocións fortes, amores e desgrazas, no marco do triunfo da virtude.

## OCTAVE MIRBEAU E O TEATRO<sup>1</sup>

Malia o seu interese polo xénero dramático, Mirbeau non desexaba dedicarse de cheo ao teatro: estaba convencido de que o teatro morría, mellor dito que xa estaba morto, e que sería moi presuntuoso pola súa banda pretender resucitalo: “Le théâtre meurt du théâtre. Depuis plus de trente ans, tous les soirs, sur tous les théâtres, on joue la même pièce”. (Mirbeau, 1885a) Esta crise da arte dramática é irremediábel, reflexo doutra crise aínda maior, a dunha sociedade gangrenada polos cartos, que o transforman todo, mesmo a mentalidade e o talento, nunha vulgar mercadoría que somete os artistas e os escritores ás leis inflexíbeis do mercado. Segundo Mirbeau, se o teatro “qui vit du public, ne peut être autre qu’il n’est actuellement” é porque é testemuña de prácticas culturais que só cambiarán cando se levar a cabo “une révolution radicale dans les moeurs et dans les goûts” (Mirbeau, 1885b).

O teatro non é máis que unha industria nas mans duns empresarios que só pensan en faceren rendíbeis os seus investimentos. Aceptan sen miramentos as esixencias dun público que se inclina por distraccións simples e papaleisonas que non alteren a súa dixestión. Neste

---

1 A epígrafe e os contidos desta sección retoman os expostos por Pierre Michel en: “Préface: Octave Mirbeau et le Théâtre”, consultado na páxina web do propio autor e da *Société Octave Mirbeau* que el mesmo dirixe en Angers (Francia).

contexto, os autores, se queren ver representadas as súas obras, teñen que se someter os ucases dos directores teatrais, só interesados nos beneficios económicos, e producen, sen moita convicción, operetas, vodevís ou melodramas ao gusto do espectador.

Non obstante, e na agarda de que se produza a revolución cultural que tanto reclama Mirbeau desde 1877, un grupo de xente nova, amante do teatro, comeza a sacudir os cimentos deste vello teatro poeirento dos seus pais e comprométese con novas vías de expresión: Antoine e o teatro libre, Lugné-Poe e a obra, Saint-Pol-Roux e os seus intentos de crear un teatro simbolista, Romain Rollan e os seus proxectos de teatro popular.

Segundo Octave Mirbeau, as condicións para que se poida levar a cabo a renovación desta arte moribunda son tres fundamentalmente:

- As personaxes non poden ser de cartón-pedra, senón “des figures réelles” (Gsell, 1907: 219) con cambios de humor e de vontade, mesmo con tics, e cun temperamento fisiolóxico como temos os seres de carne e óso. Personaxes que sexan o resultado dunha observación minuciosa, penetrante da vida profunda e cotiá dos homes.

- Estas personaxes deben loitar contra todos os prexuízos do pasado que limitan a realización dos seus soños. O dramaturgo, ao igual que o novelista, ten que “évoquer les efforts des individus pour réaliser leurs rêves de bonheur, montrer les défaillances, les contradictions de leur nature, la détestable tyrannie qu’exerce sur eux une société hypocrite et criminelle.” (Gsell, 1907: 218). É o caso de Germaine Lechat que prefire a miseria á prisión dourada que lle impón o seu pai, testemuña dos crimes paternos. Ou Thérèse Courtin no *Foyer* que se debate entre os seus soños e as imposicións sociais que a rodean. Desde esta perspectiva, o teatro de Mirbeau pódese analizar como un prolongamento do seu compromiso literario.

- As personaxes teñen que expresarse na “langue de la vie courante” adaptada a “chaque situation” (Gsell, 1907: 219), con diálogos que respecten os silencios, os solecismos máis frecuentes e a espontaneidade.

Mirbeau foi capaz de facer un teatro que reconcilia a modernidade (pola súa lingua, as súas personaxes, as súas preocupacións sociais e o seu compromiso) e o clasicismo (polo seu enraizamento na tradición de Molière, na procura de tipos universais e polo seu interese por incluír os debates morais no centro dos conflitos dramáticos). Mais nin *Les Affaires sont les affaires* nin *Le Foyer*, as súas dúas obras mestras do autor, conseguiron unha ruptura completa co teatro do seu tempo. As maiores audacias teatrais de Mirbeau hai que buscalas en obras menos ambiciosas, como as súas *Farces et moralités*, destinadas a escenarios de menor envergadura caso do teatro do Grand Guignol. O seu obxectivo foi o de concienciar o espectador mostrándolle os homes e as institucións sociais tal e como son, non tal como o condicionaron a velas. E para iso bota man das súas dúas armas predilectas: o escarnio e a desmitificación.

## OCTAVE MIRBEAU (1848-1917)

Escritor francés, xornalista e crítico de arte, autor de novelas, pezas de teatro e contos, Octave Mirbeau exerceu unha grande influencia na vida social, política e artística do seu tempo. Caracterizado polo seu compromiso coa verdade e a xustiza, como novelista e autor de teatro adquiriu unha gran sona a nivel europeo que conseguiu seducir as vangardas artísticas e literarias.

Naceu en Trévières, Normandía, o 16 de febreiro de 1848, e morreu en París o 16 de febreiro de 1917. Tras un período xuvenil en Rémarlard (Perche), finalizou uns estudos mediocres no colexio xesuíta de Vannes –de onde foi expulsado aos quince anos–. Grazas ao líder bonapartista Dugué de la Fauconnerie, que o contrata como secretario particular e o introduce no xornal *L'Ordre de Paris*, Mirbeau afástase do estudo notarial a que estaba condenado a traballar por tradición familiar.

Tras a súa experiencia xornalística e política ao servizo dos bonapartistas e dun debut literario como “negro” (*L`Écuyère*, 1882; *La Belle Madame*, *Le Vassart*, 1884), Mirbeau mergúllase de cheo na literatura ao iniciar unha carreira literaria de seu, que combina a literatura e as loitas políticas onde priman os seus propios valores éticos e estéticos. As súas obras caracterízanse polo anticlericalismo, o pacifismo e un antimilitarismo exacerbados. Personaxe comprometido coas loitas do seu tempo que se adhire ao anarquismo e defende apaixonadamente a causa *dreyfusista*, Mirbeau encarna o personaxe comprometido cos asuntos públicos e afastado da rixidez de calquera partido político.

Crítico de arte e de literatura, foi chantre de Auguste Rodin, Claude Monet, Camille Pissarro, Paul Cézanne, Félix Vallotton e Pierre Bonnard, e a súa suspicacia artística condúceno a descubrir os/as artistas que se agochaban tras nomes daquela descoñecidos como Vicent Van Gogh, Camille Claudel, Aristide Maillol, Maurice Maeterlinck, Marguerite Audoux e Maurice Utrillo.

#### NOVELAS:

*Le Calvaire*, 1886

*L'Abbé Jules*, 1888

*Sébastien Roch*, 1890

*Dans le ciel*, 1893-1989

*Les Mémoires de mon ami*, 1899

*Le Jardin des supplices*, 1899

*Le Journal d'une femme de chambre*, 1900

*Les 21 jours d'un neurasthénique*, 1901

*La 628-E8*, 1907

*Dingo*, 1913

*Œuvre romanesque*, 2000-2001, 3 vols.

## TEATRO:

*Les Mauvais bergers*, 1897

*Les affaires sont les affaires*, 1903

*Farces et moralités*, 1904

*Le Foyer*, 1908

*Les Dialogues tristes*, 2005

## CONTOS:

*Lettres de ma chaumière*, 1885

*Contes de la chaumière*, 1894

*Dans l'antichambre*, 1905

*Contes cruels*, 2 volumes: 1990, 2000 e 2009

*Mémoire pour un avocat*, 2007

## OS MALOS PASTORES

En outubro de 1885, cando René Goblet, ministro da Instrución Pública, prohibe a representación dunha adaptación de *Germinal* feita por Busnach e Zola, Mirbeau acusa os políticos, a todos en xeral, de se conduciren como *malos pastores* cando se trata de asistir á representación de obras cunha problemática social:

La question ouvrière au théâtre, voilà le croquemitaine des ministres, qu'ils soient rouges, tricolores, gris perle ou blancs d'argent (...). Le théâtre est un endroit où l'on va pour s'amuser et non pour penser. Il vaut beaucoup mieux, pour la bonne humeur du peuple, qu'il entende des couplets idiots, où l'ordure se mêle agréablement au sentiment, que d'assister à un spectacle sévère, où se dressent farouchement les redoutables points d'interrogation de la société contemporaine. (Mirbeau, 1885c)

Esta primeira tentativa de levar á escena francesa “la question ouvrière” para mostrar o enfrontamento de clases e o masacre dos obreiros polas tropas gobernamentais non ten o éxito nin a acollida que se agardaba. Desde este punto de vista é de supor que Mirbeau, desde hai tempo interesado polo teatro, desexe rivalizar con Zola ao tratar o mesmo tema.

Escribe así *Os malos pastores*, drama en cinco actos en prosa que se representou por primeira vez o 14 de decembro de 1897 no teatro do Renacemento con Sarah Bernhardt e Lucien Guitry, os dous grandes actores de teatro da época, nos papeis dos dous protagonistas. En marzo de 1898 apareceu publicada na editorial Fasquelle.

Trátase dunha traxedia proletaria, a historia dunha folga obreira, organizada por un líder anarquista que se fai chamar Jean Roule. Este desexa que un dos obreiros máis vellos da fábrica, Louis Thieux, se subleve contra o patrón Hargand e participe na folga que está a punto de se declarar. A súa muller vén de morrer e xa antes perdera dous dos seus fillos: a un matárono as máquinas e ao outro levouno unha enfermidade respiratoria aos dezanove anos por mor do seu traballo na fábrica. Jean Roule aproveita esta nova desgraza para “enrolar” (<*rouler*, de aí o nome do revolucionario) e suscitar o odio deste vello escravo do traballo ao que vinte e sete anos de servidume aboliron a enerxía. Louis Thieux simboliza, de feito, a resignación desesperada da maioría obreira, o único obstáculo á transformación económica de mañá. Mais el só responde a Jean Roule: “Non é xusto, non é xusto!”. Jean Roule namorouse de Madeleine, a filla de Louis Thieux, e nesta noite de agonía, impresionado polo espectáculo de dor e de miseria desta casa, declara o seu amor casto e ideal a Madeleine que non tarda en caer rendida aos seus pés.

Jean Roule cóntalle o seu pasado, os seus soños de liberar os pobres, o seu desencanto, os seus fracasos... A indiferenza dos homes, a inutilidade dos seus esforzos por ensinarlles o camiño da felicidade foron máis destrutores que o cárcere e a fame. Chegou mesmo a pensar que non existe en ningures unha xustiza, mais grazas a Madeleine recupera a fe ao ver nos seus ollos non unha muller de

dezaoito anos, envellecida polo traballo, a fame e a desgraza, senón a humanidade enteira e un futuro para todos eles.

Mais non tarda en desencadearse a folga. Os folguistas chegan até o castelo do patrón Hargand cantando a *Carmañola*, no momento mesmo en que varios patróns da rexión, reunidos nun xantar na casa do seu amigo, están a defender como un lugar común os seus dereitos inmutábeis e incontestábeis sobre o obreiro. Malia varios intentos de reconciliación e de posta en marcha dun acordo, os folguistas tópanse de fociños coa intransixencia de Hargand e do goberno que envía as tropas para esmagar os insurxentes. No quinto acto trunfa a morte, que pecha a porta a calquera xerminación futura: Madeleine, a moza obreira, amante de Jean Roule, é asasinada ao seu carón polo que o neno que agardaban non verá endexamais a luz; canto a Robert, o fillo de Hargand, que rompeu co seu pai para simpatizar coa causa obreira e que tenta impedir o masacre, é tamén asasinado polas tropas gobernamentais.

*Les Cœurs lointains*, título inicial da obra do que estaba ausente o sentido de loita, foi substituído por *Les Mauvais bergers* que ten un significado moito máis restrinxido, aínda que tamén xusto. O patrón Hargand é un mal pastor porque, malia a bondade do seu corazón e os esforzos que acomete para mellorar a sorte do seu rabaño, non os saca da fame e da miseria en que viven. Mais Jean Roule tamén é un mal pastor porque, aínda coñecendo a mentalidade do proletario ao que define como «un muro infranqueábel», sabe tamén que cando o ventre está baleiro, «o corazón é covarde», e empuxa eses escravos ignorantes e mortos de fame á revolta e á morte. Por conseguinte, os «malos pastores» non son soamente os patróns inflexíbeis e os gobernos cómplices, senón tamén os deputados socialistas que manteñen ante o conflito unha actitude ambigua, e a *pasionaria* Madeleine que exhorta os folguistas a morreren con dignidade.

Lonxe de ser unha obra de propaganda, *Os malos pastores* xorde marcada por un pesimismo atroz que raia no nihilismo e que, a diferenza de *Germinal*, pecha todas as portas á esperanza: Mirbeau non pretende de ningún xeito fornecer unha solución á cuestión



social e rexeita calquera maniqueísmo. Malia se situar do lado dos obreiros e soste as súas reivindicacións –ante todo “o dereito á beleza” e á cultura reivindicado por Jean Roule–, Mirbeau négase a idealizalos (no acto IV, por exemplo, queren linchar a Jean Roule a quen o salva a elocvente intervención de Madeleine *in extremis*); tamén rexeita diabolizar os patróns: Hargand ten un lado humano que o distingue dos seus colegas e o seu fillo paga coa súa vida a defensa dos folguistas.

Mais Mirbeau nunca estivo satisfeito da súa obra e tería desexado suprimila da listaxe da súa produción literaria. A obra ten, de feito, varios treitos enfáticos, impostos por Sarah Bernhardt, que non teñen cabida no teatro burgués, onde os poderosos chegan ao teatro vestidos de etiqueta e con traxe de noite para se emocionaren ben gardados co espectáculo que ofrece o masacre dos obreiros. Despois desta obra, Mirbeau vaise comprometer cun teatro popular e asume que a emoción non é compatíbel coa reflexión. Decántase deste xeito polo xénero cómico para criticar co riso os costumes dos seus compatriotas e distanciar os espectadores para mellor conmovelos.

## BIBLIOGRAFÍA

- OUTELET, Nathalie (2008): “Le théâtre populaire de la «coopération des idées»”, *Cahiers Mirbeau*, 15: 139-149.
- DEL PRADO, Javier (coord.) (1994): *Historia de la Literatura Francesa* (Madrid: Cátedra).
- GSELL, Paul (1907): “Interview de Mirbeau”, *La Revue*, 15 mars: 218-220.
- HURET, Jules (1898): “Les Mauvais bergers. Pièce en cinq actes de M. Octave Mirbeau”, *Le Théâtre*.
- MICHEL, Pierre. “Préface: Octave Mirbeau et le Théâtre”, sitio da web Pierre Michel-Société Octave Mirbeau.
- MIRBEAU, Octave (1885a): “À propos de la censure”, *Le Gaulois*, 20 de xullo.

— (1885b): “Chronique parisienne”, *La France*, 23 de outubro.

— (1885c): “Chroniques parisiennes”, *La France*, 27 de outubro.

— (?) *Théâtre II* (París: Ernest Flammarion Éditeur).

RINCÉ, Dominique (coord.) (1988): *Histoire de la Littérature Française (XVIIIe-XIXe-XXe)* (París: Nathan, col. Henri Mitterand).

## SÍTIOS WEB OCTAVE MIRBEAU

Sítio da Société Mirbeau: [www.mirbeau.asso.fr/](http://www.mirbeau.asso.fr/)

Páxina inicial da Société Octave Mirbeau: [www.mirbeau.org/](http://www.mirbeau.org/); [www.mirbeau.org/publicat.html](http://www.mirbeau.org/publicat.html)

Diccionario Octave Mirbeau: [www.fabula.org/actualites/article36312.php](http://www.fabula.org/actualites/article36312.php)

Sítio das Éditions du Boucher (15 novelas na rede): [www.leboucher.com/pdf/mirbeau/](http://www.leboucher.com/pdf/mirbeau/)

Recensións Octave Mirbeau da Wikipedia: [fr.wikipedia.org/wiki/Octave\\_Mirbeau](http://fr.wikipedia.org/wiki/Octave_Mirbeau)

Obras e textos de Octave Mirbeau en Wikisource: [fr.wikisource.org/wiki/Travail-\(Mirbeau\)](http://fr.wikisource.org/wiki/Travail-(Mirbeau))

Citacións de Octave Mirbeau en Wikiquote: [fr.wikiquote.org/wiki/Octave-Mirbeau](http://fr.wikiquote.org/wiki/Octave-Mirbeau)

# LES MAUVAIS BERGERS

PIÈCE EN CINQ ACTES



# OS MALOS PASTORES

OBRA DE TEATRO EN CINCO ACTOS

Edición e tradución de  
María Luis Gamallo

# LES MAUVAIS BERGERS

## PIÈCE EN CINQ ACTES

*Représentée à Paris, sur le théâtre de la  
Renaissance, le 14 décembre 1897*

# OS MALOS PASTORES

OBRA DE TEATRO EN CINCO ACTOS

Representouse por primeira vez en París no Teatro  
do Renacemento, o 14 de decembro de 1897

A

*Madame Sarah Bernhardt*

*Hommage de reconnaissance et d'admiration*

*Para a  
Señora Sarah Bernhardt  
Homenaxe de recoñecemento e de admiración*

## PERSONNAGES

Madeleine .....	Mme Sarah Bernhardt
Jean Roule .....	Mm. Lucien Guitry
Hargand .....	Deval
Capron .....	Laroche
Robert Hargand .....	Deneubourg
Duhormel .....	Angelo
De La Troude .....	Chameroy
Louis Thieux .....	Teste
Philippe Hurteaux .....	Colas
Un Curieux .....	Lacroix
Maigret .....	Ripert
Zephirin Bourru .....	Jean Dara
Premier Porteur .....	Jahan
Deuxième Porteur .....	Berthaud
François Gouge .....	Jourda
Jules Pacot .....	Monthallier
Pierre Anseaume .....	Cauroy
Joseph Bordes .....	Guiraud
Un Domestique .....	Stebler
Pierre Peinard .....	Magnin
La Mère Cathiard .....	Mmes Marie Grandet
Geneviève .....	Madeleine Dolly
Marianne Renaud .....	Dione
Une Femme De Chambre .....	A. Redzé
Grévistes, Femmes Du Peuple, Etc.	

De Nos Jours, Dans Une Ville Industrielle.



## ELENCO

Madeleine .....	Sarah Bernhardt
Jean Roule.....	Lucien Guitry
Hargand .....	Deval
Capron .....	Laroche
Robert Hargand.....	Deneubourg
Duhormel .....	Angelo
De La Troude .....	Chameroy
Louis Thieux .....	Teste
Philippe Hurteaux.....	Colas
Un Curioso .....	Lacroix
Maigret.....	Ripert
Zéphirin BourRu .....	Jean Dara
Padioleiro Primeiro.....	Jahan
Padioleiro Segundo.....	Berthaud
François Gouge.....	Jourda
Jules Pacot.....	Monthallier
Pierre Anseaume .....	Cauroy
Joseph Bordes .....	Guiraud
Un Criado.....	Stebler
Pierre Peinard .....	Magnin
A Tía Cathiard.....	Marie Grandet
Geneviève .....	Madeleine DOLLY
Marianne Renaud .....	Dione
Unha Doncela .....	A. Redzé
Folguistas, Mulleres Da Vila Etc.	

Na actualidade, nunha cidade industrial.

## ACTE PREMIER

*Un intérieur d'ouvrier dans une cité ouvrière. Porte au fond, entre deux larges fenêtres, par où l'on aperçoit vaguement l'usine, ses cheminées, ses lourds bâtiments, toute une ville noire, violente et sinistre... A droite, contre la cloison, deux lits d'enfant, et par terre un matelas. A gauche, porte donnant sur une autre chambre. Sur le milieu de la scène, près d'un petit fourneau, dont le tuyau coudé se perd dans le mur, une table chargée de linges à coudre... Çà et là, buffet, chaises dépaillées, mobilier pauvre.*

## SCÈNE PREMIÈRE

MADELEINE, LES ENFANTS, couchés.

*Au lever du rideau, Madeleine a fini de coucher les enfants. En chantonant tout bas, elle les embrasse dans leurs berceaux.*

MADELEINE — C'est ça... soyez gentils, mes mignons... dormez... *(Elle reste un instant penchée au-dessus des lits... Une bouillotte chauffe sur le fourneau... La porte du fond est ouverte sur la cité... On voit l'usine, au loin, qui, sous un ciel lourd de fumées, s'allume peu à peu, dans le jour qui tombe... Des ouvriers passent dans la ruelle, pesants, courbés... Un des enfants se met à crier...)* Paul, mon chéri, tais-toi... dors... L'enfant se tait... Alors Madeleine va s'asseoir auprès du fourneau, devant la table, allume la lampe et se met à coudre... Un ouvrier passe en chantant... Le chant décroît et se perd tout à fait... Profond silence... Entre la mère Cathiard, vieille, décharnée, un pot à la main.

## ACTO I

*A acción transcorre nunha casa obreira dunha cidade tamén obreira. Ao fondo, hai unha porta entre dúas grandes fiestras, a través das cales se albisca con dificultade a fábrica, as súas chemineas, os seus edificios compactos, unha cidade enteira moi negra, violenta e sinistra. Á dereita, contra unha parede, atópanse dous berces e no chan, un colchón. Á esquerda, unha porta que dá a outro cuarto. No medio do escenario, preto dun forno pequeno, cuxo tubo dobrado se perde na parede, hai unha táboa chea de sabas para coser. Esparexidos polo escenario, unha lacena, cadeiras sen palla, móbeis pobres.*

## ESCENA I

MADELEINE, OS NENOS deitados

*Cando se ergue o pano, Madeleine xa rematou de deitar os cativos. Cantaruxando baixiño, bícaos nos seus berces.*

MADELEINE — Así, portádevos ben, meus nenos, durmide. (*Fica un intre inclinada sobre os berces. Un fervedoiro quece enriba do forno. A porta do fondo está aberta sobre a cidade. Vese a fábrica ao lonxe e baixo un ceo cargado de fumes, ilumínase ao solpor. Uns obreiros pasan polo canellón cansos, amoucados. Un dos rapaces ponse a berrar.*) Paul, meu neno, cala, durme. O neno cala. Madeleine senta preto do forno, diante da mesa, prende a lámpada e ponse a coser. Un obreiro pasa cantando. A cantiga vai mingando ata perderse por completo. Imponse o silencio. Entra a tía Cathiard, vella e mirrada, cunha cunca na man.

## SCÈNE II

MADELEINE, LA MÈRE CATHIARD

LA MÈRE CATHIARD — Vous n'auriez pas un peu de bouillon à me prêter, Madeleine ?

MADELEINE — Si, mère Cathiard... On nous en a envoyé, ce matin, du château.

LA MÈRE CATHIARD — C'est pour mon garçon... Il est rentré, tout à l'heure, avec une fièvre... une fièvre !... Pourvu qu'il ne tombe pas malade, lui aussi, mon Dieu !...

MADELEINE — Mais non, mère Cathiard... Vous savez bien qu'on a toujours la fièvre ici... et qu'on ne peut pas manger... (*Elle se lève, prend le pot qu'elle remplit à demi.*) Voilà tout ce que je puis vous donner...

LA MÈRE CATHIARD — Merci, Madeleine... (*Désignant la porte à gauche.*) Et votre maman?...

MADELEINE — Elle est plus mal... Oh ! bien plus mal !...

LA MÈRE CATHIARD — Ainsi !... Voyez-vous ça ?... Une femme si forte !... Je lui disais bien, moi, qu'elle se tuait à force de passer toutes ses nuits à coudre...

MADELEINE — Sans doute... Mais qu'est-ce que vous voulez... il le fallait bien...

LA MÈRE CATHIARD — Et vous aussi, Madeleine... faites attention... Vous êtes toute pâlotte, depuis quelque temps... vous avez une toute petite figure de rien du tout... Ça n'est pas bon, à votre âge... ça n'est pas bon...

MADELEINE — Il faut bien que l'ouvrage se fasse, mère Cathiard... il faut bien qu'on gagne sa vie... Je suis plus forte qu'on le croit...

## ESCENA II

MADELEINE, A TÍA CATHIARD

A TÍA CATHIARD — Non tería vostede un pouco de caldo que deixarme, Madeleine?

MADELEINE — Por suposto, tía Cathiard. Mandáronnolo esta mañá do castelo.

A TÍA CATHIARD — É para o meu rapaz. Hai un intre que volveu con quentura. Vaites coa quentura! Oxalá non enferme tamén el, meu Deus!

MADELEINE — Descoide, tía Cathiard. Ben sabe vostede que a quentura anda sempre por aquí e que non hai que comer. (*Érguese, colle a cunca e énchea pola metade.*) Velaí todo o que lle podó dar.

A TÍA CATHIARD — Beizóns Madeleine. (*Acena cara á porta á esquerda.*) E a súa nai?

MADELEINE — Empeorou. Vaia se empeorou!

A TÍA CATHIARD — Vaites! Como pode ser? Unha muller tan forte! Moito lle dicía eu que se mataba a coser toda a noite.

MADELEINE — Ten razón. Mais, que quere que lle diga, non había outro remedio.

A TÍA CATHIARD — E vostede tamén, Madeleine, cóidese. Véxoa esbrancuxada desde hai tempo, ten moi mala cara. Non é bo aos seus anos, nada bo.

MADELEINE — Alguén ten que facer o traballo, tía Cathiard. Hai que gañar a vida. Son máis forte do que parece.

LA MÈRE CATHIARD, *s'asseyant près de Madeleine, son pot de bouillon entre ses jupes* — On dit ça... Eh bien (*Un temps*), vous savez la nouvelle ? Renaud, Thorel et Lourdier ont été renvoyés ce matin... Encore un coup de cette canaille de Maigret, bien sûr...

MADELEINE — C'étaient pourtant de bons ouvriers...

LA MÈRE CATHIARD — Oui, mais... (*Regardant autour d'elle avec méfiance, et d'une voix plus basse.*) paraît aussi que dimanche, ils s'étaient vantés d'avoir voté contre le patron... Ils avaient un petit verre de trop, comprenez ?... Ici... on devrait toujours garder sa langue dans sa poche... On raconte quelque chose... comme ça... sans méchanceté... et puis, une heure après... c'est rapporté à Maigret... et le compte est bon... Et la Renaud qu'est encore enceinte... Son septième, ma petite... Faut-il aussi qu'elle soit enragée!... Moi, je ne crois pas que le patron sache tout ce qui se passe ici... C'est un homme dur, M. Hargand... mais c'est un homme juste... Et Maigret ne le fait pas aimer...

MADELEINE — Non... non... Bien sûr.

LA MÈRE CATHIARD — Depuis la mort de la patronne, tout va de mal en pis... pour tout le monde, ici... Ah ! nous avons perdu gros... Ça !... Et c'est pas cette petite pimbêche de Geneviève qui la remplacera jamais...

MADELEINE — C'est vrai... Mme Hargand était bonne...

LA MÈRE CATHIARD — Une sainte, quoi!... (*Un temps.*)... Dites donc, Madeleine... je suis allée au château, ce midi...

MADELEINE — Ah!...

LA MÈRE CATHIARD — Oui... Ça ne vous fait pas de peine au moins?...

MADELEINE — Pourquoi voulez-vous que cela me fasse de la peine?

LA MÈRE CATHIARD — Parce que si cela vous faisait de la peine?...

A TÍA CATHIARD, *sentada preto de Madeleine coa súa cunca de caldo entre a saia* — Iso din. Por certo (*Agarda un intre*), coñece vostede a nova? Despediron a Renaud, Thorel e Lourdier esta mañá. Outra manobra máis dese desalmado de Maigret.

MADELEINE — E iso que eran bos obreiros.

A TÍA CATHIARD — Si, mais... (*Olla ao seu redor con receo e baixa a voz*) tamén din que o domingo se oufanaron de ter votado contra o patrón. Tiñan un vaso de máis, sabe? Aquí, un tería que trabar sempre a lingua. Un conta algo, sen pensalo, sen malicia, e despois, ao cabo dunha hora, xa o sabe Maigret e xa se enredou o nobelo. E a muller de Renaud que volve estar preñada. O sétimo, miña filla, xa hai que pórllle empeño! Eu non penso que o patrón saiba todo o que acontece por aquí. O señor Hargand é un home duro, mais é un home xusto. E Maigret fai todo o posíbel para que o aborrezan.

MADELEINE — Abofé que si.

A TÍA CATHIARD — Todo vai de mal en peor para todos desde a morte da patroa. Perdemos moito. Así como llo conto! E non vai ser esa fachendosa de Geneviève a que a substitúa algún día.

MADELEINE — É certo. A señora Hargand era moi boa persoa.

A TÍA CATHIARD — Unha santa, vaia! (*Agarda un intre*) Oia, Madeleine... este mediodía pasei polo castelo.

MADELEINE — E iso?

A TÍA CATHIARD — Non se amouchará?

MADELEINE — E por que me tería que amouchar?

A TÍA CATHIARD — E que se iso a amouchase...

MADELEINE — Mais non...

LA MÈRE CATHIARD — Parce que c'est moi, maintenant, qui pose pour Mlle Geneviève... comme votre maman. Elle me met sur la tête quelque chose de rouge... et puis un tablier avec des rayures bleues sur les genoux... et puis un fichu jaune autour du cou... et puis un panier plein d'oranges à mes pieds... En voilà des inventions !... Et si vous voyiez ce grand atelier?... Ah bien, il y en a des affaires, là-dedans... et des glaces, et des buffets... et des tapis et de tout... Et ce qu'elle m'a dit?... Elle m'a dit que j'étais plus belle que votre maman... que j'avais – comment est-ce qu'elle m'a arrangé ça? – que j'avais une figure en ivoire ancien... Ainsi... vous croyez?... Elle m'a donné deux francs... C'est-y ce qu'elle donnait à votre maman?...

MADELEINE — Oui, mère Cathiard.

LA MÈRE CATHIARD — Ça n'est pas mauvais, ça n'est pas mauvais. Ça aide un peu, quoi! (*Elle se lève.*) Ah! vous savez... M. Robert est arrivé de Paris, ce matin... Faut croire qu'il est remis avec son père. Il y avait longtemps qu'il était venu ici...

MADELEINE — Pas depuis quatre ans... je crois.

LA MÈRE CATHIARD — Pas depuis la mort de Mme Hargand... Un beau gars, ma petite... et doux, gentil, aimable... le portrait de sa mère... On dit qu'il est pour les anarchistes maintenant, et que s'il avait l'usine... eh bien, il la donnerait aux ouvriers... C'est-y vrai, ça?

MADELEINE — On dit bien des choses.

LA MÈRE CATHIARD — Pour sûr... N'empêche que M. Robert est un homme juste... qu'il ne fait pas des embarras... et qu'il aime l'ouvrier... Allons... faut que je m'en aille... (*Montrant le pot de bouillon.*) Je vous le rendrai demain... Bonsoir, Madeleine, et meilleure santé chez vous...

MADELEINE — Merci, mère Cathiard...



MADELEINE — Nada diso.

A TÍA CATHIARD — E que agora son eu a que posa para a señorita Geneviève, como facía a súa nai. Ponme algo roxo na cabeza e despois un mandil con raias azuis por riba dos xeonllos... e despois un pano amarelo no pescozo... e despois unha cesta chea de laranxas diante dos pés... O que inventa! E se vise vostede ese inmenso obradoiro! E o que ten metido alí dentro... que se espellos, que se aparadores... e alfombras, de todo... E sabe o que me dixo? Díxome que era máis fermosa ca a súa nai, que tiña —de que xeito mo dixo...?—, que tiña unha face de almafí envellecido. Tal como llo conto, que lle parece? Deume dous francos. É o que lle daba á súa nai, non si?

MADELEINE — Iso é, tía Cathiard.

A TÍA CATHIARD — Non está mal, non está nada mal. Axuda un pouco, vaia! (*Érguese.*) E sabe outra cousa, o señor Robert chegou de París esta mañá. Vai ser que se conciliou co seu pai. Xa hai tempo que non viña por aquí.

MADELEINE — Catro anos, penso.

A TÍA CATHIARD — Desque finou a señora Hargand. Que bo mozo, filliña. É agarimoso, afábel, cordial, o vivo retrato da súa nai. Din que agora anda cos anarquistas e que se a fábrica fose súa... pois, que llela daría aos obreiros. Pode crer iso?

MADELEINE — Din tantas cousas...

A TÍA CATHIARD — Ten razón. Iso non significa que o señor Robert sexa un home xusto, que non cree problemas e que queira os seus obreiros. Ben, teño que marchar. (*Sinalando á cunca do caldo.*) Devolvereilla mañá. Boas noites, Madeleine, e que os seus se melloren.

MADELEINE — Beizóns, tía Cathiard.

LA MÈRE CATHIARD — Et si vous avez besoin de moi, cette nuit...  
vous savez... ne vous gênez pas...

MADELEINE — Oui... oui... Bonsoir !...

LA MÈRE CATHIARD — Bonsoir !...

*Sort la mère Cathiard... Le jour, au dehors, baisse de plus en plus... Des ouvriers, silhouettes rapides, se hâtent dans la ruelle... L'usine flambe dans le ciel plus noir... On entend son halètement... Madeleine est penchée sur son ouvrage... Entre Jean Roule.*

### SCÈNE III

JEAN ROULE, MADELEINE

JEAN — Bonsoir, les petits.

MADELEINE — Bonsoir, monsieur Jean.

JEAN — Le père est parti déjà pour l'usine?

MADELEINE — Oh non, monsieur Jean, le père n'ira pas, ce soir, à l'usine... (*Elle montre la porte de gauche.*) Il est avec maman...

JEAN — Eh bien?...

MADELEINE — Il n'y a plus d'espoir...

JEAN — Le médecin est venu?...

MADELEINE — Il est venu tout à l'heure... (*Un silence.*) Et il ne reviendra plus... (*Un silence.*) Est-ce qu'on n'a pas appelé?

A TÍA CATHIARD — E se precisa de min esta noite, xa sabe, non dubide en me chamar.

MADELEINE — Si, descoide. Boa noite.

A TÍA CATHIARD — Boa noite.

*Sae a tía Cathiard. Fóra o día vai esmorecendo. Como siluetas rápidas, uns obreiros camiñan de présa polo canellón. A fábrica refulxe no ceo ennegrecido. Séntese o seu arquexo. Madeleine está concentrada no seu traballo. Entra Jean Roule.*

### ESCENA III

JEAN ROULE, MADELEINE

JEAN ROULE — Boa noite, nenos.

MADELEINE — Boa noite, señor Jean.

JEAN ROULE — Xa marchou o seu pai para a fábrica?

MADELEINE — Non, señor Jean, esta noite o pai non irá á fábrica.  
(*Sinala a porta que está a esquerda.*) Está coa nai.

JEAN ROULE — E como vai?

MADELEINE — Non hai nada que lle facer.

JEAN ROULE — Veu o médico?

MADELEINE — Veu hai un pouco. (*Silencio.*) E xa non volverá máis... (*Silencio.*) Non chamaron?

JEAN — Non... (*Avec un geste vers le dehors.*) Quelqu'un qui chante là-bas... ou qui pleure...

MADELEINE, *écoutant* — C'est vrai... Ce n'est pas ici... (*Elle se lève néanmoins, va vers la porte de la chambre, l'ouvre doucement et regarde. Revenant vers la table.*) La mère semble reposer... le père s'est endormi... (*Se rasseyant et reprenant son ouvrage.*) Il est si fatigué!... Voilà deux nuits qu'il passe auprès d'elle... Et ce n'est que d'aujourd'hui qu'il ne travaille plus à l'usine...

JEAN — Vous aussi, Madeleine, vous êtes bien fatiguée... Vous devriez vous coucher un peu... du moins, vous étendre quelques heures, sur ce matelas...

MADELEINE — Il y a trop d'ouvrage en retard... et puis, il faut que j'aïlle et que je vienne... Quand maman a besoin de quelque chose, le père est comme un enfant, il ne sait rien trouver... Pauvre père!

JEAN, *marchant dans la pièce* — Pauvre Clémence!... (*Un silence.*) Tant qu'elle a pu se tenir debout, elle allait... elle allait... Et le jour qu'elle s'est arrêtée, c'est qu'elle était déjà morte... (*Il s'assied dans un coin.*) Quel âge a-t-elle?

MADELEINE — Quarante-quatre ans...

JEAN, *avec un geste de découragement* — Quarante-quatre ans ! (*Un silence.*) Avec sa pauvre vieille face toute ridée et toute grise, elle en paraissait soixante-dix... Quarante-quatre ans!... (*Un silence.*) Ici, il y en a beaucoup qui n'arrivent même pas jusqu'à cet âge... On ne respire ici que de la mort... (*On entend les sifflets et les bruits sourds de l'usine.*) C'était pourtant une femme robuste et vaillante... Elle avait bien de la vie...

MADELEINE — Elle avait bien du mal...

JEAN — C'est la même chose...

JEAN ROULE — Non. (*Fai un xesto cara ao exterior.*) É alguén que canta fóra... ou que chora.

MADELEINE, *tende a orela* — Ten razón. Non é aquí. (*Aínda así, érguese e diríxese cara á porta do cuarto. Ábrea con coidado e mira. Volve á mesa.*) Parece que a nai acougou, o pai durmiu. (*Senta de novo e volve ao seu traballo.*) Está tan canso. Leva dúas noites ao seu carón e ata hoxe ademais ía traballar á fábrica.

JEAN ROULE — Madeleine, vostede tamén parece moi cansa. Tería que se deitar un pouco, tombarse nese colchón aínda que fose un par de horas.

MADELEINE — Teño moito traballo atrasado e ademais non paro de aquí para alá. Cando mamá precisa algo, o pai é coma un neno, non atopa nada. Pobre pai!

JEAN ROULE, *vai e vén polo cuarto* — Pobre Clémence! (*Silencio.*) Mentres puido manterse de pé non paraba e o día que parou, xa estaba morta. (*Senta nun recuncho.*) Cantos anos ten?

MADELEINE — Corenta e catro.

JEAN ROULE, *facendo un xesto de desalento* — Corenta e catro! (*Silencio.*) Coa súa pobre e vella cara engurrada e gris, aparentaba setenta. Corenta e catro! (*Silencio.*) Aquí hai moitos que nin chegan a esa idade. Aquí só se respira morte. (*Escóitanse os asubíos e os rúidos xordos da fábrica.*) E iso que era unha muller forte e valente. Estaba chea de vida.

MADELEINE — Ben que lle custaba.

JEAN ROULE — É o mesmo.

MADELEINE — Elle en a tant vu de toutes les manières... Pierre tué par les machines, un enfant si fort, si courageux... Joseph mort de la poitrine à dix-neuf ans... Ça avait été le dernier coup, pour elle...

JEAN — Oui !... oui!...

MADELEINE — Quel malheur que vous ne les ayez pas connus, monsieur Jean !

JEAN — Oui, oui!... (*Un silence.*) Elle avait été jolie, autrefois, votre mère ?

MADELEINE — Je ne sais pas... Je l'ai toujours connue comme elle est aujourd'hui... comme elle était, il y a un an, quand vous l'avez vue pour la première fois... car c'est à peine si l'âge et la maladie l'ont changée...

JEAN — Elle ne m'aimait pas?...

MADELEINE — Elle vous trouvait l'air trop sombre... elle avait un peu peur de vous...

JEAN — Et vous, Madeleine?

MADELEINE — Oh! moi, je n'ai pas peur de vous, monsieur Jean...

JEAN — Ne m'appellez pas « Monsieur Jean »... Pourquoi m'appellez-vous « Monsieur Jean ? »

MADELEINE — Je ne sais pas... c'est plus fort que moi... parce que vous n'êtes pas comme les autres... parce que vous êtes plus que les autres... Je ne vous comprends pas bien toujours... et vos paroles m'échappent quelquefois... mais je sens qu'elles sont belles... qu'elles sont justes... Maman était trop vieille... maman était trop lasse... pour sentir cela... comme moi...

JEAN — Je ne suis rien de plus que les autres, Madeleine... je suis comme les autres... un pauvre diable comme les autres... Et j'ai bien de la tristesse... parce que j'ai vu trop de pays, trop de misères... Et je n'ai pas toujours la force et le courage que je voudrais avoir... Pourtant j'ai bien de la haine... là...

MADELEINE — Pasou tantas calamidades... A Pierre matárono as máquinas, un mozo tan forte, tan valente. Joseph morreu dunha dor no peito con dezanove anos. Iso acabou con ela.

JEAN ROULE — Xa o creo!

MADELEINE — Que mágoa que vostede non os coñecera, señor Jean!

JEAN ROULE — Si, si!... (*Silencio.*) Outrora foi fermosa a súa nai?

MADELEINE — Non sei. Sempre a coñecín tal e como está hoxe, como estaba hai un ano, cando vostede a viu por primeira vez. A idade e a enfermidade pouco a cambiaron.

JEAN ROULE — Non me apreciaba? Non era do seu agrado?

MADELEINE — Atopábao un pouco tétrico, tíñalle un pouco de medo.

JEAN ROULE — E vostede, Madeleine?

MADELEINE — Eu non lle teño medo, señor Jean.

JEAN ROULE — Non me trate de “señor”... Por que me di “señor Jean”?

MADELEINE — Non sei... non o podo evitar, porque vostede non é coma os outros... porque é máis ca os outros. Non sempre o entendo, ás veces escápaseme o sentido das súas palabras... mais sinto que son fermosas, que son xustas. Mamá era demasiado vella, mamá estaba demasiado cansa para sentilo coma min.

JEAN ROULE — Non son máis ca os outros, Madeleine, son coma os outros, un pobre home coma os outros. E sinto moita tristura porque vin moito mundo, moita miseria. E non sempre teño a forza nin o valor que quixera ter. Así e todo sinto moita carraxe aquí dentro.

MADELEINE — Je ne sais pas si vous avez de la haine... Vous êtes si bon pour mon père... si doux pour les petits et pour moi...

JEAN — C'est vrai... Je vous aime bien... tous... Et je voudrais que vous fussiez heureux !...

MADELEINE — Personne n'est heureux ici, mons... (*Se reprenant sur un signe de Jean.*) Jean...

JEAN — Personne n'est heureux nulle part... (*Il se lève et marche dans la pièce comme pour échapper à l'émotion qui le gagne.*) Alors, c'est vous qui allez devenir, maintenant, la maman de ce petit monde-là ?... (*Il montre les enfants endormis.*) Vous êtes bien jeune pour un si lourd devoir... et le père commence à être bien vieux... C'est effrayant, ce qu'il a vieilli, depuis quelques mois... (*Madeleine ne répond pas et se met à pleurer.*) Pourquoi pleurez-vous ?...

MADELEINE, *essayant de se retenir de pleurer* — C'est la fatigue, peut-être... c'est maman... c'est vous aussi, Jean... Depuis que vous êtes entré, j'ai envie de pleurer... (*Eclatant tout d'un coup.*) Et puis, je ne peux pas... je ne pourrai jamais... je n'ai pas la force... Jean... Jean... jamais je ne pourrai souffrir ce qu'a souffert maman... Et je ne veux pas... J'aimerais mieux mourir...

JEAN, *il lui prend les mains, les caresse* — Ma pauvre Madeleine !... (*Madeleine se calme un peu.*) Pleurez... vos nerfs ont besoin de ces larmes...

MADELEINE — Excusez-moi... pardonnez-moi... C'est fini...

*Elle se lève, ranime le feu du fourneau où chauffe la bouillotte, essuie ses yeux, et se remet à coudre. Jean va vers la porte ouverte. La nuit est venue tout à fait. L'usine crache des flammes. On entend les coups des marteaux-pilons. Dans la ruelle, des ouvriers passent, s'arrêtent, colloquent à voix basse et s'en vont. Le père, Louis Thieux, sort de la chambre de la malade.*



MADELEINE — Non sei se vostede ten carraxe. Vostede é tan bo para meu pai e agarimoso cos nenos e comigo.

JEAN ROULE — É certo. Quéroa moito, quéroos moito a todos. E gustaríame que fosen felices!

MADELEINE — Ninguén é feliz aquí, señ... (*Rectifica tras un sinal de Jean.*) Jean.

JEAN ROULE — Ninguén é feliz en ningures. (*Érguese e camiña polo cuarto como se quixese fuxir da emoción que o invade.*) Daquela a partir de agora será vostede a mamá de toda esta xente? (*Sinala os nenos durmidos.*) Vostede é moi nova para tanta responsabilidade e o pai xa se fai vello. Arrepíame ver o que leva envellecido dende hai algúns meses. (*Madeleine non responde e rompe a chorar.*) Por que chora?

MADELEINE, *trata de reter o pranto* — Se cadra é o cansazo e por mamá..., é por vostede tamén, Jean. Desque vostede chegou, teño ganas de chorar. (*Sen poder conterse prorrompe en saloucos.*) E ademais non podo, xamais poderei aturar o que aturou mamá. E non quero, prefiro morrer.

JEAN, *cóllelle as mans e acaríñallas* — Coitada, Madeleine! (*Madeleine acouga un pouco.*) Chore, os seus nervios precisan destas bágoas.

MADELEINE — Síntoo, desculpe... Xa está.

*Érguese, atízalle ao lume do forno onde quece o fervedoiro, enxuga os ollos e ponse a coser. Jean diríxese cara á porta aberta. É noite pecha. A fábrica cuspe chamas. Escóitanse os golpes dos martelos pilóns. Polo canellón pasan uns obreiros, detéñense, falan en voz baixa e vanse. Louis Thieux, o pai, sae do cuarto da doente.*

## SCÈNE IV

LES MEMES, LOUIS THIEUX

LOUIS THIEUX — Madeleine... la mère a besoin de toi... (Apercevant Jean.) Ah ! c'est toi?

JEAN — Eh bien?...

LOUIS THIEUX, *secouant la tête* — Le malheur ne peut pas sortir d'ici... (*Madeleine se dirige vers la chambre.*) Ça n'est pas juste...

MADELEINE — J'ai couché les petits... Ils tombaient de sommeil.

LOUIS THIEUX — Tu as bien fait... La mère ne les appellera pas... Elle n'a plus la tête à ça... elle n'a plus la tête à rien... (*A Jean.*) Elle me reconnaît bien encore... mais je n'entends plus ce qu'elle dit...

*Madeleine sort*

## SCÈNE V

LES MEMES, moins MADELEINE

LOUIS THIEUX — Elle ne passera pas la nuit... Et je m'étais endormi là, comme une bête... Je ne pouvais pas me figurer que cela arriverait... Qu'est-ce que je vais devenir maintenant, sans elle?... (*Jean marche dans la pièce, grave et songeur. Il referme la porte et vient s'asseoir près du fourneau. Louis Thieux regarde les enfants.*) Et qu'est-ce que tout ça va devenir, mon Dieu ?

## ESCENA IV

OS MESMOS, LOUIS THIEUX

LOUIS THIEUX — Madeleine, a túa nai necesítate (*Ve a Jean.*)  
Ah!, es ti?

JEAN — Como vai?

LOUIS THIEUX, *abanea a cabeza* — A desgraza non pode saír de  
aquí. (*Madeleine diríxese ao cuarto.*) Non é xusto...

MADELEINE — Deitei os cativos. Caían co sono.

LOUIS THIEUX — Fixeches ben. A nai non preguntará por eles.  
Xa perdeu o sentido para iso, xa perdeu o sentido para  
todo. (*A Jean.*) Aínda me recoñece, mais xa non entendo  
o que di...

*Sae Madeleine.*

## ESCENA V

OS MESMOS, agás MADELEINE

LOUIS THIEUX — Non pasará a noite. Quedei durmido alí dentro  
coma unha besta. Non podía imaxinar que isto ía pasar...  
Que vai ser de min agora sen ela? (*Jean camiña polo cuarto,  
serio e ensimesmado. Pecha a porta e vai sentar preto do  
forno. Louis Thieux olla para os nenos.*) E que vai ser deles?  
Meu Deus!

JEAN — Ça va devenir de la misère et de la douleur, un peu plus.

LOUIS THIEUX — Ça n'est pas juste...

JEAN — Et ça s'en ira comme s'en sont allés tes deux aînés...

LOUIS THIEUX — Ça n'est pas juste... ça n'est pas juste...

JEAN — Qu'est-ce qui n'est pas juste?

LOUIS THIEUX — Je n'ai jamais fait de tort à personne... j'ai toujours été un bon ouvrier.

JEAN — Eh bien ?

LOUIS THIEUX — Eh bien, je dis que ça n'est pas juste...

JEAN — Mais si, c'est juste... Puisque tu le veux... puisque tu t'obstines à le vouloir...

LOUIS THIEUX — Non... non... tais-toi... ne parle pas de ça, en ce moment... Je suis trop malheureux...

JEAN — Alors... j'attendrai... J'attendrai que tu sois heureux... j'attendrai que tu sois mort... que Madeleine soit morte... que tous ici soient morts... Ça ne sera pas long... (*Un silence.*) Mais, tu ne vois donc rien autour de toi ?... Tu n'as donc jamais regardé le teint flétri de ta fille, et sa démarche de vieille femme fatiguée, à dix-huit ans?... et les joues creuses... et les bouches pâles... et les pauvres petites mains maigres de ceux-là?...

LOUIS THIEUX — Ne parle pas de ça... (*Il tire du buffet un morceau de pain qu'il essaie de manger.*) Je n'ai pas faim... je n'ai pourtant rien mangé depuis hier... je n'ai pas eu le temps... Et ce soir, ça ne passe pas... ça reste là... (*Il remet le pain dans le buffet, avale une gorgée d'eau et s'assied aussi, dans un coin... Long silence.*) Et toi, tu ne vas pas à l'usine, ce soir?

JEAN — Ma foi non... Ah! ma foi non... (*Il vient près de Louis Thieux et lui frappe sur l'épaule.*) Tu vas avoir un surcroît de dé-

JEAN — Só lles queda a miseria e a dor, aínda máis da que xa teñen.

LOUIS THIEUX — Non é xusto...

JEAN — E iranse como se foron os teus dous fillos máis vellos.

LOUIS THIEUX — Non é xusto, non é xusto.

JEAN — Que é o que non é xusto?

LOUIS THIEUX — Eu nunca fixen mal a ninguén... sempre fun un bo obreiro.

JEAN — Daquela...?

LOUIS THIEUX — Daquela, só digo que non é xusto.

JEAN — Mais si que é xusto. Xa que así queres que sexa, teimas en querer que así sexa.

LOUIS THIEUX — Non... non... cala, non me fales diso agora. Son moi malpocado...

JEAN — Entón, agardarei. Agardarei a que sexas feliz, agardarei a que morras, a que Madeleine morra, a que todos morran. Non terei que agardar moito. (*Silencio.*) Mais, non ves nada ao teu redor? Nunca reparaches na cute murcha da túa filla e no seu andar de vella cansa malia os seus dezaioito anos? E nas meixelas afundidas, nas bocas esbrancuxadas e nas manciñas osudas dos teus fillos?

LOUIS THIEUX — Non me fales diso. (*Saca da lacena un anaco de pan e tenta comelo.*) Non teño fame... e iso que non comín dende onte, non tiven tempo. E esta noite non me entra. Quédame aquí, atravesado na gorxa. (*Volve a pór o pan na lacena, bebe un grolo de auga e senta outra vez nun recuncho. Faise un longo silencio.*) E ti, non vas á fábrica esta noite?

JEAN — Non, hoxe si que non. (*Achégase a Louis Thieux e dálle unha palmadiña no ombreiro.*) Vas ter moitos gastos e xa non che

penses... et il ne doit plus te rester d'argent?... Prends ceci... (*Il lui remet quelques pièces d'argent.*)

LOUIS THIEUX — Je t'en dois tant déjà...

JEAN — C'est de l'argent gagné ensemble... il t'appartient... (*Louis remercie silencieusement, et reprend son attitude abattue... Jean va et vient dans la pièce... On frappe à la porte.*)... On a frappé à la porte... Tu n'entends pas?...

*On frappe de nouveau.*

LOUIS THIEUX — Entrez!...

*Entrent Robert et Geneviève... Geneviève porte un panier... Toilette simple.*

## SCÈNE VI

GENEVIÈVE, ROBERT, JEAN, LOUIS THIEUX

LOUIS THIEUX — Ah! mademoiselle Geneviève... Monsieur Robert!... Vous êtes donc ici, monsieur Robert?... Comme il y a longtemps...

ROBERT — Je suis arrivé tantôt... Geneviève m'a dit que votre femme était très malade... Mon pauvre Thieux!...

*Il lui serre la main.*

LOUIS THIEUX — Oui, oui... Un grand malheur, monsieur Robert...

GENEVIÈVE, *déposant le panier sur la table* — Eh bien?... Voyons?... comment va-t-elle, ce soir?...

deben quedar cartos? Toma isto. (*Dálle unhas moedas de prata.*)

LOUIS THIEUX — Xa che debo tanto...

JEAN — Son cartos que gañamos xuntos. Son teus. (*Louis agradécello en silencio e adopta de novo unha actitude aflixida. Jean vai e vén polo cuarto. Petan á porta.*) Petan á porta, non ouves?

*Petan de novo.*

LOUIS THIEUX — Pase!

*Entran Robert e Geneviève. Geneviève leva unha cesta e roupa sinxela.*

## ESCENA VI

GENEVIÈVE, ROBERT, JEAN, LOUIS THIEUX

LOUIS THIEUX — Ah! señorita Geneviève. Señor Robert! Xa está vostede de volta, señor Robert? Canto tempo...

ROBERT — Cheguei esta tarde. Geneviève díxome que a súa muller estaba doente. Thieux, síntoo moito...

*Estréitalle a man.*

LOUIS THIEUX — Si, si... Que desgraza, señor Robert.

GENEVIÈVE, *deixa a cesta encol da mesa* — E entón? A ver, como vai esta noite?

LOUIS THIEUX — Ah! mademoiselle... très mal... Très mal...

GENEVIÈVE — Mais enfin, qu'a-t-elle?

LOUIS THIEUX — Elle a, mademoiselle Geneviève... qu'elle est usée... qu'elle n'a plus de forces... plus de vie... Elle s'en va de trop de fatigues et de trop de peines...

GENEVIÈVE — Vous vous alarmez sans raison, je suis sûre... Du repos, des fortifiants... Justement, je lui apportais du vieux vin, un tas de bonnes choses qui la remettront...

LOUIS THIEUX — Oh! mademoiselle... Vous êtes bien trop bonne... Elle ne peut plus rien prendre... Elle est perdue.

GENEVIÈVE — Vraiment?... Vous n'imaginez pas comme cela me fait du chagrin... C'est que vous êtes de vieux fidèles d'ici, vous... de braves gens qu'on aimait bien... Est-ce que je pourrais la voir...

LOUIS THIEUX — Certainement, mademoiselle...

GENEVIÈVE, *avec un léger mouvement de recul* — Elle n'est pas trop changée, au moins? pas trop effrayante?...

LOUIS THIEUX — Oh! elle est calme... elle a presque l'air de dormir.. Elle sera heureuse de vous voir une dernière fois...

GENEVIÈVE — Comment, une dernière fois?... mais je reviendrai... Je reviendrai tous les jours... Vous verrez que nous la guérirons... (*Apercevant les enfants.*) Et ces amours de bébés qui dorment... sont-ils gentils?... Et Madeleine !...

LOUIS THIEUX — Elle est auprès de sa mère...

GENEVIÈVE — Quelle brave fille!... Pourquoi ne vient-elle jamais me voir!... Vous lui direz qu'elle vienne souvent...

LOUIS THIEUX — Elle est un peu sauvage.

GENEVIÈVE — Je l'appriivoiserais... Je l'aime beaucoup... Dites-lui que je l'aime beaucoup... Ah! cette pauvre Clémence...



LOUIS THIEUX — Ai señorita, moi mal. Moi mal.

GENEVIÈVE — Vaia logo, que é o que ten?

LOUIS THIEUX — Ten, señorita Geneviève, que está moi desgastada, abandonárona as forzas e a vida. O cansazo e a mágoa acabaron con ela.

GENEVIÈVE — Non hai de que se preocupar, estou segura. Cómprenlle repouso e bos alimentos. Tróuxenlle viño vello e unha morea de cousas boas que a axudarán a sandar.

LOUIS THIEUX — Oh! Señorita. Vostede é moi boa. Mais non pode tomar nada, xa non se pode facer nada por ela.

GENEVIÈVE — Que me di? Non se imaxina como me entristece todo isto. Levan aquí toda a vida, son... boa xente e queremos moito. Podería vela?

LOUIS THIEUX — Como non, señorita!

GENEVIÈVE, *recúa lixeiramente* — Non mudaría moito, verdade? Non dará medo...?

LOUIS THIEUX — Non, vese apracíbel... ata parece que está a durmir. Compracerala vela unha derradeira vez.

GENEVIÈVE — Por que unha derradeira vez? Volverei todos os días. Xa verá como a sandamos. (*Repara nos nenos.*) E eses ceos de nenos que dormen. Pórtanse ben? E Madeleine?

LOUIS THIEUX — Está a velar pola súa nai doente.

GENEVIÈVE — Que boa rapaza é! Por que nunca me vén ver? Diralle que veña a miúdo.

LOUIS THIEUX — É un pouco salvaxe.

GENEVIÈVE — Xa a amansarei eu. Quéroa moito. Dígalle que a quero moito. Ai, Clémence, coitada... (*Observa*

*(Elle examine distraitemment, sur la table, les travaux de couture, laissés par Madeleine.)* Vous vous souvenez, quand elle venait poser... Elle avait une tête si belle, si triste!... Comme c'est émouvant, tout cela, aujourd'hui... *(Allant vers Thieux.)* Je vous ferai un dessin, un grand dessin de Clémence.

*Robert manifeste, par quelques gestes d'impatience, la gêne où le mettent les paroles de Geneviève.*

LOUIS THIEUX — Oh! Mademoiselle...

GENEVIÈVE — Si... si... un grand dessin... Menez-moi près d'elle... Je veux la voir... Quel malheur!... De si braves gens, et depuis si longtemps ici!...

LOUIS THIEUX — Depuis vingt-sept ans, mademoiselle.

GENEVIÈVE — Vingt-sept ans !... Pensez donc !... Est-ce admirable !... *(Montrant le panier.)* Il y a aussi des bonbons pour les mioches et un corsage pour Madeleine... *(Allant vers la porte, accompagnée de Louis Thieux.)* Quelle peine cela va me faire!...

*Geneviève et Louis Thieux entrent dans la chambre.*

*Pendant toute cette scène, Jean est resté assis, regardant Geneviève avec haine, quelquefois, et Robert avec une curiosité persistante... Une fois seul avec lui, il se lève, remet sa casquette et se dirige lentement vers la porte, affectant de ne pas regarder Robert. La porte ouverte, on aperçoit toujours les usines enveloppées de flammes, de fumées et de bruits.*

*distraidamente os labores que Madeleine deixou por riba da mesa.) Lembra vostede cando viña posar para min? A súa face era tan fermosa, tan triste! Todo isto resulta tan conmovedor hoxe... (Dirixíndose a Thieux.) Fareille un bosquexo, un bo bosquexo de Clémence.*

*Con algúns xestos de impaciencia Robert pon de manifesto o desacougo que lle están a causar as palabras de Geneviève.*

LOUIS THIEUX — Mais, señorita...

GENEVIÈVE — Si, un bo bosquexo. Léveme ao seu carón, quero vela. Que mal fado! Co boa que é esta xente e que leva tanto tempo aquí!

LOUIS THIEUX — Vinte e sete anos, señorita.

GENEVIÈVE — Vinte e sete anos! Non me diga! Non o podo crer! (*Mostra a cesta.*) Traio tamén doces para os cativos e unha chombra para Madeleine. (*Dirixese cara á porta, Louis Thieux acompañaa.*) Que triste me vou pór.

*Geneviève e Louis Thieux entran no cuarto.*

*Durante esta escena, Jean fica sentado, fitando a Geneviève ás veces con xenreira e a Robert cunha curiosidade persistente. Cando fican sos, érguese, pon a gorra e dirixese paseniñamente cara á porta, coidando de non mirar a Robert. Coa porta aberta aínda se enxergan as fábricas envoltas en chamas, en fume e en ruído.*

## SCÈNE VII

JEAN, ROBERT

ROBERT — Pardon... Vous partez?

JEAN — Oui...

ROBERT — C'est moi qui vous fais fuir?

JEAN — Peut-être... Non...

ROBERT — Vous êtes de l'usine?

JEAN — Que vous importe !... Moi ou un autre...

*Il veut s'en aller.*

ROBERT — Restez, je vous en prie!... Et dites-moi votre nom.

JEAN — Je n'ai pas de nom.

ROBERT — Ah!... (*Un court silence.*) Pourquoi me parlez-vous ainsi?... Vous ne me connaissez pas...

JEAN — Pourquoi m'interrogez-vous ainsi?... Je n'ai rien à vous dire...

ROBERT, *il lui tend la main* — Je suis votre ami...

JEAN, *le regardant des pieds à la tête, avec hauteur* — Oui... oui... je sais... Parbleu!... Le fils du patron, révolutionnaire et socialiste... anarchiste aussi, sans doute!... C'est très à la mode, cette année, chez les bourgeois... Ah! cela fait bien... cela a de la tournure... et c'est facile avec les millions que nous vous gagnons... (*Violent.*) Laissez-moi...

## ESCENA VII

JEAN, ROBERT

ROBERT — E logo, xa marcha?

JEAN — Si.

ROBERT — Marcha pola miña culpa?

JEAN — Se cadra... Non.

ROBERT — Traballa na fábrica?

JEAN — E a vostede que lle importa? Eu ou outro...

*Quere marchar.*

ROBERT — Fique, préggollo! E dígame como se chama.

JEAN — Non teño nome.

ROBERT — Que! (*Faise un pequeno silencio.*) Por que me fala dese xeito? Non me coñece.

JEAN — Por que me interroga dese xeito? Non teño nada que contarlle.

ROBERT, *téndelle a man* — Son o seu amigo.

JEAN, *fitándoo de pés á cabeza, con desprezo* — Si, si, xa o sei. Como non! O fillo do patrón, revolucionario e socialista. E, por que non? Tamén anarquista! Está moi de moda este ano entre os burgueses. E séntalles ben, dálles porte e é doado cos millóns que nós gañamos para vostedes. (*Violento.*) Déixeme en paz.

ROBERT — Je vous défends de douter de ma sincérité.

JEAN — Et moi, je vous défends de croire à ma bêtise...

ROBERT — J'ai déjà, donné des gages... j'en donnerai d'autres...

JEAN — Vos prêches... vos articles... vos livres?... Je les connais... je les ai lus... Si je les ai lus?... (*Avec une ironie amère.*) Mais, c'est attendrissant, en effet... Réconciliation... bonheur universel... fraternité... Et quoi encore?... Tenez, j'aime mieux votre père... Il est dur, implacable... il nous assomme par le travail et par la faim, en attendant, sans doute, les coups de fusil... Au moins, avec lui, il n'y a pas d'erreur...

ROBERT — Il ne s'agit pas de mon père... il s'agit de moi...

JEAN — Vous? (*Il hausse les épaules.*) Allez donc débiter vos patenôtres aux camarades... Ce sont de pauvres diables, de douloureuses brutes, qui ne savent pas ce qu'ils veulent et qui ne croient qu'à la blague des mots... Moi, je ne crois qu'à la puissance des actes... et je sais ce que je veux.

ROBERT, *avec tristesse* — Le savez-vous vraiment?...

JEAN, *avec violence* — Oui... Au lieu de rester la bête de somme que l'on fouaille, et la machine inconsciente que l'on fait tourner, pour les autres... je veux être un homme, enfin... un homme... pour moi-même... Je ne sais pas, d'ailleurs, pourquoi je vous dis cela... C'est mon affaire... et non la vôtre... Adieu!

*Il veut s'éloigner.*

ROBERT, (*Le retenant.*) — Et si je vous apporte le moyen d'être cet homme-là... et de vivre?

JEAN — Allons donc!... L'aumône... le panier de votre sœur... la deserte de votre table... la divine charité d'une pièce de cent sous, n'est-ce pas?... Et l'insulte de votre pitié?...

ROBERT — Non lle permito dubidar da miña sinceridade.

JEAN — E eu non lle permito pensar que son un parvo.

ROBERT — Xa demostrei quen son e seguireino demostrando.

JEAN — Coas súas prédicas, cos seus artigos, cos seus libros? Coñézoos, xa os lin. Por suposto que os lin! (*Con amarga ironía.*) De feito entenrecéronme. Reconciliación, felicidade universal, fraternidade. E que máis? Vaia home!, prefiro o seu pai. É duro, implacábel e mátanos co traballo e coa fame mentres agarda que cheguen os tiros. Ao menos con el un non se engana.

ROBERT — Non se trata de meu pai, trátase de min.

JEAN — Vostede? (*Encóllese de ombreiros.*) Vaia recitar os seus *pater noster* aos camaradas. Son uns pobres diaños, uns animais magoados que non saben o que queren e que só cren no enxeño das palabras. Eu só creo no poder dos feitos e sei o que quero.

ROBERT, *con tristura* — Está vostede seguro?

JEAN — Non quero ficar coma a besta de carga á que non fan máis que mallala ou como a máquina que traballa para os outros sen pensar. Quero ser un home, iso é, un home para min mesmo. Ademais, nin sei por que lle estou a contar todo isto. É problema meu, non seu. Adeus!

*Quere alonxarse.*

ROBERT, *reténdoo* — E se eu lle facilito o xeito de ser ese home e de vivir.

JEAN — Vaia home! A esmola coma a cesta da súa irmá, os sobexos da súa mesa, a divina caridade dunha cadela, non si? E ese o insulto da súa compaixón?

ROBERT — Non... ni aumône, ni pitié... La foi en vous-même...

JEAN, *menaçant* — Je l'ai...

ROBERT — Et en moi...

JEAN, *ironique* — Grand merci du cadeau... je sais ce qu'il coûte... Ah ! vous êtes populaire, ici!... Dans les flammes, dans les fumées, brûlés, dévorés, convulsés, des milliers d'êtres humains, des milliers de fantômes humains travaillent ici... espérant de vous, ils ne savent quoi... Aujourd'hui, vous êtes le rêve lointain de leur affranchissement... votre nom berce leurs chimères, et endort leurs révoltes... Et demain, vous serez... allons, avouez-le... député?...

ROBERT — Ne raillez pas... Cela n'est digne ni de vous... ni de moi...

JEAN, *très grave* — Je raille?... Est-ce que vraiment, je raille... (*Montrant la chambre de la mourante et parlant d'une voix plus sourdement étouffée.*) Ici... dans cette maison, au seuil de cette porte, derrière laquelle une pauvre femme meurt de vous, comme sont morts de vous ses deux fils, des hommes de vingt ans... comme ceux-là... (*Montrant les enfants endormis.*) mourront de vous, demain?... Ah ! vous m'apportez la vie?... vous m'offrez le bonheur?... Allez donc au cimetière, là-bas... au petit cimetière qui souffle sur nous, le soir, une odeur aussi empestée que celle de vos usines... allez et remuez-en la terre... et faites le compte de tous ceux-là qui sont morts pour vous... oui, pour vous... et pour que vous puissiez vous payer le luxe, aujourd'hui, d'être l'ami de ma souffrance et de ma misère... Mon ami?... Mais comment donc?... Non, vous savez... c'est trop cher.

ROBERT, *découragé* — Pourquoi m'insultez-vous?...

JEAN — Parbleu!... c'est assez clair... Il y a du mécontentement parmi nous. Malgré notre résignation, notre lassitude, notre abrutissement, demain, peut-être... c'est la grève... Oh! votre père est assez riche pour tenir le coup... et la grève



ROBERT — Non, nin esmola nin compaixón. A fe en vostede mesmo.

JEAN, *ameazador* — Xa a teño.

ROBERT — E en min.

JEAN, *retranqueiro* — Moitas grazas polo agasallo, sei o que custa. Vostede é popular aquí! Nas chamuscas, entre os fumes, milleiros de seres humanos, queimados, devorados, convulsos, un milleiro de pantasmas humanas traballan aquí, agardando algo de vostede, sen saber o que. Hoxe vostede é o soño arredado da súa liberación, o seu nome arrola as súas quimeras e adormece as súas revoltas. E mañá, vostede será..., veña, confése, deputado?

ROBERT — Non se mofe. Iso non é digno de vostede nin de min.

JEAN, *moi serio* — Mófome eu? De verdade pensa que me estou a mofar de vostede? (*Sinala o cuarto da moribunda e fala cunha voz enxordecida e máis afogada.*) Aquí, nesta casa, ao pé desa porta, está a morrer unha pobre muller pola súa culpa, como morreron pola súa culpa os seus dous fillos, homes de vinte anos, coma eses (*Sinala os nenos durmidos.*) morrerán pola súa culpa, mañá? Como! Vostede vaimos dar vida?, vaimos dar felicidade? Vaia logo ao cemiterio, aló, ao pequeno cemiterio que nos trae pola noite un cheiro tan fedorento como o das súas fábricas. Vaia e remexa a terra, e faga a conta de todos os que morreron por vostede, si, por vostede e para que vostede poida darse hoxe o luxo de ser o amigo do meu sufrimento e da miña miseria. O meu amigo? Mais de que xeito podería ser vostede o meu amigo? Non, non... saíría demasiado caro.

ROBERT, *abatido* — Por que me insulta?

JEAN — Abofé, está moi claro! Medra o descontento entre nós. Malia a nosa resignación, o noso cansazo, o noso embrutecemento,

n'est dangereuse, le plus souvent, que pour nous autres, qui finissons par en payer les frais... avec plus de servitude et de misère, toujours, et quelquefois avec notre sang... c'est entendu... Oui, mais enfin, c'est aussi l'inconnu... On tremble tout de même, pour ses usines, pour sa fortune, ou simplement pour ses bénéfices... Alors, on a compté sur votre popularité... on a calculé que votre présence remettrait les choses dans l'ordre... Et vous êtes accouru!... Jolie besogne...

ROBERT — Pourquoi m'insultez-vous? Je viens à vous la main tendue, et le cœur fraternel... Ah! je vous le jure... Et vous m'insultez!... Vous vous croyez un homme libre, et vous ne savez pas, et vous ne voulez pas vous élever au-dessus des préjugés de l'ignorant, et des basses rancunes du sectaire.

JEAN, *un peu calmé* — Soit!... Je me suis trompé... Et vous êtes, peut-être, un brave garçon... Je ne vous connais pas... je ne sais pas... je ne sais rien...

ROBERT — Alors?...

JEAN — Mais pourquoi êtes-vous venu à moi?... Est-ce que je vous appelais?... Vous allez par un chemin..., moi par un autre... Nous ne pouvons pas nous rencontrer...

ROBERT — Qu'en savez-vous... puisque vous savez si mal ce que je suis ?...

JEAN — Je sais qu'entre vous et moi, il y a des choses trop lointaines... et qui ne doivent pas et qui ne peuvent pas se rejoindre...

*Un silence.*

ROBERT — Mon Dieu!... je comprends vos méfiances, puisque je devine en vous une pauvre âme violente, tourmentée et déçue... Mais, je vous en conjure... écoutez-moi un instant... écoutez-moi... comme si j'étais le passant de votre chemin, le voyageur anonyme qui va vers le même espoir

mañá se cadra decretarase a folga. O seu pai é o bastante rico para aguantar o golpe e a folga só é perigosa, como de cotío, para nós, que pagamos as consecuencias sempre con máis servidume e máis miseria, e ás veces mesmo co noso sangue. Sabémolo todos. Mais a folga tamén representa o descoñecido e o seu pai treme polas súas fábricas, pola súa fortuna, ou simplemente polos seus beneficios. Daquela coidou que coa popularidade do seu fillo, calculou que coa súa soa presenza, o río volvería ao seu rego. E vostede acudiu! Bo traballo.

ROBERT — Por que me insulta? Achégome a vostede, téndolle a man e ábrolle o meu corazón e vostede vai e insúltame! Crese un home libre e non sabe, non quere elevarse por riba dos prexuízos do ignorante e de rancores mesquiños e sectarios.

JEAN, *un pouco máis acougado* — Ou sexa que me enganei. E se cadra vostede é un bo rapaz. Non o coñezo, non sei... non sei nada.

ROBERT — Daquela?

JEAN — Mais por que se achegou vostede a min? Chameino eu? Vostede vai por un camiño, eu vou por outro. Non podemos pórnos de acordo.

ROBERT — E vostede que sabe? Nin tan sequera sabe quen son.

JEAN — Sei que entre vostede e máis eu hai demasiadas cousas que nos separan e que non deben nin poden unirse.

*Faise un silencio.*

ROBERT — Meu Deus! Entendo o seu receo e podo adiviñar en vostede unha pobre alma atormentada e decepcionada, mais, suplícollo, escóiteme un intre, escóiteme... como se fose o camiñante do seu camiño, o viaxeiro anónimo que

que vous... Je ne suis pas celui que vous croyez... je me suis fait une existence libre des préjugés de ma caste... Tous les avantages, tous les privilèges que la fortune offrait à ma jeunesse, je n'en ai pas voulu... Je suis un travailleur comme vous... je n'attends rien que de moi-même... et je vis de ce que je gagne...

JEAN, *avec une tristesse infinie* — Et moi, j'en meurs!... (*Tout à coup, il empoigne la main de Robert qu'il entraîne vers la porte, et, d'un grand geste, il lui montre l'usine qui flambe dans la nuit... A mesure qu'il parle, sa voix se fait de plus en plus forte et retentissante...*) Eh bien ! ces flammes... ces fumées... ces tortures... ces machines maudites qui, chaque jour, à toute heure, broient et dévorent mon cerveau, mon cœur, mon droit au bonheur et à la vie... pour en faire la richesse et la puissance sociale d'un seul homme... Eh bien... éteignez ça... détruisez ça... faites sauter tout ça... (*Il lâche rudement la main de Robert.*) Après, nous pourrons causer...

ROBERT — Prenez garde, malheureux!... Il y a ici une femme qui meurt... et de pauvres petits qui dorment!... (*Robert referme la porte. Jean remonte par le haut de la scène où il s'affale sur une chaise, la tête dans ses mains.*) Vous êtes un enfant... (*Silence, Robert marche vers lui et lui frappe sur l'épaule.*) Êtes-vous plus calme maintenant?... (*Jean lève les yeux, sans parler, vers Robert, et le regarde avidement.*) Donnez-moi votre main...

*Jean tend la main.*

JEAN — J'ai eu tort... j'ai...

ROBERT, *l'interrompant doucement* — Ne dites plus rien... Ah, votre souffrance, je la connais... c'est la mienne!...

*Silence. Rentrent Geneviève, Madeleine. Louis Thieux apparaît dans la porte, et, après de silencieux adieux, rentre dans la chambre.*

vai cara a mesma esperanza que vostede. Non son quen vostede pensa. Forxeime unha existencia libre dos prexuízos da miña caste. Reneguei de todas as avantaxes, de todos os privilexios que a fortuna concedía á miña xuventude. Son un traballador coma vostede, non agardo nada dos demais e vivo do que gaño.

JEAN, *cunha tristura infinda* — E eu co que gaño morro. (*De socato agárralle a man a Robert e lévao cara á porta. Cun xesto ostentoso móstralle a fábrica que arde na noite. Segundo fala, a súa voz vólvese cada vez máis forte e sonora.*) Apague esas chamas, eses fumes, esa tortura, esas máquinas malditas que cada día, a todas horas, moen e devoran o meu miolo, o meu corazón, o meu dereito á felicidade e á vida para facer con iso a riqueza e o poder social dun só home. Destrúao todo, estóupeo todo. (*Deixa a man de Robert con brusquidade.*) Despois, poderemos falar.

ROBERT — Teña coidado, infeliz! Aquí hai unha muller que está a morrer e uns pobres cativos que dormen! (*Robert volve pechar a porta. Jean vai ao fondo do escenario e derrúbase nunha cadeira coa cabeza entre as mans.*) Vostede é coma un neno. (*Silencio. Robert camiña cara a el e dálle unha palmadiña no ombreiro.*) Está vostede máis tranquilo agora? (*Jean ergue os ollos cara a Robert sen falar e mírao con insistencia.*) Déame a súa man.

*Jean téndelle a man.*

JEAN — Trabuqueime... eu...

ROBERT, *interrompéndoo con amabilidade* — Non diga máis nada. Coñezo o seu sufrimento, é o meu!

*Silencio. Volven entrar Geneviève e Madeleine. Louis Thieux aparece na porta e despois dun silencioso adeus entra de novo no cuarto.*

## SCÈNE VIII

GENEVIÈVE, MADELEINE, ROBERT, JEAN

GENEVIÈVE, à *Madeleine* — Du courage, Madeleine... C'est un bien pénible moment... J'ai passé par là... Je vous plains de tout mon cœur...

MADELEINE — Merci, mademoiselle...

GENEVIÈVE — Et n'oubliez pas surtout que je suis votre amie...

MADELEINE — Oui, mademoiselle...

GENEVIÈVE — Allons... au revoir!... J'enverrai prendre des nouvelles, demain matin... Du courage !... du courage!... (*Elle embrasse Madeleine, Robert lui serre la main.*) A demain...

*Ils sortent tous les deux.*

## SCÈNE IX

JEAN, MADELEINE

MADELEINE — Allons !

*Elle aperçoit le panier et se tourne vers Jean, toujours assis sur sa chaise.*

JEAN — Oui, c'est elle qui l'a apporté... (*Un peu amer.*) Il y a un corsage pour vous... des bonbons pour eux... et du vin pour la mère... C'est une bien charitable personne!

## ESCENA VIII

GENEVIÈVE, MADELEINE, ROBERT, JEAN

GENEVIÈVE, *a Madeleine* — Madeleine, teña paciencia. É un momento moi triste. Eu pasei por iso. Compadézoa con todo o meu corazón.

MADELEINE — Grazas señorita.

GENEVIÈVE — E sobre todo non esqueza que son a súa amiga.

MADELEINE — Si, señorita.

GENEVIÈVE — Daquela, adeus! Mañá pola mañá mandarei alguén para ver como vai todo. Teña paciencia, teña paciencia! (*Bica a Madeleine. Robert estréitalle a man.*) Deica mañá.

*Saen os dous.*

## ESCENA IX

JEAN, MADELEINE

MADELEINE — E iso?

*Ve a cesta e mira a Jean, sentado aínda na súa cadeira.*

JEAN — Si, foi ela quen a trouxo. (*Algo amargado.*) Hai unha chamba para vostede, doces para os nenos e viño para a nai. E unha persoa moi caritativa!

MADELEINE, *elle prend le panier et va le porter sur le buffet* — Elle fait ce qu'elle peut...

*Silence, Madeleine se rassied devant la table et reprend son travail.*

JEAN, *il va vers Madeleine et appuie son bras au dossier de la chaise où elle est assise* — Madeleine !

MADELEINE — Jean !...

JEAN — La nuit sera longue pour vous... et il me semble que je ne pourrais pas rentrer chez moi... Voulez-vous que je reste un peu, ici... avec vous?

MADELEINE — Oui, Jean... je veux bien... Vous êtes bon de ne pas me quitter... de ne pas quitter le père... Si le malheur vient cette nuit... vous le consolerez...

JEAN — Et je voudrais vous dire des choses que je ne vous ai pas dites encore...

MADELEINE — Parlez, Jean... Quand vous parlez, je suis moins malheureuse.

JEAN — Vrai?...

MADELEINE — Oh oui!... Depuis que vous êtes notre ami... et que vous venez ici, presque tous les jours... c'est vrai... je crois que je suis moins malheureuse...

JEAN — Chère Madeleine !

MADELEINE — Du moins, on se l'imagine... On oublie son malheur pendant quelques minutes... et durant ces minutes-là... c'est comme s'il n'était plus... Jusqu'aux petits!... Quand vous êtes là, ils ne pleurent jamais... Vous savez si bien parler aux enfants... les faire sauter sur vos genoux... leur dire de beaux contes...

JEAN, *ému* — Ce que j'ai à vous dire, Madeleine, ce ne sont pas des contes joyeux... ce sont des paroles graves, puisque c'est



MADELEINE, *colle a cesta e lévaa á lacena* — Fai o que pode.

*Silencio. Madeleine senta de novo á mesa e volve ao seu traballo.*

JEAN, *vai cara a Madeleine e apoia o brazo no respaldo da cadeira en que ela está sentada* — Madeleine!

MADELEINE — Jean!

JEAN — A noite será longa, paréceme que non poderei volver á casa. Quere que fique un pouco aquí... con vostede?

MADELEINE — Grazas, Jean. É de agradecer que fique ao meu carón, a carón de meu pai. Se a desgraza se consumir esta noite, vostede poderá consolalo.

JEAN — E gustárame dicirlle algo que aínda non lle dixen...

MADELEINE — Fale, Jean, cando vostede fala síntome menos malpocada.

JEAN — É iso certo?

MADELEINE — Si. Desde vostede é o noso amigo e vén por aquí case todos os días, así é, coido que son menos malpocada.

JEAN — Miña querida Madeleine!

MADELEINE — Polo menos así o penso. Unha esquece a súa desgraza durante uns minutos e durante eses minutos e como se xa non existise. Ata os nenos! Cando vostede está aquí nunca choran. Vostede sabe falarlles tan ben aos nenos. Trepan nos seus xeonllos e cóntalles fermosos contos.

JEAN, *emocionado* — O que teño que dicirle, Madeleine, non son contos ledos, son palabras serias. Fálolle de amor. (*Madeleine fai un movemento.*) E o momento de dicirle esas

de l'amour... (*Mouvement de Madeleine.*) Et le moment de vous les dire ces paroles... est grave aussi... (*Il montre la porte de la chambre.*) puisque c'est le moment de la mort... (*Madeleine frissonne.*) Madeleine, je vous donne ma vie... voulez-vous me donner la vôtre?... (*Madeleine s'interrompt de travailler, et regarde Jean avec des yeux d'adoration et de tristesse.*) Madeleine, répondez-moi...

MADELEINE, *d'une voix émue et tremblante* — Je ne puis quitter le père... je ne puis quitter les enfants qui n'ont plus que moi, maintenant...

JEAN — Je ne vous demande pas de déserrer votre devoir... je vous demande de vous aider à l'accomplir, autant qu'il me sera possible... Nous ne serons pas trop de deux pour cela...

MADELEINE — Mon père vous aime, Jean... mais il a peur de ce que vous êtes... vous êtes un mystère pour lui... Et lui, c'est un homme si timide!... Il sait bien que vous êtes ici, en passant... que vous partirez d'ici, bientôt... Hier, il disait encore : « Oh! Jean a dans la tête des choses qui ne sont pas bonnes... il lui arrivera malheur ». Mon père ne voudra pas que je sois à vous...

JEAN — Vous vous appartenez, toute... vous n'êtes à personne d'autre qu'à vous-même... Nul n'a le droit de décider de votre destin...

MADELEINE — Mon destin?... Il est dans cette maison... avec ceux qui restent et qui ont besoin de moi...

JEAN — M'aimez-vous?

MADELEINE — Depuis le jour où vous êtes entré ici, pour la première fois.

JEAN — Eh bien?

MADELEINE — Eh bien, il ne faut pas penser à ce que vous dites... parce que si vous partiez... je ne pourrais pas... je ne devrais pas vous suivre...

palabras, tamén é serio... (*Sinala a porta do cuarto*) xa que é o momento da morte. (*Madeleine estremécese.*) Madeleine, doulle a miña vida, quere vostede darme a súa? (*Madeleine para de traballar e mira a Jean con ollos de adoración e de tristura.*) Madeleine, que me di?

MADELEINE, *cunha voz emocionada e tremente* — Non podo deixar o pai, non podo deixar os nenos que agora só me teñen a min.

JEAN — Non lle pido que abandone o seu deber, pídolle que me deixe axudala a cumprilo no que estiver na miña man. Non estaremos de máis os dous.

MADELEINE — Jean, meu pai quéreo, mais ten medo do que vostede representa. Vostede é un misterio para el. E el é un home tan tímido! Ve que está vostede aquí, mais... Aínda onte dicía: “Oh! Jean ten unhas cousas na cabeza que non son boas... ocorreralle unha desgraza”. Meu pai non quere que eu sexa súa...

JEAN — Vostede pertécese, enteiramente. Vostede non é de ninguén, senón súa propia. Ninguén ten dereito a decidir o seu destino.

MADELEINE — O meu destino? Está nesta casa, cos que quedan e que precisan de min.

JEAN — Quéreme vostede?

MADELEINE — Dende o día que entrou aquí pola primeira vez.

JEAN — Daquela?

MADELEINE — Daquela, o que vostede di é impensábel porque se chegase a marchar, eu non podería, non debería seguilo.

JEAN — Je ne puis pas vous promettre, en effet, de ne point partir d'ici... Il peut arriver des événements... que je ne suis pas le maître de diriger... (*Énergique.*) Il peut arriver aussi que tout le monde soit obligé de partir d'ici... (*Court silence.*) Mais, tant que je le pourrai, je resterai...

MADELEINE — Il ne faudrait pas rester pour moi, Jean... Je ne suis rien en face des choses que vous avez décidé d'accomplir...

JEAN — Que voulez-vous dire?

MADELEINE — Je ne sais rien... puisque vous ne m'avez rien confié... mais, depuis longtemps, j'ai vu dans vos yeux ce qu'il y a dans votre âme... Et puis, vous avez dit, tout à l'heure : « Il peut arriver aussi que tout le monde soit obligé de partir d'ici... »

*Un silence.*

JEAN, *rêveur* — Je n'ai rien décidé, Madeleine... J'ai rêvé... oui, j'ai rêvé... à des choses, peut-être... à de grandes choses, peut-être... Mais si la fièvre de l'action, le désir de la lutte me reprennent... c'est pour vous... par vous... avec vous...

MADELEINE — Pour moi?... avec moi?... Je ne suis qu'une pauvre fille, triste et malade... je ne suis pas belle...

JEAN — Pas belle!... Oh! Madeleine... vous n'avez pas la beauté insolente des riches, faite de nos dépouilles et de notre faim... vous avez la beauté que j'aime... la beauté saine de la souffrance... et je m'agenouille devant vous... (*Il s'agenouille devant Madeleine et lui prend les mains.*) Votre pauvre visage déjà flétri... vos épaules déjà courbées... vos mains, vos petites mains pâles... dont les doigts sont usés de travail... et vos yeux... Ah! vos yeux... déjà rougis à tant de tristesses et à tant de larmes... vous ne savez pas de quel amour puissant et sacré ils m'ont gonflé le cœur... Et comme ils ont aussi ranimé ma haine... Pas belle!... Parce que vous n'avez pas eu de jeunesse encore... parce que

JEAN — Ten razón, eu non podo prometerlle non marchar de aquí. Poden pasar cousas das que non son dono e señor. (*Enérxico.*) Pode ocorrer tamén que nos obriguen a marchar de aquí... (*Garda un pequeno silencio.*) Mais mentres poida, ficarei.

MADELEINE — Non é preciso ficar por min, Jean. Eu non son nada fronte ao que vostede se propuxo levar a cabo.

JEAN — Que quere dicir?

MADELEINE — Non sei nada xa que vostede nada me confiou, mais dende hai tempo vexo nos seus ollos o que hai na súa alma. E ademais, acaba de dicilo agora mesmo: “Pode ocorrer que nos obriguen a todos a marchar de aquí”.

*Silencio.*

JEAN, *soñador* — Non decidín nada, Madeleine. Soñei, si, soñei cousas... se cadra cousas importantes. Mais se a febre de acción e de loita me reteñen, é para vostede... por vostede... con vostede.

MADELEINE — Para min? Comigo? Eu non son máis que unha pobre rapaza, triste e doente. Non son fermosa.

JEAN — Que non é fermosa! Oh! Madeleine, vostede non ten a beleza insolente dos ricos, feita cos nosos desposos e coa nosa fame. Vostede ten a beleza que eu quero, a beleza honrada do sufrimento e axeónllome perante vostede. (*Axeónllase diante de Madeleine e cóllege as mans.*) O seu pobre rostro revellido, as súas costas eslombadas, as súas mans, as súas manciñas esbrancuxadas cos dedos desgastados polo traballo. E os seus ollos. Ai! Os seus ollos, avermellados por tanta tristura e tantas bágoas. Vostede non sabe de canto amor poderoso e sagrado me encheron o corazón e como encheron tamén a miña xenreira. Que non é fermosa! Porque vostede aínda non tivo xuventude, porque vostede

vous avez eu trop de misères toujours!... Vous êtes comme une pauvre petite plante qui n'aurait jamais vu la lumière. Mais la lumière, si je vous l'apporte?... mais la jeunesse si je vous la redonne?... mais la misère, si je l'efface, avec toute ma tendresse, de votre visage et de votre cœur?...

MADELEINE — Ne me dites pas cela... ne me dites pas cela... Vous me faites pleurer...

JEAN — Et votre âme?... Vous croyez que je ne l'ai pas devinée, entre toutes les autres, votre âme de pureté, de sacrifice, d'héroïsme tranquille et doux!... (*Il se relève.*) Eh bien oui, j'ai une œuvre de vengeance et de justice à accomplir... mais pour cela, il me faut une compagne comme vous... une femme à l'âme vaillante comme la vôtre...

MADELEINE — Jean... ne me dites pas cela... je vous en prie!... Je n'ai pas de vaillance... Vous voyez bien... je ne fais que pleurer...

JEAN — Parce que vous êtes seule... toute seule... en face de choses terribles... A deux, unis dans l'amour, on ne craint rien... pas même de mourir.

MADELEINE, *avec exaltation* — Je ne crains pas de mourir... je ne crains pas de mourir... je crains seulement de n'avoir pas la force de faire... ce que j'ai à faire maintenant...

JEAN — Vous avez à être heureuse... Et c'est à moi à vous l'assurer, ce bonheur, à vous le conquérir... Je m'en sens la force, aujourd'hui... (*Il vient s'asseoir près de Madeleine.*) Ah ! il faut que je vous ouvre toute mon âme... Écoutez-moi!... Quand je suis venu ici, il y a un an... j'étais las, je vous jure... découragé de la lutte... sans foi, désormais, dans les hommes et dans moi-même... Ma vie, je l'avais donnée aux autres... je l'avais usée pour les autres... Et ils ne m'avaient pas compris... ils ne m'ont compris nulle part... (*Un temps.*) Et pourtant, ma pauvre enfant, j'ai roulé, roulé, Dieu sait où!... Au Brésil, à New-York, en Espagne, en Belgique, du nord au sud de la France, partout j'ai traversé les enfers

tivo sempre moita miseria! Vostede é coma unha plantiña que nunca viu a luz. E se lle traio eu a luz?, e se lle devolvo a xuventude?, e se lle fago desaparecer a miseria coa tenrura que me inspira o seu rostro e o seu corazón?

MADELEINE — Non me diga iso, non me diga iso. Faime chorar.

JEAN — E a súa alma? Pensa vostede que non recoñecín entre as outras, a súa alma chea de pureza, de sacrificio, de heroísmo apracíbel e agarimoso? (*Érguese.*) E se teño que acatar esta encomenda de vinganza e de xustiza, preciso dunha compañeira coma vostede, dunha muller de alma valente coma a súa.

MADELEINE — Jean, non me diga iso, prégollo! Non son valente. Xa o ve, non fago máis que chorar.

JEAN — Porque vostede está soa, moi soa fronte a cousas terríbeis. Entre os dous, unidos no amor, non lle teremos medo a nada, nin á morte.

MADELEINE, *con exaltación* — Non teño medo a morrer, non teño medo a morrer. Só teño medo de non ter forzas para facer o que teño que facer agora.

JEAN — Vostede ten que ser feliz. E eu téñolle que asegurar esa felicidade, conquistarlla. E hoxe síntome con forzas para facelo. (*Senta preto de Madeleine.*) Cómpre que lle abra o meu corazón. Escolite, cando cheguei aquí, hai un ano, estaba canso, xúrollo, farto de loitar. Deixara de crer nos homes e en min mesmo. Entregáralles a miña vida aos demais, consumíraa para os demais e eles non me comprenderon, non me entenderon en ningures (*Agarda un intre.*) Así e todo, miña filla, rodei, rodei<sup>1</sup>, só Deus sabe canto! Por Brasil, Nova York, España, Bélxica, do norte ao sur de Francia, por

1 O verbo francés “rouler” (< Roule, Jean) pode significar “rodar”, “enredar” e coloquialmente, “estafar”. Jean Roule fai honor ás tres acepcións do verbo como se verá ao longo da obra: “roda” de aquí para alá ata chegar á fábrica; “enrola” e dalgún xeito tamén “estafa, engana” os obreiros cando os empuxa, tal un “mal pastor”, ao desenlace final.

du travail... les bagnes de l'exploitation humaine... Quelle pitié?... Et, partout, je me suis heurté à de l'ignorance sauvage, à de la méchanceté bête, à ce mur infranchissable qu'est le cerveau du prolétaire... Chaque fois que j'ai tenté de réveiller la conscience au cœur des individus... chaque fois que j'ai parlé aux foules de justice et de révolte... de solidarité et de beauté... Ah! bien oui... les uns m'ont ri au nez... les autres m'ont dénoncé... Et ils ont dit que j'étais de la police!... Des esclaves et des brutes...

MADELEINE — Des malheureux, Jean... et d'autant plus à plaindre qu'ils ne peuvent pas comprendre... Ça n'est pas de leur faute...

JEAN, *rêveur* — C'est vrai!... S'ils comprenaient...

*Il fait un grand geste. Un silence pendant lequel Jean reste perdu comme dans un rêve.*

MADELEINE — Vous ne dites plus rien?...

JEAN, *reprenant son récit* — C'était, chaque fois, une chute plus profonde du haut de mon rêve... Et c'était aussi, chaque fois, plus de misères, de douleurs pour moi. Je fus expulsé de Rio-Janeiro, à la suite d'une grève... Réfugié en Espagne, j'y fus tout de suite dénoncé... Englobé dans une conspiration anarchiste, arrêté sans raison, condamné sans preuves... durant deux longues années je pourris dans les cachots de Barcelone... et je n'en sortis que pour voir garrotter, au milieu d'une foule ivre de sang, mon ami Bernal Diaz... cet enfant à cœur de héros, dont je vous ai parlé quelquefois!...

MADELEINE — Oui... ah! oui!... Ce fut horrible...

JEAN — J'avais juré de le venger... mais on est lâche quelquefois... Quand on n'a rien dans le ventre, voyez- vous... on n'a rien non plus dans le cœur!...

*Un silence.*



toda a terra atravesei os infernos do traballo, as galeras da explotación humana. Que mágoa! E por toda a terra batín de fociños coa ignorancia desmedida, coa maldade irracional, co miolo do proletario coma un muro infranqueábel. Cada vez que tentei espertar a conciencia no corazón dos individuos, cada vez que falei ás multitudes de xustiza e de revolta, de solidariedade e de beleza, uns ríronme nos fociños, outros denunciáronme. Dixeron que eu era da policía! Non son máis que uns escravos e uns bestas.

MADELEINE — Uns malpocados, Jean, aos que hai que compadecer, xa que non entenden máis. Non é culpa súa.

JEAN, *soñador* — Tes razón, se entendesen...

*Fai un grande aceno e gardan silencio. Jean fica perdido, coma nun soño.*

MADELEINE — Ficou calado.

JEAN, *retoma o fio do seu discurso* — Cada vez caía máis fondo dende o alto do meu soño e tamén gañaba máis miserias e máis dores. Expulsáronme de Río de Janeiro despois dunha folga. Refuxieime en España e non tardaron en denunciarme. Vinme enleado nunha conspiración anarquista, detido sen razón, condenado sen probas. Durante dous longos anos apodrecín nos calabozos de Barcelona e só saín para ver morrer no garrote, no medio dunha multitude sedenta de sangue, o meu amigo Bernal Diaz, ese rapaz cun corazón de heroe do que xa lle falei nalgunha ocasión.

MADELEINE — Si, si, lémbrome. Foi horríbel.

JEAN — Xurei vingalo, mais un ás veces é covarde. Cando non se ten nada no bandullo, sabe, tampouco se ten nada no corazón.

*Silencio.*

MADELEINE — Et puis?

JEAN — Et puis... traqué par la police, sans travail, sans gîte, errant de ville en ville, crevant de faim, un jour à Bordeaux, on me jeta en prison parce que j'avais volé un pain...

MADELEINE — Comme vous avez souffert!...

JEAN — J'ai souffert, oui... mais plus que des jours de famine, plus que des nuits sans couvert, j'ai souffert de l'indifférence des hommes, et de l'inutilité de mes efforts à leur enseigner le bonheur... J'ai souffert de moi-même, surtout... de ma faiblesse intellectuelle, de mon ignorance... de tout ce vague... de tout ce bouillonnement confus où se perdaient mes élans... Ah! je m'en rends compte... Et, souvent, je me suis demandé si j'avais bien le droit d'arracher les misérables à leurs ténèbres, pour les replonger, plus profond, peut-être, dans ma nuit à moi... Robert Hargand avait raison, tout à l'heure... Oh! ne rien savoir... être arrêté à chaque minute, dans un enthousiasme, par sa propre impuissance... Et cette affreuse pensée qu'il n'existe, peut-être, nulle part, une justice?...

MADELEINE, *avec élan* — Vous, Jean?... Vous ?.., Ce n'est pas possible...

JEAN — Mais c'est fini... D'être venu ici, après tant de fatigues, de déceptions, de routes si longues... d'avoir aimé cette pauvre maison où c'était comme une famille pour moi qui n'ai pas eu de famille... de vous avoir chérie, Madeleine, plus qu'une femme, comme une croyance retrouvée... toutes mes détresses morales, tous mes doutes se sont dissipés... Je ne m'en souviens plus... Avec des forces neuves, avec une foi plus violente dans l'avenir, j'ai reconquis tout l'orgueil... Et c'est à toi que je dois d'être redevenu cet homme nouveau... car ce n'est pas toi seulement que j'ai aimée, entends-tu bien?... c'est toute l'humanité, et c'est tout l'avenir et c'est tout mon rêve que j'ai aimés en toi !...

MADELEINE — E despois?

JEAN — E despois, acurrallado pola policía, sen traballo, sen gorida, vagando de vila en vila, morría de fame e un día en Bordeos metéronme no cárcere porque roubei un pan.

MADELEINE — Canto debeu padecer!

JEAN — Padecín, abofé que si, aínda que máis que polos días de fame, máis que polos días sen teito, padecín pola indiferenza dos homes e pola inutilidade dos meus esforzos por tratar de lles ensinar a felicidade. Sobre todo padecín por min mesmo, pola miña debilidade intelectual, pola miña ignorancia, por todo ese baleiro, por todo ese fervedoiro confuso onde se perdían as miñas forzas. Agora decátome e a miúdo preguntábame se tiña dereito a arrincar os miserábeis das súas tebras para os mergullar outra vez, máis fondo se cadra, na miña propia escuridade. Hai un intre Robert Hargand tiña razón. Oh! Non saber nada, ter que deterse cada minuto sentindo paixón ante a propia impotencia. E ese horríbel pensamento de que se cadra non existe en ningures, unha xustiza.

MADELEINE, *con pulo* — Vostede, Jean, vostede... Non pode ser.

JEAN — Mais acabouse. Ao vir aquí, despois de tantos traballos, de tantas decepcións e de atravesar camiños tan longos, chegar e amar este fogar pobre onde foron coma unha familia para min que non tiven familia, querela a vostede, Madeleine, máis que coma a unha muller, coma se se tratase dunha crenza reencontrada, fixo que todas as miñas penurias morais, todas as miñas dúbidas se disiparan. Xa non me lembro delas. Cunhas forzas renovadas, cunha fe máis violenta no futuro, volvín reconquistar a dignidade. E débocho a ti, convertíchesme neste home novo porque non só te quixen a ti, entendes, senón a toda á humanidade, e en ti quixen todo o futuro e todos os meus soños.

*Il la prend dans ses bras.*

MADELEINE, *elle s'abandonne* — Taisez-vous... Oh! taisez-vous... vous ne pouvez pas me dire de telles paroles... C'est trop beau... Je n'aurais pas le droit d'être si heureuse...

JEAN — On peut tout nous prendre, Madeleine... on ne peut pas nous prendre ce bonheur-là, que nous avons créé de nous-mêmes... Tous les deux, désormais, nous serons forts contre la vie....

MADELEINE, *avec un peu d'extase* — Ce n'est pas possible... ce n'est pas possible...

JEAN — Et quand, dans notre maison, je rentrerai du travail ou de la lutte, fatigué, peut-être, écœuré aussi, peut-être, penserai à cette joie, à cette lumière... tes yeux, Madeleine, ta voix, Madeleine, ton cœur, Madeleine... ton grand courage, Madeleine, Madeleine, Madeleine!...

MADELEINE, *presque défaillante* — Oh! Jean! Jean! Des pauvres, comme nous, il ne faut pas défier le bonheur... Il ne faut pas, surtout, me croire plus que je ne suis...

JEAN — Tu es celle par qui je crois encore à ce qui doit arriver...

MADELEINE — C'est trop !... c'est trop !... Et si cela n'était pas possible?... Rien que d'avoir entrevu ce bonheur... ah! j'en suis sûre, je mourrais... (*Jean l'étreint chastement. Madeleine s'abandonne tout à fait.*) D'où donc es-tu venu, mon Jean, pour un tel miracle?... Je suis forte et légère dans tes bras... je ne sens plus le poids de mon corps... ni le poids de mon cœur... je suis heureuse... heureuse... heureuse!... (*Elle pleure.*) Ah! ton cœur à toi, qui bat comme une forge !...

JEAN — Ne dis plus rien !...

MADELEINE — Oui !... oui !

JEAN — Reste contre moi...

*Cóllea nos seus brazos.*

MADELEINE, *déixase levar* — Cale... Oh! cale, non pode dicirme esas cousas. É demasiado fermoso, non merezo ser tan feliz.

JEAN — Pódennolo roubar todo, Madeleine, mais non nos poden roubar esta felicidade que nós mesmos creamos. Seremos fortes para afrontar a vida.

MADELEINE, *cun pouco de éxtase* — Non pode ser... non pode ser.

JEAN — E cando volva á nosa casa do traballo ou da loita, se cadra canso, pode que tamén anoxado, pensarei nesta felicidade, nesta luz, nos teus ollos, Madeleine, na túa voz, Madeleine, no teu corazón, Madeleine, na túa inmensa coraxe, Madeleine, Madeleine, Madeleine!

MADELEINE, *case desmaiada* — Oh! Jean! Jean! Os pobres coma nós non poden desafiar á felicidade. Ante todo, non pododo terme por máis do que son.

JEAN — Ti es esa muller pola que aínda creo no que está por vir.

MADELEINE — Non pode ser! non poder ser! E se non for posíbel? Nada máis que por ter albiscado tanta felicidade, ah! estou certa, morrería... (*Jean apréixaa castamente, Madeleine abandónase por completo.*) De onde saíches, meu Jean, para que se produza milagre semellante? Síntome forte e lixeira nos teus brazos, non sinto o peso do meu corpo nin o peso de meu corazón. Son feliz, feliz, feliz! (*Chora.*) Ah! O teu corazón que latexa coma unha forxa!

JEAN — Non digas nada máis!

MADELEINE — Si! Si!

JEAN — Fica contra min.

MADELEINE — Oui... oui !... (*Silence. D'une voix faible.*) Et le père?... Et les petits?...

JEAN, *la berçant* — Nous les garderons... Nous les protégerons...

*Silence.*

MADELEINE, *comme dans un rêve* — Mon Dieu! mon Dieu!... Est-ce que c'est possible?... (*Tout à coup, elle s'arrache à l'étreinte, se lève, regarde vers la chambre. D'une voix haletante.*) Et maman?... et maman?... Là !...

JEAN, *il s'est levé aussi et regarde vers la chambre* — Madeleine !

MADELEINE — Il a poussé un cri... Il m'appelle !... (*On entend comme un bruit étouffé : Madeleine!... Madeleine!...*) Ah !

JEAN — Le malheur est venu.

*La porte s'ouvre. Louis Thieux apparaît hagard, très pale, trébuchant.*

## SCÈNE X

LES MEMES, LOUIS THIEUX

MADELEINE — Maman est morte!... maman est morte !... (*Elle se précipite dans la chambre. De la chambre, on entend sa voix, ses sanglots, ses appels.*) Maman!... maman !... Maman est morte !

*Louis Thieux marche en trébuchant. Jean le soutient, le fait asseoir sur une chaise où il tombe d'un bloc, la tête dans ses mains. L'usine au loin fait rage.*

MADELEINE — Si, si! (*Silencio. Cunha voz feble.*) E o pai? E os pequenos?

JEAN, *arrolándoa* — Nós os coidaremos. Protexerémolos.

*Silencio.*

MADELEINE, *coma nun soño* — Meu Deus!, meu Deus! Estou a soñar? (*De socate libérase dos brazos que a cinxen, érguese, mira cara ao cuarto.*) E mamá?, e mamá? Aí!...

JEAN, *érguese e mira cara ao cuarto* — Madeleine!

MADELEINE — Berrou. Chama por min! (*Escóitase coma un ruído afogado: "Madeleine!... Madeleine!"*.) Ah!

JEAN — Acabouse.

*Ábrese a porta. Louis Thieux aparece esquivo, esbrancuxado, cambaleante.*

## ESCENA X

OS MESMOS, LOUIS THIEUX

MADELEINE — Mamá morreu!... morreu mamá! (*Corre cara ao cuarto. Dende alí escóitanse a súa voz, os seus saloucos, as súas chamadas.*) Mamá!... mamá!... Morreu mamá!

*Louis Thieux camiña cambaleante. Jean suxéitao, séntao nunha cadeira onde cae coma unha pedra, coa cabeza entre as mans. Ao lonxe funga a fábrica.*

## SCÈNE XI

JEAN, LOUIS THIEUX, LA MÈRE CATHIARD, UN GROUPE DE VIEILLES FEMMES

*La mère Cathiard et quelques voisines apparaissent dans l'encadrement de la porte. Au bruit, Jean s'est retourné. Il fait signe aux femmes que le malheur est consommé. Gestes plaintifs des femmes, qui se retirent silencieusement, après avoir refermée, la porte.*

## SCÈNE XII

LOUIS THIEUX, JEAN

JEAN, *après un silence, debout, près de Louis Thieux* — C'est donc fini? (*De la chambre, on entend la voix sanglotante de Madeleine. Jean va refermer la porte et revient près de Louis Thieux.*) Mon pauvre Thieux!...

LOUIS THIEUX — Une femme comme ça !... une femme comme ça!... J'étouffe... j'ai trop chaud... De l'air!... Ouvre la porte... (*Jean va ouvrir la porte. L'usine semble alors un incendie. Pendant toute la scène, on l'aperçoit, qui, furieuse, crache des flammes rouges, vertes et fait un bruit infernal. Jean revient près de Louis Thieux.*) Une femme comme ça!... une femme comme ça !...

*Jean laisse quelques minutes Louis Thieux à sa douleur, puis, doucement, il lui pose la main sur l'épaule.*



## ESCENA XI

JEAN, LOUIS THIEUX, A TÍA CATHIARD, UN GRUPO DE VELLAS

*A tía Cathiard e algunhas veciñas aparecen no marco da porta. Ao escoitar o ruído, Jean vírase. Fai un xesto ás mulleres para lles indicar que se consumou a desgraza. Xestos compadecentes das mulleres que se retiran en silencio despois de pecharen a porta.*

## ESCENA XII

LOUIS THIEUX, JEAN

JEAN, tras *un silencio, de pé, preto de Louis Thieux* — Xa rematou todo. (*Dende o cuarto escóitanse os saloucos de Madeleine. Jean vai pechar a porta e volve preto de Louis Thieux.*) Meu pobre Thieux!

LOUIS THIEUX — Unha muller coma esta..., unha muller coma esta. Afogo, teño moita calor. Non podo respirar. Abre a porta! (*Jean vai abrir a porta. A fábrica parece entón un incendio. Durante toda a escena vese como alporizada, cuspiendo chamas roxas, verdes e facendo un ruído infernal. Jean volve preto de Louis Thieux.*) Unha muller coma esta, unha muller coma esta.

*Jean deixa uns minutos a Louis Thieux coa súa dor, despois, con dozura, ponlle a man no ombreiro.*

JEAN — Sois un homme, mon vieux camarade... Tu n'es pas seul à souffrir ici... Pense à Madeleine... pense à ceux- là... C'est le moment de montrer du courage et de la résolution... Il faut essayer de dominer la mort...

LOUIS THIEUX, *secouant la tête* — C'est fini... c'est fini...

JEAN — C'est fini pour toi... soit... Mais pour eux, ça commence... Allons... redresse-toi... et regarde ta misère, en face... car l'heure est venue...

LOUIS THIEUX, *avec un peu d'irritation* — Et que veux-tu que je fasse ?

JEAN — Ton devoir...

LOUIS THIEUX, *avec une sorte d'effroi* — Pas aujourd'hui... ne parle pas de ça... Non... non... pas aujourd'hui...

JEAN, *lui montrant la chambre* — A quel autre moment de ta douleur puis-je t'en mieux parler qu'aujourd'hui ?...

LOUIS THIEUX — Laisse-moi, oh! laisse-moi... Je ne peux pas... je ne peux pas...

JEAN — Tu te crois lié par la reconnaissance envers le patron, envers sa fille, que j'avais envie d'étrangler tout à l'heure... Leurs bienfaits t'enchaînent?... Eh bien, parlons-en... Voilà vingt-sept ans que tu en jouis... Qu'y as-tu gagné?... Des privations... des dettes... et de la mort, toujours...

LOUIS THIEUX, *il se bouche les oreilles* — Laisse-moi... je t'en prie!... je t'en prie!

JEAN — Mais regarde en toi-même... regarde autour de toi?... Te voici au bord de la vieillesse, épuisé par les labeurs écrasants, à demi tué par l'air empoisonné que l'on respire ici... Tu n'es plus qu'une scorie humaine... Tes deux grands qui, maintenant, seraient pour toi un soutien... sont morts de ça... (*Il montre l'usine.*) Ta femme est morte de ça... Madeleine et les petits à qui il faudrait de l'air, de la bonne nour-

JEAN — Sexa un home, meu vello camarada. No es o único que está a sufrir aquí. Pensa en Madeleine, pensa nas crianzas. Chegou o momento de mostrar coraxe e determinación. Hai que intentar dominar a morte.

LOUIS THIEUX, *abaneando a cabeza* — Acabouse... acabouse...

JEAN — Acabouse para ti, vaites. Mais para eles, todo comeza. Veña, érguete, chegou a hora de mirar a miseria de fronte.

LOUIS THIEUX, *un pouco alporizado* — E que queres que faga?

JEAN — O teu deber.

LOUIS THIEUX, *cunha especie de arrepió* — Hoxe non, non me fales diso. Non, non... hoxe non.

JEAN, *mostrándolle o cuarto* — Entón en que outro momento da túa dor che podo falar mellor ca hoxe?

LOUIS THIEUX — Déixame, déixame. Non podo, non podo.

JEAN — Sénteste amarrado polo agradecemento que lle debes ao patrón, á súa filla, á que fai un intre tiven gañas de estrangular. Encadéante os seus favores? Pois, olla, xa fai vinte e sete anos que os recibes, e que gañaches con eles? Privacións, débedas e sempre morte.

LOUISTHIEUX, *tapa as orellas coas mans* — Déixame... prégocho!... prégocho!

JEAN — Mira en ti mesmo, mira ao teu redor. Velaí estás, preto da vellez, esgotado por traballos que te están a machucar, medio morto polo ar envelenado que se respira aquí. Non es máis que unha escoura humana. Os teus fillos máis vellos que agora poderían axudarche, morreron por culpa diso. (*Sinala á fábrica.*) A túa muller morreu por culpa diso. Madeleine e os pequenos, que precisan ar, bos alimentos, un pouco de ledicia nos seus corazóns, seguridade, morren por iso, aos poucos, todos os días. E por unha boa acción,

riture, un peu de joie, de soleil au cœur, de la confiance... meurent de ça, lentement, tous les jours... Et c'est pour de tels bienfaits, qui sont des meurtres, que tu aliènes aux mains de tes assassins... des assassins de ta famille... ta liberté et la part de vie des tiens... C'est pour des mensonges, de honteuses aumônes, pour des chiffons inutiles... pour la desserte des cuisines que leur charité jette à ta faim, comme on jette un os à un chien... c'est pour ça... pour ça... que tu t'obstines à ne pas te plaindre, à ne pas prendre ce qui est à toi... et à rester la brute servile soumise au bât et au joug, au lieu de t'élever jusqu'à l'effort d'être un homme?

LOUIS THIEUX — Non... non... pas aujourd'hui...

JEAN — Pas aujourd'hui!... Mais quand?... Quelles autres morts attends-tu donc?... Dans ce milieu maudit... sur ce sol de supplice et de terreur, où le vrai crime fut que, depuis cent ans, aucun, sous l'épuisement de la fatigue, la défaite quotidienne de la faim, n'osa élever la voix... si j'ai fait ce que j'ai fait... si j'ai pu faire entendre la nécessité d'un changement, le besoin de la grève, à des êtres qui n'avaient jamais compris que l'acceptation de leur martyre... si je suis arrivé à remuer ces lourdes âmes inertes et sans courage... c'est un peu pour toi, mon pauvre vieux Thieux, pour les tiens, à qui j'ai voué tout mon amour et toute ma pitié... Ah ! comment n'as-tu pas senti cela?... Et comment, à force de souffrir toi-même, ne t'es-tu pas dit, spontanément, qu'il y a des heures héroïques et douloureuses où il faut savoir tout tenter... où il faut savoir mourir... pour les autres ?

LOUIS THIEUX, *obstiné, avec une voix d'enfant* — Je comprends... je comprends, mais pas aujourd'hui... Laisse-moi pleurer... ne me parle plus aujourd'hui...

JEAN — Allons... soit!... Quand, demain, tu sentiras la maison un peu plus vide de ce que tu as aimé... quand tu verras que, si la pauvre morte est partie, la mort, elle, est restée ici... et qu'elle rôde toujours, et qu'elle se penche sur ceux-là qui

que non é máis que un crime, alleas a túa liberdade e parte da vida dos teus ás mans dos teus asasinados, dos asasinados da túa familia. Polos seus embustes, polas súas vergoñentas esmoladas, por uns trapos inútiles, polos sobexos das súas cociñas, pola caridade que acouga a túa fame, como se fai cando se lle bota un óso a un can. É por iso, por iso, polo que teimas en non queixarte, en non colleres o que é teu, en ficares sendo o brután servil sometido cunha albarda e cun xugo no canto de te ergueres e de esforzarte por seres un home?

LOUIS THIEUX — Non..., non..., hoxe non...

JEAN — Hoxe non! Entón cando? Que mortes estás a agardar aínda neste lugar maldito, sobre este chan de suplicio e de horror, onde dende hai cen anos, o verdadeiro crime é que ninguén se atreveu a levantar a voz por mor do esgotamento que produce o cansazo e pola desfeita diaria da fame? Se fixen o que fixen, se puideren conseguir que seres que nunca fixeran outra cousa máis que aceptaren o seu martirio, comprendan que é preciso que muden as cousas, que a folga é necesaria, se conseguín mobilizar esas pesadas almas inertes e sen coraxe, é un pouco por ti, meu vello Thieux, polos teus, a quen consagrei todo o meu amor e a miña paixón. Ah! Como non te deches conta diso? E como, a poder de sufrir ti mesmo, non te dixeches, sen pensalo, que hai horas heroicas e dolorosas en que hai que saber arriscalo todo, en que hai que saber morrer polos demais?

LOUIS THIEUX, *obstinado, cunha voz de neno* — Entendo... entendo, mais hoxe non... Déixame chorar, non me fales máis hoxe.

JEAN — Vaia, home! Mañá, cando sintas a casa un pouco máis baleira sen aqueles aos que quixeches, cando vexas que aínda que a pobre finada xa non está, a morte fica aquí, asexando sempre para se botar por riba dos que aínda permanecen preto de ti. Por canto tempo? Virás polo teu propio pé

demeurent encore près de toi... pour combien de temps?... tu viendras, de toi-même, me crier ta vengeance... Tu as raison... je ne te dirai plus rien ce soir... Repose-toi, va!... Étends-toi sur ce matelas...

*Il le fait lever, le soutient.*

LOUIS THIEUX, *en passant devant les petits lits, avec des balbutiements* — Ces pauvres petits... cette pauvre Madeleine... C'est vrai... ça n'est pas juste...

JEAN, *il le fait étendre sur le matelas* — Tâche de dormir un peu... Je voudrais te bercer comme on berce les petits enfants... Endors-toi...

LOUIS THIEUX, *indiquant la chambre* — Je voudrais l'embrasser... je ne l'ai pas embrassée...

JEAN — Tu l'embrasseras tout à l'heure... Je te mènerai près de son lit... Endors-toi...

LOUIS THIEUX — Mon Dieu!... mon Dieu!... Ça n'est pas juste... Ça n'est pas juste !...

*A ce moment, la mère Cathiard entre dans le fond, une branche de lilas à la main.*

## SCÈNE XIII

LA MÈRE CATHIARD, DEUX VIEILLES FEMMES, LOUIS THIEUX, JEAN

*Jean lui montre la chambre. La mère Cathiard va déposer la branche, revient, traverse la scène et sort. Une autre vieille apparaît, une branche d'églatine à la main. Jean lui*

clamarme vinganza. Tes razón, non che direi máis nada esta noite. Descansa, veña, deita nese colchón.

*Obrigao a erguerse, suxeítao.*

LOUIS THIEUX, *ao pasar diante dos berces, balbucindo* — Estes pobres cativos... esa pobre Madeleine... É certo... non é xusto...

JEAN, *obrigao a deitarse no colchón* — Trata de durmir un pouco. Gustaríame arrolarte como se arrola aos cativos. Durme.

LOUIS THIEUX, *sinalando o cuarto* — Gustaríame bicala... non a biquei.

JEAN — Daraslle un bico despois. Levareite ao carón do seu leito. Durme.

LOUIS THIEUX — Meu Deus!, meu Deus!... Non é xusto... Non é xusto!

*Nese intre entra a tía Cathiard polo fondo do escenario cunha póla de lilas na man.*

### ESCENA XIII

A TÍA CATHIARD, DÚAS VELLAS, LOUIS THIEUX, JEAN

*Jean amósalle o cuarto. A tía Cathiard vai deixar a póla, volve, atravesa o escenario. Outra vella aparece cunha póla de rosas silvestres na man. Jean amósalle o cuarto. A vella vai*

*montre la chambre. L'autre vieille va déposer l'églantine, revient, traverse la scène, et sort. Une autre voisine apparaît ne portant rien. Elle s'agenouille sur le seuil, fait le signe de la croix, marmotte des prières, se relève et s'en va.*

## SCÈNE XIV

LOUIS THIEUX, JEAN

LOUIS THIEUX, *se soulevant un peu sur le matelas* — Ferme la porte... Je ne peux plus voir l'usine... je ne veux plus entendre l'usine...

*Jean va fermer la porte. Pendant ce temps, le rideau tombe.*



*deixar as rosas, volve, atravesa o escenario e sae. Outra veciña aparece, non leva nada. Axeónllase na soleira, persígnase, murmura unhas oracións, érguese e marcha.*

## ESCENA XIV

LOUIS THIEUX, JEAN

LOUIS THIEUX, *erguéndose un pouco sobre o colchón* — Pecha a porta. Xa non podo ver a fábrica... xa non quero ouvir a fábrica.

*Jean vai pechar a porta. Namentres cae o pano.*

## ACTE DEUXIÈME

*Un atelier luxueux. Grande porte au fond, ouverte à deux battants sur un riche vestibule, éclairé par une large baie qui s'inscrit en perspective dans le rectangle de la porte. On aperçoit, dans le vestibule, la rampe d'un escalier monumental, toute dorée, des statues, aux murs des tapisseries anciennes et des tableaux que coupent les lignes carrées de la porte. Dans l'atelier, une grande baie, à droite. Porte à gauche, dissimulée par une portière de soie brodée. Chevalets supportant des toiles. Selles drapées avec des statuette. Sur les murs blancs, des tapisseries, des étoffes précieuses, des études.*

## SCÈNE PREMIÈRE

LA MÈRE CATHIARD, UNE FEMME DE CHAMBRE

*La mère Cathiard est dans l'atelier, attendant Geneviève. Elle regarde tout, meubles, tapis, bibelots, avec des yeux où se mêlent des sentiments d'admiration et de haine. Une femme de chambre visiblement la surveille, tout en rangeant quelque bibelots, en assujettissant quelques fleurs dans des vases. Elles ne se disent rien... Quand la femme de chambre regarde la mère Cathiard, elle a des moues insolentes, des dédains qu'elle ne prend pas la peine de dissimuler. Jeu de scène.*

LA FEMME DE CHAMBRE, *entendant des pas dans l'escalier —*  
Voici mademoiselle...

*Entre Geneviève. La femme de chambre sort.*

## ACTO II

*Nun obradoiro luxoso. Ao fondo hai unha gran porta, aberta de par en par, sobre un vestíbulo fastoso, iluminado por unha ampla ventá que se inscribe en perspectiva no rectángulo da porta. No vestíbulo albíscase a rampla dunha escaleira monumental, dourada, e estatuas; nas paredes, tapizaría antigas e cadros que cortan as liñas cadradas da porta. No obradoiro hai tamén unha gran ventá á dereita. Á esquerda hai unha porta oculta tras unha cortina de seda bordada. Cabaletes que sosteñen lenzos. Cadeiras tapizadas con estatuas. Nas paredes brancas, tapizaría, teas preciosas, esbozos.*

### ESCENA I

#### A TÍA CATHIARD, UNHA DONCELA

*A tía Cathiard atópase no obradoiro agardando por Geneviève. Mírao todo, os móbeis, as alfombras, as estatuas, cuns ollos en que se mesturan sentimentos de admiración e de xenreira. Unha doncela vixíaa con descaro ao mesmo tempo que coloca unhas estatuas e compón as flores nos vasos. Non se dirixen a palabra. Cando a doncela mira a tía Cathiard, fai acenos insolentes, desdén que nin se molesta en agochar. Efecto escénico.*

A DONCELA, *ao escoitar pasos na escaleira — Velaí vén a señorita.*

*Entra Geneviève. A doncela sae.*

## SCÈNE II

GENEVIÈVE, LA MÈRE CATHIARD

GENEVIÈVE — Je suis en retard... (*La mère Cathiard s'incline respectueusement. Regardant la pendule.*) Deux heures!... C'est affreux !... (*A la mère Cathiard.*) Mais nous allons rattraper le temps perdu, n'est-ce pas?...

*Elle dispose la toile et prépare sa palette.*

LA MÈRE CATHIARD, *elle a repris un air obséquieux où pourtant un peu de haine est resté* — Bien sûr que nous allons le rattraper, mademoiselle...

GENEVIÈVE — Arrangez-vous comme hier... Vite... vite... Les affaires sont là...

*Elle indique un paquet sur un divan.*

LA MÈRE CATHIARD — Oui, mademoiselle...

*Un domestique entre, portant un plateau chargé de verres et de boissons, qu'il dépose sur une petite table et s'en va.*

GENEVIÈVE, *pendant que la mère Cathiard défait le paquet et s'arrange* — Eh bien?... C'est donc la grève, cette fois?... Ah! c'est du propre...

LA MÈRE CATHIARD, *avec des regards en dessous* — Je ne sais pas moi, mademoiselle.

GENEVIÈVE — Comment, vous ne savez pas?...

LA MÈRE CATHIARD — Oh ! moi, d'abord... je ne m'occupe point de ces affaires-là... Oh! mais non !

## ESCENA II

GENEVIÈVE, A TÍA CATHIARD

GENEVIÈVE — Chego tarde... (*A tía Cathiard inclínase en sinal de respecto. Geneviève mira o reloxo de parede.*) As dúas! Que horror! (*Dirixíndose á tía Cathiard.*) Mais imos recuperar o tempo perdido, non é?

*Dispón o lenzo e prepara a paleta.*

A TÍA CATHIARD, *retoma unha aparencia submisa na que, así e todo, aínda queda un pouco de xenreira* — Por suposto que o imos recuperar, señorita.

GENEVIÈVE — Vístase coma onte. Veña, veña. As cousas están aí.

*Sinala un paquete no diván.*

A TÍA CATHIARD — Si, señorita.

*Un criado entra cunha bandexa chea de vasos e de bebidas que pousa nunha mesiña baixa, logo vaise.*

GENEVIÈVE, *mentres a tía Cathiard desfai o paquete e se prepara* — Entón, esta vez van ir á folga. Vaia, que bonito!

A TÍA CATHIARD, *mirándoa de esguello* — Eu non sei, señorita.

GENEVIÈVE — Como que vostede non sabe?

A TÍA CATHIARD — Eu, en principio... non me ocupo deses asuntos, abofé que non!

GENEVIÈVE — Vous ne pouvez pas ignorer, pourtant, qu'il y a une réunion des ouvriers, en ce moment même, au bal Fagnier... et que, dans une heure, peut-être... ils auront voté la grève ?

LA MÈRE CATHIARD — Ça se peut bien... ça se peut bien... Mais je ne sais rien, moi... Et comment voulez-vous ?

GENEVIÈVE — Voyons?... Vous avez bien entendu parler les uns et les autres... Ils ont fait assez de bruit, hier soir... Et les affiches rouges... et les proclamations... toutes ces horreurs!...

LA MÈRE CATHIARD — Ben oui!... J'ai entendu par-ci, par-là... Mais vous savez, ma bonne demoiselle, à mon âge... tout ça m'entre par une oreille et me sort par l'autre...

GENEVIÈVE — Enfin, vous ne voulez rien dire ?

LA MÈRE CATHIARD — Bonté du ciel!... Si vous croyez qu'ils viennent me conter leurs affaires... Ah ! ben oui!... Tenez, je vais vous dire ce que je crois... Je crois que c'est des machines comme ça... pour rire... et qu'il n'y aura pas plus de grève que dans le creux de ma main... Après la réponse de votre père aux délégués... ils vont réfléchir... pensez bien...

GENEVIÈVE — Ils auront raison... Mon père est à bout de patience... Il a fait tout ce qu'il a pu... il a fait plus qu'il ne pouvait même... S'ils s'entêtent, il les brisera...

LA MÈRE CATHIARD — Ben oui... ben oui...

GENEVIÈVE — Et votre fils ?

LA MÈRE CATHIARD — Mon fils?...

GENEVIÈVE — Eh oui, votre fils... Vous n'allez pas me raconter que vous ne savez rien de votre fils ?...

GENEVIÈVE — Xa, mais a vostede non se lle escapa que, neste mesmo intre, estase a celebrar unha reunión dos obreiros no salón de baile Fagnier e que dentro dunha hora, máis ou menos, xa votaron a folga?

A TÍA CATHIARD — Pode ser... pode ser... Mais eu diso non sei nada. E como podería saber eu algo?

GENEVIÈVE — Como que non? Vostede ouviu falar perfectamente aos uns e aos outros. Fixeron bastante barullo onte á noite. E os carteis roxos, e as proclamacións... todos eses horrores!

A TÍA CATHIARD — Pois si... Algo escoitei aquí e acolá... Mais vostede sabe, miña prezada señorita, á miña idade... todo iso éntrame por un ouvido e sáeme polo outro.

GENEVIÈVE — Xa vexo, vostede non me quere dicir nada.

A TÍA CATHIARD — Meu Deus! Se vostede pensa que me veñen contar os seus problemas... Faltaría máis. Pois mire, vullle dicir o que penso. Penso que non son máis que argalladas para rir e que non haberá máis folga que no oco da miña man. Despois da resposta que o seu pai lles deu aos delegados, vano pensar mellor, xa verá.

GENEVIÈVE — É o mellor que poden facer. A meu pai estáselle a rematar a paciencia. Fixo todo o que estaba na súa man, fixo incluso máis do que podía. Se seguen insistindo, acabará con eles.

A TÍA CATHIARD — Abofé que si... abofé que si.

GENEVIÈVE — E o seu fillo?

A TÍA CATHIARD — O meu fillo?

GENEVIÈVE — Si, o seu fillo. Non me irá dicir agora que non sabe nada do seu fillo?

LA MÈRE CATHIARD, *un peu gênée* — C'est jeune... c'est faible... ça n'a pas de tête... ça se laisse entraîner par les uns, par les autres... Mais, dans le fond, c'est solide, allez... C'est bon... Oh! pour ça!...

GENEVIÈVE — Il paraît, au contraire, qu'il est parmi les plus enragés...

LA MÈRE CATHIARD — Lui ?... Seigneur Jésus!... Ceux qui vous ont rapporté ça, mademoiselle, ce sont de fameux menteurs, sauf votre respect... et qui veulent me nuire... Faudrait que vous l'entendiez quand il parle de vous, de votre père... Ah ! il vous est bien attaché, allez... bien attaché...

GENEVIÈVE — Tant mieux pour vous... Vous devez comprendre que je ne pourrais plus continuer avec vous si votre fils était notre ennemi... Moi qui suis si bonne pour tout le monde...

LA MÈRE CATHIARD — Ça! c'est vrai... En voilà-t-il des histoires!... en voilà-t-il des histoires !...

GENEVIÈVE — Et Madeleine?... Et Thieux?... N'est-ce pas une honte ?

LA MÈRE CATHIARD, *d'une voix sans expression* — Oh! pour ça!...

GENEVIÈVE — Des gens que nous avons comblés de toutes les manières!... Vous le savez, vous?...

LA MÈRE CATHIARD, *même jeu* — Ha !... ha !...

GENEVIÈVE — C'est une infamie... Ils me doivent tout... Eh bien, ils iront maintenant, elle et son père, demander des secours à leur Jean Roule...

LA MÈRE CATHIARD, *même jeu* — Oui !... oui !...

GENEVIÈVE — Et qu'est-ce que c'est que ce Jean Roule, qui mène tout ce mouvement?

LA MÈRE CATHIARD — Je ne sais pas... Et, comment voulez-vous?



A TÍA CATHIARD, *un pouco molesta* — É novo... é feble... non ten cabeza. Déixase levar polos uns e polos outros... Mais no fondo sabe o que quere, vaia se o sabe. Dígollo eu!

GENEVIÈVE — Pois, parece que se atopa entre os máis encabuxados...

A TÍA CATHIARD — O meu fillo? Señor Xesús! Quen lle contou iso, con todo o respecto que lle teño, señorita, é un gran mentireiro que quere facerme dano. Gustaríame que o ouvise cando fala de vostede, do seu pai. Tenlle moito agarimo... moito, vaia.

GENEVIÈVE — Mellor para vostede. Enténdame ben, non podería seguir a traballar con vostede se o seu fillo fose o noso inimigo, eu que son tan boa para todo o mundo.

A TÍA CATHIARD — Ah! Abofé... Non son máis que contos!... non son máis que contos!

GENEVIÈVE — E Madeleine? E Thieux? Non teñen vergoña!

A TÍA CATHIARD, *cunha voz inexpresiva* — Abofé...

GENEVIÈVE — Unha xente á que acugulamos canto nos foi posíbel! Vostede ben o sabe!

A TÍA CATHIARD, *seguíndolle o xenio* — Xa... xa...

GENEVIÈVE — É unha aldraxe. Débenmo todo. Agora xa irán, ela e o seu pai, pedirlle axuda ao seu Jean Roule.

A TÍA CATHIARD, *seguíndolle o xenio* — Por suposto... por suposto.

GENEVIÈVE — E quen é ese Jean Roule que encabeza todo este movemento?

A TÍA CATHIARD — Non sei... E como quere que o saiba?

GENEVIÈVE — Un méchant homme... un bandit... un assassin... Je l'ai vu chez Thieux, le soir de la mort de Clémence... Ah! comme il m'a regardée!... Avec quels yeux!...

LA MÈRE CATHIARD — Ainsi!... Voyez-vous ça!... (*La mère Cathiard a fini de s'habiller.*) Mademoiselle Geneviève... me voilà prête...

GENEVIÈVE — C'est cela... travaillons... Cela vaudra mieux que de dire des paroles inutiles... Enfin, qu'est-ce qu'ils veulent?... Je voudrais savoir ce qu'ils veulent.

LA MÈRE CATHIARD, *elle hausse les épaules* — C'est ça... Qu'est-ce qu'ils veulent?...

*En ce moment, entre Robert.*

### SCÈNE III

ROBERT, GENEVIÈVE, LA MÈRE CATHIARD

GENEVIÈVE, *ennuyée* — Ah! c'est toi?

ROBERT, *à la mère Cathiard qui s'incline* — Bonjour, mère Cathiard... (*A Geneviève.*) Je te dérange?...

GENEVIÈVE — Non... Mais pourquoi n'es-tu pas resté avec nos amis?

ROBERT — Je ne pouvais plus...

GENEVIÈVE — Tu vas me parler et cela me gêne quand je travaille... (*Robert s'approche de la toile... Geneviève la retourne contre le chevalet.*) Ah !... tu vois?... Non... non... je ne veux pas... Tu te moquerais de moi, encore... (*A la mère Cathiard.*) Eh bien ?... Et le panier d'oranges ?...

GENEVIÈVE — Un home ruín, un bandido, un asasino. Vino na casa de Thieux a noite que morreu Clémence. E de que xeito me mirou! Con que ollos!

A TÍA CATHIARD — Así... mire... (*A tía Cathiard rematou de vestirse.*) Señorita Geneviève, xa estou pronta.

GENEVIÈVE — Así está ben, mans ao carro, mellor que seguir a falar por falar. E que queren? Gustaríame saber o que queren.

A TÍA CATHIARD, *ergue os ombreiros* — Iso digo eu, que queren?

*Nese intre entra Robert.*

### ESCENA III

ROBERT, GENEVIÈVE, A TÍA CATHIARD

GENEVIÈVE, *amolada* — Ah, es ti?

ROBERT, *dirixíndose á tía Cathiard que se inclina* — Bos días, tía Cathiard. (*A Geneviève.*) Molesto?

GENEVIÈVE — Non, mais por que non ficas cos nosos amigos?

ROBERT — Non aturaba máis.

GENEVIÈVE — Vasme falar e iso amólame cando traballo. (*Robert achégase ao lenzo. Geneviève dálle a volta contra o cabalete para que non o vexa.*) Ah! Xa ves! Non... non... non quero. Riríaste outra vez de min. (*Dirixíndose á tía Cathiard.*) Vaia, e o cesto das laranxas?

*La mère Cathiard fait un geste qui signifie qu'elle a oublié et va chercher le panier d'oranges dans un cabinet, au fond de la pièce.*

ROBERT — Ma chère Geneviève... tes amis m'irritent... Ils me font du mal... J'ai cru que je ne pourrais pas attendre la fin du déjeuner... Et si, tout à l'heure, je ne m'étais sauvé du billard où ils boivent le café, en parlant des femmes, de l'immortalité de l'âme, du socialisme du pape, de chasse et de chevaux... je crois que j'aurais éclaté ?... Il se passe ici des choses terribles... et voilà de quoi ils se préoccupent !... Comment mon père peut-il vivre avec d'aussi sinistres imbéciles ?...

GENEVIÈVE — Toi, d'abord, tu trouves tout le monde bête... Mais, tu sais qu'avant de s'en aller, ils reviendront ici ?...

ROBERT — Ah! ici, ils vont parler d'art... car ils ont également des idées sur l'art !... Ils ne seront plus odieux, ils ne seront que comiques... Et leur comique me reconforte... il me donne un peu plus de fierté de moi-même.

*La mère Cathiard revient avec le panier d'oranges.*

GENEVIÈVE — Eh bien... prends un livre... lis... et tais-toi... (*A la mère Cathiard.*) À nous deux maintenant !... (*Robert s'assied sur un divan... Geneviève s'assied en face du chevalet qu'elle met au point... A Robert.*) Eh bien, lis-tu ?

ROBERT, *moitié sérieux, moitié railleur* — C'est dans ton âme que je lis...

GENEVIÈVE — Que tu es énervant !... (*Silence... La mère Cathiard a pris la pose. Geneviève compare le modèle et la toile, avec de petits hochements de tête.*) Ça n'est pas tout à fait cela... La tête un peu plus à gauche, un peu plus penchée... encore... Ah ! bien... très bien... Ne bougez pas... (*Elle se lève, arrange quelques plis de la robe, et regarde l'effet... Avec des gestes de peintre.*) Est-elle belle !... quel accent... quel

*A tía Cathiard fai un aceno para indicar que o esqueceu e vai á procura do cesto das laranxas ao aseo, ao fondo do cuarto.*

ROBERT — Miña benquerida Geneviève, os teus amigos alporízanme, moléstanme. Crin que non podería agardar ata o final do xantar... E se fai un intre non tivese marchado do cuarto do billar onde están a beber café e a falar de mulleres, da inmortalidade da alma, do socialismo do Papa, da caza e dos cabalos, coido que acabaría estoupando! Aquí están a acontecer cousas terribéis e olla polo que se preocupan eles. Como pode meu pai vivir con imbéciles semellantes?

GENEVIÈVE — Ti pensas que todo o mundo é parvo. Mais sabes que antes de marchar virán por aquí?

ROBERT — Xa, mais aquí, van falar de arte... posto que tamén son entendidos en arte! Non me resultarán máis odiosos, só máis divertidos. E esa faceta cómica acóugame, fai que me sinta un pouco máis orgulloso de min mesmo.

*A tía Cathiard volve co cesto das laranxas.*

GENEVIÈVE — Moi ben, agora colle un libro, le e cala. (*Dirixíndose á tía Cathiard.*) Nós imos traballar! (*Robert senta nun diván. Geneviève senta fronte ao cabalete que pon a punto. Dirixíndose a Robert.*) A ver, les ou non les?

ROBERT, *medio serio, medio en broma* — Xa estou a ler na túa alma.

GENEVIÈVE — Posme dos nervios! (*Silencio. A tía Cathiard volve adoptar a pose anterior. Geneviève compara o modelo e o lenzo e asente coa cabeza.*) Non é exactamente así. A cabeza ten que estar un pouco máis á esquerda, un pouco máis inclinada. Un pouco máis... Así está ben, moi ben. Non se

dessin !... quel... (*Elle achève la phrase dans un geste. Puis elle se met à peindre... Silence.*) Oh ! ces tons de vieil ivoire... ce visage creusé... ce décharnement... c'est exaltant... (*Silence, au bout de quelques secondes, Geneviève fronce le sourcil, pose la palette sur ses genoux, devient plus attentive et grave.*) Mais non, ce n'est pas cela du tout... Je ne sais pas ce qu'il y a aujourd'hui... je ne retrouve plus l'expression... Mère Cathiard, vous n'avez plus l'expression... Votre figure est dure et méchante, aujourd'hui... (*Jeux de physionomie de la mère Cathiard.*) Mais non... mais non... ce n'est pas cela... Vous n'êtes plus du tout dans le sentiment... Prenez une physionomie triste... très triste... Vous n'êtes pas méchante... vous êtes très triste... Rappelez-vous ce que je vous ai dit... Faites comme si vous aviez beaucoup de misère... beaucoup de chagrin... faites comme si vous pleuriez... (*La physionomie de la mère Cathiard prend une expression sinistre. Elle dirige sur Geneviève comme des regards de louve. Robert, qui a suivi toute cette scène, se lève du divan.*) Voyons... vous ne me comprenez pas ?... (*Avec un peu d'impatience.*) Comme si vous pleuriez... Ça n'est pourtant pas difficile... (*L'intensité du regard de la vieille et sa fixité deviennent tellement gênantes que Geneviève tout à coup frissonne, se lève aussi et recule.*) Pourquoi me regardez-vous ainsi ?... Vous ne m'avez jamais regardée ainsi... Est-ce que vous êtes malade ?...

ROBERT, *intervenant, sévère* — Geneviève !...

GENEVIÈVE, *agacée* — Que veux-tu, toi ?...

ROBERT — Tu es trop nerveuse... tu n'es pas en train de travailler... Et vous, mère Cathiard, rentrez chez vous... (*La mère Cathiard regarde Geneviève et Robert d'un air hébété, maintenant.*) Cela vaut mieux... croyez-moi !...

*La mère Cathiard se lève, se défait.*

GENEVIÈVE — Pourquoi dis-tu cela ?... Pourquoi fais-tu cela ?...

movía. (*Érguese, coloca unhas pregas do vestido e mira o resultado. Fai acenos de pintora.*) Que fermosa é! Que ton, que arte! (*Remata a frase nun aceno. Logo ponse de novo a pintar. Silencio.*) Oh! Eses tons de almafí envellecido, ese rostro mirrado, ese descarnamento, é excitante. (*Silencio. Ao cabo duns segundos Geneviève torce o fociño, deixa a paleta nos xeonllos, tórnase máis atenta e seria.*) Mais non, non é para nada iso. Non sei que teño hoxe, non atino coa expresión. Tía Cathiard, mudou a expresión. A súa cara é dura e desagradábel hoxe. (*Xogo de fisionomías da tía Cathiard.*) E non, non. Non é iso. Non atina a expresar o sentimento. Adopte unha fisionomía triste, moi triste. Vostede non é desagradábel, vostede está triste. Lembre o que lle dixen. Póñase coma se fose moi malpocada, como se tivese moita mágoa, faga coma se chorase. (*A fisionomía da tía Cathiard adopta unha expresión sinistra. Bótalle a Geneviève unhas olladas coma se fose unha loba. Robert, que seguiu toda a escena, érguese do diván.*) Vaia, vostede non me entende? (*Comez a impacientarse.*) Como se chorase. Tampouco é tan difícil. (*A intensidade da mirada da vella e a súa determinación vólvense tan molestas que Geneviève de súpeto arrepiase, érguese tamén e recúa.*) Por qué me está a mirar dese xeito? Endexamais me mirou dese xeito... Toleou?

ROBERT, *intervindo, serio* — Geneviève!

GENEVIÈVE, *molesta* — E ti que queres?

ROBERT — Estás moi nerviosa, non estás a traballar. E vostede, tía Cathiard, volva á súa casa. (*A tía Cathiard mira agora a Geneviève e a Robert coma aparvada.*) É mellor así, créame.

*A tía Cathiard érguese, deixa a pose.*

GENEVIÈVE — Por que dis iso? Por que fas iso?

ROBERT, *impérieux* — Je t'en prie... Ne m'oblige pas à faire plus.

GENEVIÈVE, *déposant palette et pinceaux, et payant la mère Cathiard* — Vous reviendrez demain, alors ?

ROBERT, *vivement* — Elle ne reviendra plus...

GENEVIÈVE, *impatiente et gênée* — Mais... pourquoi ?...

ROBERT, *lui coupant la parole* — Chut !...

GENEVIÈVE — Es-tu fou ?... Qu'est-ce qu'il te prend ?... Robert... ah ! Robert... toi aussi, tu as des yeux méchants...

LA MÈRE CATHIARD, *elle a fini de se déshabiller et elle est prête à partir* — Mademoiselle... monsieur Robert... faites excuse...

ROBERT — Allez, maintenant, mère Cathiard... (*L'accompagnant, très bas, de façon à n'être pas entendu de Geneviève.*) Et n'emportez pas de cette maison trop de haine !...

*La mère Cathiard sort lentement, pesamment, avec des airs de ne pas comprendre. Geneviève a sonné. La femme de chambre se présente et reconduit la mère Cathiard qui, avant de disparaître, montre son profil dur, sur le fond lumineux de la baie du vestibule.*

## SCÈNE IV

ROBERT, GENEVIÈVE

GENEVIÈVE, *fâchée, avec de petites larmes qu'elle essuie* — M'humilier ainsi... devant cette vieille mendicante !... Ah !...



ROBERT, *autoritario* — Pídocho de favor, non me obrigues...

GENEVIÈVE, *deixando a paleta e os pinces e pagándolle á tía Cathiard* — Daquela, ha volver mañá?

ROBERT — Xa non volverá máis.

GENEVIÈVE, *impaciente e molesta* — E por que?

ROBERT, *cortándolle a palabra* — Cala!

GENEVIÈVE — Estás tolo? Que che pasa? Robert, eh! Robert, ti tamén tes unha mirada perversa.

A TÍA CATHIARD, *rematou de espirse e prepárase para saír* — Señorita, señor Robert, se me desculpan...

ROBERT — Veña, tía Cathiard. (*No momento de acompañala dille moi baixo para que Geneviève non o escoite.*) E non leve moita xenreira desta casa.

*A tía Cathiard sae de vagar, pesadamente, aparentando non entender nada. Geneviève chama. Aparece a doncela para acompañar a tía Cathiard que, antes de desaparecer, mostra o seu perfil máis duro sobre o fondo luminoso da gran ventá do vestíbulo.*

## ESCENA IV

ROBERT, GENEVIÈVE

GENEVIÈVE, *enfadada, enxugando unhas pequenas bágoas* — Humillarme dese xeito, diante desa vella mendicante! Ah!

ROBERT — Geneviève ?

GENEVIÈVE — Va-t'en... ne me parle pas... Je te déteste...

ROBERT — Geneviève?

GENEVIÈVE — Jamais, je n'aurais cru cela de toi... (*Elle sanglote.*)  
Tu es donc devenu tout à fait fou? C'est odieux... odieux!...  
Qu'est-ce qu'elle va penser de moi? Qu'est-ce qu'elle va  
dire de moi?...

ROBERT — Ne pleure point... Il ne faut point, quand ils vont venir ici,  
qu'ils voient que tu as pleuré... Écoute-moi... Si tu étais une  
grande artiste, que tu fusses capable de donner à l'humani-  
té un chef-d'œuvre... de souffrance et de pitié... ce serait  
bien... Mais, pour mettre un instant, dans ta vie oisive, une  
distraktion ou une vanité... jouer ainsi avec la douleur et la  
misère des pauvres gens... je dis que c'est mal... que c'est  
indigne d'une âme haute...

GENEVIÈVE, *piquée* — Je n'ai pas la prétention d'être une grande  
artiste... pourtant, ma médaille... au Salon... l'année der-  
nière... cela veut bien dire quelque chose, il me semble...

ROBERT — Ma pauvre petite!...

GENEVIÈVE — Tu m'énerves... tu m'énerves... D'abord, je ne t'avais  
pas prié de venir ici... Je suis chez moi, ici... Pourquoi es-tu  
venu?

ROBERT, *très doux* — Je voudrais te faire comprendre... Geneviève,  
rappelle-toi notre admirable mère, dont les vertus préser-  
vèrent, si longtemps, cette maison des catastrophes qui la  
menacent aujourd'hui...

GENEVIÈVE — Eh bien!...

ROBERT — Eh bien, elle t'avait légué un grand devoir, et la plus belle,  
et la plus douce mission qu'il soit donné à une femme d'ac-  
complir... l'apaisement des ivresses de la Force, l'interces-  
sion en faveur des faibles... l'éducation des ignorances et

ROBERT — Geneviève!

GENEVIÈVE — Marcha, non me fales máis. Aborrézote.

ROBERT — Geneviève...

GENEVIÈVE — Endexamais tería imaxinado iso de ti. (*Salouca.*)  
Toleaches por completo? É espantoso... espantoso! Que vai pensar de min? Que vai dicir de min?

ROBERT — Non chores máis. Cando veñan, non é preciso que vexan que choraches. Escoita, se foses unha grande artista, capaz de lle dar á humanidade unha obra de arte, chea de sufrimento e de piedade, de acordo, mais xogar así coa dor e a miseria dunha pobre xente co gallo de póres na túa vida ociosa e por un intre unha distracción ou unha vaidade, penso que está mal, que non é digno dunha alma nobre.

GENEVIÈVE, *ofendida* — Non pretendo ser unha grande artista, mais, e a miña medalla... no Salón... o ano pasado? Iso demostra algo, paréceme a min.

ROBERT — Coitada!

GENEVIÈVE — Alporízasme, alporízasme. En primeiro lugar, non te mandei vir aquí. Estou nos meus apousentos... Por que viñeches?

ROBERT, *moi tranquilo* — Quixera que o entendeses... Geneviève, lembra á nosa admirábel nai cuxas virtudes preservaron durante tanto tempo esta casa das catástrofes que a están ameazar hoxe.

GENEVIÈVE — E ben?

ROBERT — E ben, legouche un gran deber e a máis fermosa e delicada das misións que se lle poidan encomendar a unha muller: o apazugamento dos arroutos da Forza, a intercesión en favor dos febles, a educación das ignorancias e das brutalidades. Ese deber, que non che pido que o leves

des brutalités... Ce devoir, dont je ne te demande pas de le porter – comme notre mère qui fut une sainte – jusqu’au plus complet oubli de soi... comment l’as-tu rempli?...

GENEVIÈVE — Et toi, qui as déserté la maison... toi, dont la vie renégate est le grand chagrin de notre père?... Il te sied, vraiment, de parler de devoir!

ROBERT, *ferme* — Je tâche de l’accomplir, selon mes forces, ailleurs qu’ici, où je ne puis rien... Mais toi, c’est ici que tu devais l’accomplir..,

GENEVIÈVE — Je fais ce que je peux... je suis bonne pour tout le monde... je donne à tout le monde... Et tout le monde me déteste...

ROBERT — Ce n’est pas seulement de l’argent qu’il faut savoir donner, ma pauvre Geneviève... C’est de la conscience...- c’est de l’espérance... c’est de l’amour...

GENEVIÈVE — Dis tout de suite que je suis une méchante fille...

ROBERT — Non, tu n’es pas méchante... mais tu ne sais pas avoir de l’amour...

GENEVIÈVE, *après un temps* — Je m’ennuie ici... et tous ces gens me font peur... Ils sont méchants...

ROBERT — C’est que tu es trop loin d’eux... Il n’y a pas de cœurs méchants... il n’y a que des cœurs trop loin l’un de l’autre... voilà le grand malheur!... (*Voix dans l’escalier.*) Tes amis!... Essuie tes yeux, souris... (*Il l’embrasse.*) ne sois plus triste...

GENEVIÈVE — Comment veux-tu que je ne sois pas triste quand tu me parles?... Tu me dis toujours des choses que je ne comprends pas.

*Entrent Capron, Duhormel, de la Troude.*

como o fixo a nosa nai, que foi unha santa, ata o absoluto esquecemento de ti mesma, como o estás a desempeñar ti?

GENEVIÈVE — E ti, que desertaches desta casa, ti, cuxa vida renegada é a gran mágoa do noso pai? Séntache moi ben falar de deber!

ROBERT, *categorico* — Procuo cumprilo de acordo cos meus coñecementos, xalundes coma aquí, onde non teño ningún poder. Mais ti, é aquí onde deberías cumprilo...

GENEVIÈVE — Fago o que podoo, son boa para todo o mundo, dou a todo o mundo... É todo o mundo me aborrece...

ROBERT — Non é só diñeiro o que hai que saber dar, miña pobre Geneviève. É conciencia, é esperanza, é amor.

GENEVIÈVE — Di de socate que son unha mala rapaza.

ROBERT — Non, ti non es mala, mais ti non sabes dar amor.

GENEVIÈVE, *despois dun intre* — Abúrrome aquí e toda esa xente dáme medo. Son malos...

ROBERT — Porque ti estás moi lonxe deles. Non hai corazóns ruíns, só hai corazóns lonxe os uns dos outros, velái a gran desgraza! (*Óuvense voces na escaleira.*) Os teus amigos! Enxuga os ollos, sorrí. (*Dálle un bico.*) Non te poñas triste.

GENEVIÈVE — Como queres que non me poña triste cando me falas? Sempre me dis cousas que non entendo.

*Entran Capron, Duhormel, De la Troude.*

## SCÈNE V

LES MÊMES, CAPRON, DUHORMEL, DE LA TROUDE

DUHORMEL — Et nous qui pensions vous surprendre, en plein travail, mademoiselle?

CAPRON — En pleine inspiration...

GENEVIÈVE — Je n'étais pas en train... j'ai renvoyé le modèle.

*Robert est allé près de la grande baie où il affecte de regarder le paysage.*

DE LA TROUDE, *il examine les études, aux murs* — Toujours révolutionnaire, ma chère Geneviève... impressionniste même, si j'ose dire... Du blanc... du rose... du bleu... Qu'est-ce que c'est que ça?... *(Il désigne une toile.)* Un moulin ?...

GENEVIÈVE — Oh! monsieur de la Troude... Vous voyez bien que c'est une vieille femme qui ramasse du bois...

DE LA TROUDE — Ça?... Ah ! par exemple!... *(Il a mis son lorgnon et regarde plus attentivement.)* C'est vrai!... Eh bien, au premier abord, cette vieille femme, je l'avais prise pour un moulin... Du reste, avec la nouvelle école, je m'y trompe toujours... La mer, les vieilles femmes qui ramassent du bois, les moulins, les jardins, les troupeaux de moutons, les ciels d'orage... c'est exactement la même chose... Excusez ma franchise, ma chère enfant... mais, vous le savez, en peinture, comme en politique, comme en tout... je suis une vieille ganache, moi... Charmant d'ailleurs... plein de lumière... de talent... *(Il examine d'autres études.)* Très curieux...

CAPRON — Ne l'écoutez pas... D'abord, il aime à vous taquiner... Et puis, notre ami la Troude est ce que les peintres appellent un philistin...

## ESCENA V

OS MESMOS, CAPRON, DUHORMEL, DE LA TROUDE

DUHORMEL — E nós que pensabamos sorprendela en plena faena, señorita.

CAPRON — En plena inspiración!

GENEVIÈVE — Non estaba... botei a modelo.

*Robert foi preto do corredor dende onde finxe ollar a paisaxe.*DE LA TROUDE, *examina os cadros nas paredes* — Sempre revolucionaria, miña prezada Geneviève,... até impresionista, se me atrevo a dicir. Branco... rosa... azul... Que é iso? (*Sinala un lenzo.*) Un muíño?

GENEVIÈVE — Oh! señor De la Troude, ben ve que é unha muller vella a recoller na leña.

DE LA TROUDE — Iso? Ah! Por favor! (*Pon os seus quevedos e mira máis detidamente.*) É certo! Pois ben, nunha primeira impresión, tomei a esa muller vella por un muíño. Coa nova escola, engánome sempre. O mar, mulleres vellas que recollen leña, muíños, xardíns, rabaños de ovellas, ceos de tormenta... é todo o mesmo. Desculpe a miña franqueza, miña nena, mais, vostede ben o sabe, en pintura, coma en política, coma en case todo, non son máis ca un vello zoupón. Aínda que non lle está mal... cheo de luz, de talento... (*Examina os outros lenzos.*) Moi curiosos...

CAPRON — Non lle faga caso. En primeiro lugar, estalle a tomar o pelo. E en segundo lugar, o noso amigo La Troude é o que os pintores chaman un filisteo.

DE LA TROUDE — Et je m'en vante !...

CAPRON — Et il s'en vante !...

GENEVIÈVE, à *Duhormel* — Un peu de bière, monsieur Duhormel ?...

DUHORMEL — Volontiers, mademoiselle... (*Geneviève verse de la bière.*) Merci.

GENEVIÈVE — Pourquoi mon père n'est-il pas venu avec vous ?

DUHORMEL — Hargand est en conférence avec Maigret... Il sera ici dans quelques minutes, je pense...

GENEVIÈVE — A-t-on des nouvelles de la réunion ?

DUHORMEL — Sans doute que Maigret en apportait... Nous le saurons tout à l'heure...

GENEVIÈVE — Je suis impatiente... j'ai peur...

DUHORMEL — Cela tombe mal, en effet... Je crains bien d'être obligé de remettre la grande chasse que je voulais vous offrir.

GENEVIÈVE — Vous redoutez beaucoup, n'est-ce pas ?

DUHORMEL — Beaucoup, non... Je ne crois pas qu'il y ait lieu de s'inquiéter outre mesure... Mais il est certain que la région va être bouleversée durant quelques jours...

GENEVIÈVE — Mon père voit très en noir, lui...

DUHORMEL — Hargand est pessimiste... Il s'imagine souvent des choses qui ne sont point... Le mouvement est beaucoup plus à la surface qu'en profondeur...

CAPRON, *il a quitté de la Troude* — Pourquoi y aurait-il une grève ici, où il n'y en a jamais eu ?... Voilà ce qu'il faut se dire...

DUHORMEL — Évidemment...



DE LA TROUDE — E síntome orgulloso!

CAPRON — E séntese orgulloso!

GENEVIÈVE, *dirixíndose a Duhormel* — Un pouco de cervexa, señor Duhormel?

DUHORMEL — Con moito gusto, señorita. (*Geneviève bótalle cervexa.*) Grazas.

GENEVIÈVE — Por que non os acompañou meu pai?

DUHORMEL — Hargand está a falar con Maigret, coido que chegará nuns minutos.

GENEVIÈVE — Sábese algo da reunión?

DUHORMEL — Sen dúbida Maigret veulle contar algo... Decontado o saberemos.

GENEVIÈVE — Estou impaciente... teño medo...

DUHORMEL — Chega en mal momento, xaora. Temo que terei que pospoñer a gran cazaría que desexaba ofrecerlles.

GENEVIÈVE — Recea grandes consecuencias, non si?

DUHORMEL — Non tantas. Non penso que haxa que preocuparse máis do necesario. Mais o que si é certo é que a rexión vai estar conmocionada durante algúns días.

GENEVIÈVE — Meu pai veo todo moi negro...

DUHORMEL — Hargand é pesimista. Axiña cavila cousas que non son. O movemento está moito máis na superficie que no fondo.

CAPRON, *afastouse de onda De la Troude* — Por que ía haber aquí unha folga onde endexamais a houbo? Velaí o que hai que preguntarse.

DUHORMEL — Abofé que si.

DE LA TROUDE, *il vient se rasseoir, près de Geneviève* — Évidemment...

CAPRON — Et puis, admettons... Une grève, qu'est-ce que c'est que ça... surtout, si dès le début on montre de l'énergie contre elle, et qu'on ne lui cède rien... rien?... Que peuvent ces malheureux contre l'énorme puissance industrielle et financière qu'est Hargand?... Mais aura-t-il l'énergie nécessaire?...

GENEVIÈVE, *vivement* — Vous en doutez ?

CAPRON — Non, mademoiselle... et je me suis mal exprimé... Je ne doute pas de l'énergie de votre père... c'est, au contraire, un homme très résolu, très brave... Il nous a donné, vingt fois, les preuves d'une résistance admirable... (*Un temps.*) Oui... mais il y a un peu de sa faute, dans ce qui arrive aujourd'hui.

GENEVIÈVE — Comment cela ?

CAPRON — C'est un rêveur, quelquefois... Il croit à l'amélioration des classes inférieures... (*Il lève les bras au ciel.*) à la moralisation de l'ouvrier... Quelle erreur !...

GENEVIÈVE — Généreuse, en tout cas...

CAPRON — Non, mademoiselle, il n'y a pas d'erreurs généreuses... Il y a des erreurs, tout court... Voyez-vous, il a laissé trop de choses envahir ses usines... des syndicats, des associations de toute sorte, qui sont la mort du travail, l'affaiblissement de l'autorité patronale... le germe de la révolution... Quand on donne pour vingt sous de bien-être et de liberté à un ouvrier... il en prend tout de suite pour vingt francs... C'est réglé...

DUHORMEL — Pour vingt francs... pour cent francs.

CAPRON — Lâchez-lui la bride sur le cou... et il s'emporte... Et il rue... et il ne sait plus où il va... et il casse tout... Il y a

DE LA TROUDE, *vén sentar preto de Geneviève* — Abofé que si.

CAPRON — E ademais, admitamos unha cousa, unha folga, que representa iso?, sobre todo se dende o principio un mostra firmeza contra ela sen lle facer ningunha concesión... ningunha! Que poden eses malpocados contra o enorme poder industrial e financeiro que representa Hargand? Mais terá a firmeza necesaria para afrontalos?

GENEVIÈVE, *con violencia* — Ten vostede algunha dúbida?

CAPRON — Non, señorita, expreseime mal. Non dubido da firmeza do seu pai, ao contrario, é un home resolto, moi valente... Deunos, vinte veces, as probas dunha resistencia admirábel. (*Agarda un intre.*) Mais o que está a ocorrer hoxe aquí, dalgún xeito é culpa súa.

GENEVIÈVE — Que quere dicir con iso?

CAPRON — Ás veces é un soñador... Cre na mellora das clases inferiores... (*Ergue os brazos cara ao ceo*) na moralización do obreiro. Craso erro!

GENEVIÈVE — Xeneroso, diría eu.

CAPRON — Non, señorita, non hai erros xenerosos. Cométense erros, simplemente. Vexamos. Deixou que moitas cousas invadiran as súas fábricas: sindicatos, asociacións de toda clase que representan a morte do traballo, o enfeblecemento da autoridade patronal, o xerme da revolución. Cando se lle dá benestar e liberdade a un obreiro por vinte cadelas, decontado el colle por vinte francos. É lei de vida.

DUHORMEL — Por vinte francos... por cen francos.

CAPRON — Sóltelle a corda do pescozo e xa verá como se desboca, coucea e xa non sabe para onde ha de ir ata rematar rompendo con todo. Hai tempo que o levo observando. (*Adopta un ton aseverativo e doutoral.*) O proletariado

longtemps que je l'ai observé. (*Affirmatif et doctoral*)... Le prolétaire est un animal inéducable... inorganisable... imperfectible... On ne le maintient qu'à la condition de lui faire sentir, durement, le mors à la bouche, et le fouet aux reins... J'ai dit tout cela à Hargand, autrefois... car avec ses manies d'émancipation, ses boulangeries et ses boucheries coopératives... ses écoles professionnelles, ses caisses de secours, de retraites... ses sociétés de prévoyance... toute cette blague socialiste — oui, socialiste — par quoi, loin de fortifier son pouvoir, on ne risque que de le diminuer et de le perdre... il rendait difficile, dangereuse, notre situation à nous autres qui sommes bien un peu obligés de nous modeler sur lui... Il doit s'apercevoir aujourd'hui que j'avais raison... (*Sur un mouvement de Geneviève*.) Notez, mademoiselle, que je ne crois pas, cette fois-ci, à la grève... Comme Duhormel, je suis convaincu que c'est un mouvement factice...

DUHORMEL — Parbleu !...

CAPRON — Qu'il ne repose sur rien de sérieux... par conséquent, qu'il sera facile de l'arrêter... Mais je voudrais que ce fût, pour notre ami, un avertissement, une leçon... et qu'il comprît, enfin, qu'il n'y a pas d'autres moyens de mener ces brutes que ceux qui consistent à les brider de court... à leur serrer la vis, comme ils disent. (*Il fait le geste de serrer une vis*.) Mais là, sérieusement... fortement... impitoyablement...

DE LA TROUDE — En principe, et d'une manière générale, vous êtes dans le vrai, mon cher Capron... quoique, peut-être, il y eût beaucoup à dire... pour un libéral, tel que je suis... Mais ici, la situation est particulière... Dieu merci! les idées modernes n'ont pas trop pénétré dans le pays. Les meneurs n'ont pas de prise... pas beaucoup, du moins, sur l'esprit de nos braves travailleurs...

CAPRON — Nos braves travailleurs !... heu !... heu !... Croyez-vous ?...

é coma un animal que non se pode educar, nin dispor, nin depurar. Un pode mantelo coa condición de que se lle faga sentir, sen miramentos, o bocado no fociño e o látego nos riles. Xa lle teño dito todo isto a Hargand, outrora... porque coa súa teima da emancipación, coas súas panadarías e as súas carnizarías cooperativas, coas súas escolas profesionais, cos seus montepíos e as súas caixas de pensións, coas súas sociedades de previsións... con toda esa andrómena socialista –si, socialista– con que, lonxe de fortalecer o seu poder, un arríscase a velo diminuído ou a perdelo, complícalles a vida e failles perigar a súa situación aos demais, a nós que nos sentimos na obriga de nos adaptar un pouco aos seus designios. Hoxe ten que darse conta de que eu estaba no certo. (*Tras un movemento de Geneviève.*) Repare, señorita, que esta vez non creo na folga. Do mesmo xeito que, Duhormel, estou convencido que é un movemento facticio.

DUHORMEL — Por suposto!

CAPRON — Que non se asenta en nada sólido e, xa que logo, será doado acabar con el... Mais quixera que isto fose, para o noso amigo, unha advertencia, unha lección e que comprendese, dunha vez por todas, que non hai outro xeito de manexar esas bestas, senón é atándoas curto, apertándolles as caravillas, como din. (*Fai o xesto de apertar unha caravilla.*) Mais así, adustamente, con forza, sen miramentos.

DE LA TROUDE — Ten vostede toda a razón do mundo, meu querido Capron, aínda que se cadra, un liberal coma min, tería moito que matizar... Mais aquí a situación é particular. A Deus grazas, as ideas modernas non se asentaron abondo no país. Os dirixentes non teñen ascendente... polo menos, non moito, sobre o ánimo dos nosos bos traballadores.

CAPRON — Bos traballadores! Boh! boh! Pénsao vostede de verdade?

DE LA TROUDE — Parfaitement...

CAPRON — Et ce Jean Roule qui, en quelques jours, a su déchaîner cinq mille ouvriers... cinq mille ouvriers qui, jusqu'ici, avaient résisté à toutes les excitations, à tous les appels de révolte?

DE LA TROUDE — Un songe-creux... un phraseur qui ne sait ce qu'il dit... Vous refusez vous-même de croire à ce mouvement.

CAPRON — Sans doute... sans doute... Cependant Hargand avoue l'influence de cet homme... Il prétend qu'il a de l'éloquence... de l'entraînement... un esprit de propagande et de sacrifice... un grand courage...

DE LA TROUDE — Fuu... utt!...

CAPRON — C'est plus qu'il n'en faut, soyez-en sûr, mon cher la Troude, pour empoisonner, en peu de temps, tout un pays...

DE LA TROUDE — Allons donc !... ces qualités-là sont des qualités exclusivement aristocratiques et bourgeoises. Elles ne sauraient animer l'âme d'un simple ouvrier.

GENEVIÈVE — Je ne suis pas aussi rassurée que vous... Je connais ce Jean Roule... Il est effrayant !...

DE LA TROUDE — Vous avez tort de vous effrayer... Au fond, les hommes ne sont rien, parce qu'on peut toujours les mater. Les idées seules sont terribles... Eh bien, au point de vue idées, la situation ici, je le répète, est admirable... Voyons ?... de quoi se plaindraient les ouvriers?... Ils sont très heureux...

CAPRON — Trop heureux !... C'est bien ce que je leur reproche...

DE LA TROUDE — Ils ont tout... de bons salaires... de bons logements... de bonnes assurances... et des syndicats... ce que, pour ma part, et d'accord avec vous, mon cher Capron, je trouve excessif...

DE LA TROUDE — Abofé que si.

CAPRON — E ese Jean Roule que conseguiu mobilizar nun par de días cinco mil obreiros que ata o de agora endexamais se alporizaran, resistindo a todas as chamadas de revolta?

DE LA TROUDE — Un tolo... un falangueiro que non sabe o que di. Vostede mesmo se nega a crer nese movemento.

CAPRON — Non cabe dúbida. Así e todo, Hargand recoñece a influencia dese home. Coida que sabe falar, que vén preparado, que ten espírito de propaganda e de sacrificio e moito valor.

DE LA TROUDE — Non tanto!

CAPRON — Máis do que se precisa, meu querido La Troude, para empezoñar en pouco tempo todo un país, perda coidado.

DE LA TROUDE — Veña! Eses valores son valores propiamente aristocráticos e burgueses. Non poderían saír da alma dun simple obreiro.

GENEVIÈVE — Non estou tan segura coma vostede. Coñezo a ese Jean Roule, dá medo!

DE LA TROUDE — Non ten por que asustarse. No fondo, os homes non son nada porque non sempre se poden levar ao rego. O terríbel son as ideas e, dende o punto de vista das ideas, volvo repetilo, a situación aquí é admirábel. Vexamos, de que se poderían queixar os obreiros? Son moi felices.

CAPRON — Moi felices! De feito é o que eu lles reprocho.

DE LA TROUDE — Téñeno todo: boas pagas, boas vivendas, bos seguros, ata sindicatos... o que pola miña banda, e penso o mesmo que vostede, meu querido Capron, atopo esaxerado.

CAPRON — Dites... scandaleux..., monstrueux... (*Il s'anime.*) Comment ?... Des ouvriers... de simples ouvriers... des gens sans instruction... sans moralité... sans responsabilité dans la vie... et qui n'ont pas le sou... et qui mangent, ou plutôt, qui boivent tout ce qu'ils gagnent... au fur et à mesure qu'ils le gagnent, auraient le droit de se réunir en syndicat, comme nous, les patrons... de se défendre, comme nous, les patrons, et contre nous ?... Mais, plutôt que d'admettre un droit aussi exorbitant, aussi antisocial... j'aimerais mieux brûler mes usines... oui, les brûler de ces mains que voilà!... (*Sur un mouvement de Robert.*) Ah ! j'entends bien, vous prétendez...

ROBERT, *très froid* — Moi, monsieur ?... Je ne prétends rien... je vous écoute...

CAPRON — Ta, ta, ta... vous prétendez que les idées changent, qu'elles ont changé... qu'elles changeront, un jour ?... Est-ce cela ?...

ROBERT, *très vague* — Si vous voulez !...

CAPRON — Eh bien, cela m'est indifférent... Ce que je veux constater, c'est que les intérêts sont immuables... immuables, comprenez-vous ?... Or, l'intérêt exige que je m'enrichisse de toutes les manières, et le plus qu'il m'est possible... Je n'ai pas à savoir ceci et cela... je m'enrichis, voilà le fait... Quant aux ouvriers... ils touchent leurs salaires, n'est-ce pas?... Qu'ils nous laissent tranquilles... Ah ça ! vous n'allez pas, je pense, établir une comparaison entre un économiste et un producteur tel que je suis, et le stupide ouvrier qui ignore tout, qui ignore même ce que c'est que Jean-Baptiste Say et Leroy-Beaulieu?...

ROBERT, *ironique* — Lesquels, d'ailleurs, ignorent aussi totalement ce qu'est l'ouvrier...

CAPRON — L'ouvrier ?... Heu !... L'ouvrier, mon jeune ami, mais c'est le champ vivant que je laboure, que je défonce



CAPRON — Diga mellor, escandaloso, abominábel. (*Cada vez máis afoutado.*) Como é posíbel que uns obreiros, uns simples obreiros, homes sen instrución, sen moralidade, sen responsabilidades na vida, que non teñen un can porque comen, ou mellor dito, beben todo o que gañan a medida que o van gañando, poderían ter dereito a se reuniren en sindicatos, coma nós, os patróns, a se defenderen, coma nós, os patróns, e contra nós? Mais, antes de ter que admitir un dereito tan desorbitado, tan antisocial, prefiro queimar as miñas fábricas, si, queimalas coas miñas propias mans, velas aí! (*Tras un movemento de Robert.*) Ah! Xa o entendo, vostede pretende...

ROBERT, *moi frío* — Eu, señor, non pretendo nada, só o estou a escoitar.

CAPRON — Que máis! Vostede pretende que as ideas muden, que xa mudaron, que mudarán algún día. Non si?

ROBERT, *moi impreciso* — Se vostede o di!

CAPRON — Pois ben, dáme o mesmo. O que eu quero demostrar é que os intereses son inmutábeis, inmutábeis, entende? Ora ben, o interese esixe que me enriqueza de todos os xeitos e o máis que poida. Pouco importa como, enriquezome, iso é todo. Canto aos obreiros, teñen a súa paga, non si? Entón, que nos deixen en paz! Mais, digo eu, non pensará comparar un economista e un produtor coma min co parvo obreiro que o ignora todo, que mesmo ignora quen son Jean-Baptiste Say<sup>2</sup> e Leroy-Beaulieu<sup>3</sup>?

ROBERT, *irónico* — Os cales, por outra banda, tamén ignoran completamente quen é o obreiro...

CAPRON — O obreiro?... bah! Mais o obreiro, meu novo amigo, é o agro vivo que eu traballo, que eu desfondo ata os tufos

2 Jean-Baptiste Say (1767-1832), economista francés, un dos mestres da doutrina de libre intercambio. O seu neto Léon que loitou contra o proteccionismo e o socialismo, chegaría a ser ministro de Finanzas (1872-1873; 1875-1879).

3 Leroy-Beaulieu (1843-1916), defendeu os principios liberais e foi opositor das teorías proteccionistas.

jusqu'au tuf... (*S'animant.*) pour y semer la graine des richesses que je récolterai, que j'enrangerai dans mes coffres. Quant à l'affranchissement social..., à l'égalité... à — comment dites-vous cela ? — la solidarité ?... Mon Dieu ! je ne vois pas d'inconvénient à ce qu'ils s'établissent, dans l'autre monde... Mais dans ce monde-ci... halte-là !... Des gendarmes... encore des gendarmes... et toujours des gendarmes... Voilà comment je la résous, moi, la question sociale...

DUHORMEL — Vous allez un peu loin, Capron... et je ne suis pas aussi exclusif que vous... étant plus libéral que vous... Pourtant, je ne puis nier qu'il y ait beaucoup de vérité dans ce que vous avancez...

CAPRON — Parbleu !... ce ne sont pas des paroles en l'air. Je ne suis ni un poète ni un rêveur, moi... je suis un économiste... un penseur... et, ne l'oubliez pas, un républicain... un véritable républicain... Ce n'est pas l'esprit dupasse qui parle en moi... c'est l'esprit moderne... Et c'est comme républicain, que vous me verrez toujours prêt à défendre les sublimes conquêtes de 89, contre l'insatiable appétit des pauvres !...

DUHORMEL — Il est certain qu'on ne peut rien changer à ce qui est... Dans une société démocratique bien construite, il faut des riches...

CAPRON — Et des pauvres...

DUHORMEL — C'est évident...

CAPRON — Qu'est-ce que deviendraient les riches, s'il n'y avait pas de pauvres ?

DUHORMEL — Et les pauvres, qu'est-ce qu'ils feraient, s'il n'y avait pas de riches ?

CAPRON — Cela saute aux yeux... Il faut des pauvres pour faire davantage sentir aux riches le prix de leurs richesses...

(*Animase*) para sementar o gran das riquezas que recollerei, que entullarei nas miñas arcas. Canto á liberación social, á igualdade, á —como a chama vostede— solidariedade, meu Deus, non vexo inconveniente en que se implanten no outro mundo, mais neste, xa abonda! Cos gardas, máis gardas e sempre cos gardas, velaí como resolvo eu a cuestión social.

DUHORMEL — Vostede vai un pouco lonxe, Capron, e eu non son tan exclusivo coma vostede... sendo máis liberal. Así e todo non podó negar que haxa moito de verdade niso que vostede expón.

CAPRON — Abofé que si! Non falo por falar. Eu non son nin un poeta nin un soñador, eu son un economista, un pensador e, non o esqueza, un republicano, un auténtico republicano. Non é o espírito do pasado o que fala dentro de min, é o espírito moderno. E como republicano, vostede hame ver sempre disposto a defender as sublimes conquistas de 1789<sup>4</sup> contra o insaciábel apetito dos pobres!

DUHORMEL — É certo que non se pode cambiar nada. Nunha sociedade democrática ben construída, os ricos son necesarios.

CAPRON — E os pobres...

DUHORMEL — É obvio.

CAPRON — Que sería dos ricos se non houberse pobres?

DUHORMEL — E os pobres, que farían se non houber ricos?

CAPRON — Aluma os cegos. Fan falla pobres para que os ricos poidan sentir moito máis o prezo das súas riquezas.

---

<sup>4</sup> Refírese á Revolución Francesa que deu comezo o martes 14 de xullo coa toma da Bastilla e supuxo a fin do Antigo Réxime. A Bastilla, onde eran encerrados os adversarios, así considerados polo monarca ou por outras personaxes influentes da época, foi o símbolo da tiranía monárquica.

DUHORMEL — Et des riches pour donner aux pauvres l'exemple de toutes les vertus sociales...

DE LA TROUDE — Voilà une phrase qui devrait servir d'épigraphe à toutes nos constitutions.

DUHORMEL — Et c'est tellement juste, que je veux vous faire un aveu... (*Mouvement d'attention.*) Voici... vous savez que je suis chasseur ?... Or, quand j'étais pauvre (*A Geneviève.*), car j'ai été pauvre, Mademoiselle...

CAPRON — Vous voyez qu'on n'en meurt pas...

DE LA TROUDE — Au contraire.

DUHORMEL, *reprenant* — Quand j'étais pauvre, je ne pouvais admettre qu'il y eût des chasses privilégiées... et, sincèrement je m'indignais que l'on n'accordât pas à tout le monde le droit de chasser, au moins, sur les domaines de l'Etat... Quand je suis devenu riche, j'ai changé d'avis, tout d'un coup...

CAPRON — Parbleu... Vous avez ouvert les yeux... vous avez vu clair...

DUHORMEL — Immédiatement, j'ai compris l'utilité économique des grandes chasses, où l'on voit des gens dévoués dépenser trois cent mille francs, par an, à nourrir des faisans.

CAPRON — « L'utilité économique des grandes chasses », voilà le mot...

DUHORMEL — Car enfin... la main sur la conscience... est-ce qu'un pauvre — un braconnier par exemple — pourrait dépenser trois cent mille francs, à nourrir, dans une chasse, des faisans ?...

CAPRON, *à Robert* — Parez ce coup-là, jeune homme...

DUHORMEL — Et ces trois cent mille francs... où vont-ils ? Ils vont à tout le monde... à la masse...

DUHORMEL — E ricos para daren exemplo aos pobres de todas as virtudes sociais.

DE LA TROUDE — Velaí unha frase que tería que servir de epígrafe a todas as nosas constitucións.

DUHORMEL — E é tan xusto como que lle quero confesar algo... (*Movemento de atención.*) E ben, vostede sabe que eu son cazador. Agora ben, cando eu era pobre (*Dirixíndose a Geneviève*), porque eu fun pobre, señorita, ...

CAPRON — Xa ve que un non morre por iso.

DE LA TROUDE — Ao contrario.

DUHORMEL, *retomando o fío do seu discurso* — Cando eu era pobre, non podía admitir que houbera cazarías privilexiadas e indignábame que non se lle acordase a todo o mundo o dereito a cazar, aínda que só fose nos dominios do Estado. Cando cheguei a rico, de socato mudei de parecer.

CAPRON — Certo que si! Abriu os ollos, viu todo máis claro.

DUHORMEL — Deseguida entendín a utilidade económica das grandes cazarías, onde un ve persoas consagradas gastaren trescentos mil francos, por ano, para manteren os faisáns.

CAPRON — “A utilidade económica das grandes cazarías”, velaí o termo.

DUHORMEL — E pregúntome, coa man no peito, que pobre –un cazador furtivo, sen ir máis lonxe– podería gastar trescentos mil francos para manter os faisáns nunha cazaría?

CAPRON, *dirixíndose a Robert* — Acabe con isto, mocíoño.

DUHORMEL — E eses trescentos mil francos... a quen benefician? A todos... á plebe.

CAPRON — Admirez combien la Société est maternelle... au braconnier lui-même.

DUHORMEL — Bien entendu... chacun en profite...

CAPRON — Irréfutable ?... Économiquement, scientifiquement, mathématiquement irréfutable... Toute la question est là...

DUHORMEL — Et elle est encore en ceci que mon exemple prouve qu'il est très facile à tout le monde de devenir riche... avec de l'ordre, de l'économie... et le respect des lois...

CAPRON — Eh bien ! allez leur prêcher ces saines doctrines !... Ils vous traiteront d'exploiteur, et ils vous hurleront la *Carma-gnole* au visage !... (*Il fait quelques pas, furieux, piétinant, les mains croisées derrière le dos. Puis, tout à coup, faisant le geste de serrer une vis.*) Leur serrer la vis... Il n'y a que ça... (*A Robert, qui s'est rapproché du groupe.*) Oui... Oui... riez, haussez les épaules... Vous êtes jeune... vous croyez à toutes ces balivernes... mais vous en reviendrez...

DUHORMEL — Nous avons tous été comme ça... nous avons tous été comme vous, Robert... C'est la vie... mais c'est l'expérience de la vie qui se charge de rectifier nos idées et de nous guérir de nos emballements... Ah ! la vie !... Elle n'est pas toujours drôle... pour nous surtout...

DE LA TROUDE — Nous avons des tourments, des déceptions, des souffrances, des affaires, de lourdes obligations que les pauvres ne connaissent point... Ils sont libres, les pauvres... Ils font ce qu'ils veulent... Ils n'ont à penser qu'à soi... Tandis que nous... (*Il soupire.*) Mais ce qu'il y a d'affreux dans notre situation, c'est que nous ne pouvons même pas devenir pauvres, quand nous le voulons... Ainsi, tenez, ma chère Geneviève... j'ai toujours rêvé ce joli rêve... Je voudrais avoir un petit champ, avec une toute petite maison... et une toute petite vache... et un tout petit cheval... et deux mille francs... pas un sou de plus... deux mille francs... que je gagnerais en cultivant ce petit champ... Être pauvre...

CAPRON — Estime ata que punto a sociedade é protectora, mesmo beneficiar ao cazador furtivo.

DUHORMEL — Claro está, todos se aproveitan.

CAPRON — Irrefutábel! Económica, científica e matematicamente irrefutábel... Velaí o quid da cuestión.

DUHORMEL — E iso é o que demostra o meu propio caso: é moi doado para calquera chegar a rico... con orde, con sentido da economía e no respecto das leis.

CAPRON — Pois ben, vaia predicarlles estas saudábeis doutrinas! Tratarano de explotador, berraranlle a *Carmañola*<sup>5</sup> á cara! (*Fai algúns pasos, alporizado, marcando o ritmo coas mans cruzadas detrás das costas. Logo, de socate, fai o xesto de apertar unha caravilla.*) Apertarlles as caravillas é a única solución. (*Dirixíndose a Robert quen vén de se achegar ao grupo.*) Si, si... pode rir, encollerse de ombreiros. Vostede é novo, pode crer en todas esas andrómenas... mais xa se desenganará.

DUHORMEL — Fomos todos así, fomos todos coma vostede, Robert. Así é a vida, mais a experiencia da vida encárgase de corrixir as nosas ideas e de frear os nosos arroutos. Ai, a vida! Non sempre é agradábel, sobre todo para nós.

DE LA TROUDE — Temos desacougos, decepcións, sufrimentos, negocios, duras obrigas que os pobres descoñecen. Os pobres son libres, fan o que queren. Non teñen máis que pensar en si mesmos. Mentres que nós... (*Suspira.*) Con todo, o máis horroroso da nosa situación é que nin tan sequera podemos ser pobres, aínda que o queiramos. Mire, miña prezada Geneviève, tiven sempre un fermoso soño... Gustaríame ter unha terriña, cunha casiña, unha vaquiña e un cabaliño... e dous mil francos, nin unha cadela máis.

---

5 Canción que acompañaba unha especie de rolda revolucionaria que se bailaba en 1793 á que tamén se nomeaba do mesmo xeito.

quelle joie !... comme ce serait charmant !... quelle idylle exquise et virgilienne. Ne plus avoir de responsabilités sociales... plus de dilatation d'estomac... plus de neurasthénie... plus de goutte !... car les pauvres ignorent la goutte, les veinards... Eh bien, je ne puis pas, même par le rêve, être ce pauvre heureux, candide et bien portant...

GENEVIÈVE — Qui vous en empêche ?

DE LA TROUDE — Mais, ma chère enfant, j'ai trop d'hôtels, de châteaux, de forêts, de chasses, d'amis, de domesticité... Je suis rivé à ce boulet : la richesse !... (*Soupirant.*) Il faut bien que je le tire!...

*Capron et Duhormel approuvent, en soupirant, eux aussi, et levant les bras au ciel.*

GENEVIÈVE, *se levant et allant vers la porte* — Et mon père qui ne vient pas ?... Je suis vraiment inquiète...

DE LA TROUDE, *à Duhormel et à Capron* — Vous le voyez... elle est inquiète... Est-ce que les pauvres sont jamais inquiets, eux?... (*Il se lève*). Et ils nous envient !... (*En se retournant, il voit Robert qui est revenu s'appuyer à la grande baie de l'atelier.*) Pourquoi restez-vous dans votre coin?... Pourquoi ne dites-vous rien?...

ROBERT, *pendant toute cette scène, a donné des signes d'énervement* — Et que pourrais-je vous dire?... Vous êtes les sourds éternels... Vous n'entendez pas plus ce qui vous implore que ce qui vous menace !... Avec moins de pitié encore, avec un orgueil plus féroce et plus âpre, vous êtes pareils à ceux d'il y a cent ans... Quand la Révolution était déjà sur eux... qu'elle leur enfonçait dans la peau ses griffes, et qu'elle leur soufflait au visage son haleine de sang... ils disaient, comme vous: « Mais non, ça n'est rien ! ça toujours été comme ça!... L'heure du pauvre ne viendra jamais!... » Elle est venue, pourtant... avec le couperet!...



Dous mil francos, que gañaría traballando a miña terra. Ser pobre, que ledicia!..., sería estupendo!... que idilio exquisito e virxiliano. Non ter máis responsabilidades sociais, máis inchazón de estómago, máis neurastenia, máis gota, porque os pobres descoñecen a gota, os chambóns... Pois ben, eu non podoo, nin en soños, ser ese pobre feliz, cándido e con boa saúde...

GENEVIÈVE — E quen llo impide?

DE LA TROUDE — Pero miña nena, teño moitas casas, castellos, fragas, cazarías, amigos, servidume... Teño que cargar con ese fardo: a riqueza! (*Suspirando.*) Teño que cargar con ela!

*Capron e Duhormel asenten, suspirando tamén eles e erguen os brazos cara ao ceo.*

GENEVIÈVE, *érguese e vai cara á porta* — E meu pai que non chega!... Estou inqueda...

DE LA TROUDE, *a Duhormel e a Capron* — Ven... está preocupada. Están os pobres algunha vez preocupados? (*Érguese.*) Téñennos envexa! (*Ao dar a volta ve a Robert que se volveu apoiar na ampla ventá do obradoiro.*) Por que fica vostede no seu recuncho? Por que non di nada?

ROBERT, *durante toda esta escena deu mostras de nerviosismo* — E que podería dicirlles eu? Vostedes son os xordos de sempre... Só escoitan a quen lles implora, a quen os ameaza! Con menos piedade aínda, cun orgullo máis feroz e máis rudo, parécense aos de hai cen anos. Cando a Revolución xa caera sobre eles, cando xa lles cravaba as unllas na carne e lles respiraba na face o seu alento de sangue, tamén dicían como agora vostedes: "Mais non, iso non é nada! Sempre foi así!... A hora do pobre non chegará endexamais!". Así e todo chegou... coa coitela!

CAPRON — Qu'est-ce que vous nous chantez-là ?... La Révolution !... c'est nous qui l'avons faite !

ROBERT — Vous l'avez faite !... mais elle vous emporte aujourd'hui !...  
(*On entend un bruit confus, des clameurs encore lointaines, des chants. Robert ouvre la fenêtre et la main dans la direction du bruit.*) Entendez-vous, seulement ?...

*Tous ils tendent le cou vers la fenêtre.*

CAPRON — Qu'est-ce que c'est ?...

ROBERT — C'est le Pauvre qui vient !... (*Silence dans l'atelier. Les clameurs se rapprochent. Les chants se précisent. Tous les trois ils écoutent, le cou, de plus en plus étiré, immobiles, très pâles.*) C'est le Pauvre qui vient !... le Pauvre que vous niez, monsieur de la Troude... le Pauvre que vous labourez, que vous soulevez en grosses mottes rouges, monsieur Capron. (*Les cris de : « Vive la grève ! sont presque distincts.*) L'entendez-vous venir, cette fois ?... Il vient ici aujourd'hui... Demain, il sera partout ?... (*Dans le bruit sourd, le roulement d'une troupe en marche, on entend les rythmes de la Carmagnole.*) Je crains, en effet, monsieur Duhormel, que votre chasse soit un peu compromise... (*Robert ferme la fenêtre.*) Alors, c'est fini !... Vous ne dites plus rien ?... Et votre ardeur de combat... votre héroïsme ?... En déroute déjà ?... Quoi !... il a suffi que quelques pauvres chantent sur un chemin... pour que, maintenant, vous soyez-là... silencieux... et pâles de terreur ?...

CAPRON — De terreur ?... Qu'est-ce que vous dites !... Vous !... Moi !... Ah ! par exemple... (*Le bruit des clameurs augmente... montrant le poing à la fenêtre.*) Misérables !...

DE LA TROUDE, *dominant sa peur* — Laissez donc !... Ils sont ivres !...

ROBERT — Ivres ? Peut-être... Mais de quoi ?... Le savez-vous ?

CAPRON — Que me está a contar? A Revolución!, fixémosla nós!

ROBERT — Fixérona!... mais hoxe apodérase de vostedes! (*Escóitase un ruído confuso, berros aínda arredados, cantigas. Robert abre a fiestra e dirixe a man na dirección do ruído.*) Escóitao vostede?

*Tenden o pescozo cara á fiestra.*

CAPRON — Que é iso?

ROBERT — É o Pobre que chega! (*Silencio no obradoiro. Achéganse os berros. Precísanse as cantigas. Os tres escoitan, co pescozo cada vez máis estirado, inmóbiles, esbrancuxados.*) É o Pobre que chega!... O Pobre que vostede nega, señor De la Troude... o Pobre que vostede asoballa, que vostede subleva en grosas leibas roxas, señor Capron... (*Os berros de: "Viva a folga!" son case perceptíbeis.*) Escóitao chegar esta vez? Hoxe vén aquí, mañá estará por todas partes. (*No ruído xordo do movemento dunha tropa en marcha, escóitanse os compases da Carmañola.*) De feito, señor Duhormel, sinto que a súa cazaría se vai ver un pouco comprometida... (*Robert pecha a fiestra.*) Entón, remataron? Xa non din nada máis? É o seu ardor guerreiro, o seu heroísmo? Derrotados xa? Como! Chega con que uns pobres canten nun camiño para que fiquen aí, silenciosos e mortos de medo?

CAPRON — De medo?... Que di?... Vostede!... Eu!... Ah! non é posíbel... (*O ruído dos berros vai en aumento. Mostra o puño cara á fiestra.*) Miserábeis!

DE LA TROUDE, *dominando o seu medo* — Déixeos!... Están bébedos!

ROBERT — Bébedos? Se cadra. Mais de que? Sábeo vostede?

CAPRON — Ah ! vous m'embêtez à la fin, vous ! Pourquoi êtes-vous ici, aujourd'hui ? Pourquoi êtes-vous ici ?... C'est clair, maintenant !... Ah ! Ah ! ce sont vos amis !... Vous êtes venu... Parbleu !

ROBERT — Remettez-vous, monsieur !...

DUHORMEL — Allons donc !... allons donc !... Ce n'est pas sérieux... Je ne puis pas admettre que ce soit sérieux !... Ils s'amusent !...

GENEVIÈVE, *anxieuse, les yeux toujours sur la porte* — Et mon père !... Mon père qui ne vient pas !...

CAPRON — A-t-on fermé les grilles du château ?...

GENEVIEVE, *affolée, sonne, va dans le vestibule, elle se penche sur la balustrade de l'escalier* — Joseph !... Adèle !... Baptiste !... (*Elle se penche davantage.*) Fermez les grilles... faites fermer les grilles... (*Agitée et tremblante, elle rentre dans l'atelier où Robert essaie de la calmer.*) Mon Dieu ! mon Dieu !...

CAPRON — Pourvu que nous puissions rentrer chez nous ! (*Hargand paraît.*) Ah ! enfin, voici Hargand !...

GENEVIÈVE — Mon père !... mon père !...

*Tous entourent Hargand.*

## SCÈNE VI

LES MÊMES, HARGAND

CAPRON — Eh bien ?

HARGAND, *regardant ses amis l'air étonné, presque méprisant* — Rassurez-vous, mon cher Capron... les grilles sont fermées...

CAPRON — Ah! Estame a amolar! Por que está vostede aquí? Agora está claro! Ah! ah!, son os seus amigos!... Vostede veu... Por suposto!

ROBERT — Acougue, señor!

DUHORMEL — Veña!... Veña!... Isto non vai en serio... Non podo admitir que isto vaia en serio!... Andan de esmorga!...

GENEVIÈVE, *ansiosa, cos ollos dirixidos sempre cara á porta* — E meu pai!... Meu pai que non chega!...

CAPRON — Pecharon as portas do castelo?

GENEVIÈVE, *morta de medo, chama polo servizo, vai ao vestíbulo e asómase á varanda da escaleira* — Joseph!... Adèle!... Baptiste!... (*Asómase aínda máis.*) Pechade as portas... que pechen as portas... (*Asustada e tremendo, volve ao obradoiro onde Robert trata de calmala.*)

CAPRON — Con tal de que poidamos volver ás nosas casas! (*Hargand aparece.*) Ah! por fin, velái está Hargand!...

GENEVIÈVE — Meu pai!... meu pai!...

*Todos rodean a Hargand.*

## ESCENA VI

OS MESMOS, HARGAND

CAPRON — E ben?

HARGAND, *mirando os seus amigos con cara estrañada, case de desprezo* — Acougue, meu querido Capron... as portas do castelo están pechadas.

CAPRON — Oui... mais... la route ?...

HARGAND — La route est libre par le haut du parc... J'ai donné l'ordre d'atteler vos chevaux... Vous pourrez rentrer chez vous, sans crainte... Vous en serez quitte pour faire un détour.

CAPRON — Partons, alors !...

*Les clameurs qui n'ont pas cessé, arrivent plus violentes. On entend très distinctement : « A bas les Hargand ? Vive la grève ! ».*

DE LA TROUDE — Partons... partons !... Jamais je n'aurais cru... Et mon chapeau !... Où est mon chapeau ?... (*Il cherche vainement son chapeau.*) C'est abominable !... Car enfin... la grève ici !... Où allons-nous ?... mon chapeau ?...

HARGAND, *il prend le chapeau visible sur un meuble* — Ne vous agitez pas ainsi, La Troude !... Le voici !... Et partez !...

CAPRON, *solennel et prenant les mains d'Hargand* — Mon cher Hargand... vous avez épuisé tous les moyens de conciliation... vous les avez gorgés... Pour ces bandits, vous vous êtes dépouillé... Vous leur avez donné jusqu'à votre chemise... Que veulent-ils encore ?... Ah ! non ! Vous n'avez pas à hésiter... La parole, maintenant, n'est plus qu'aux fusils... De l'énergie, mon ami !... et des troupes surtout !... des troupes, des troupes !... Songez que ce n'est pas seulement vous et vos usines que vous défendez... c'est nous, diable !... c'est la liberté du travail... c'est la société !...

DUHORMEL — Ne cédez pas d'un pouce !... Ils auront vite capitulé !...

CAPRON — Ah !... si vous leur aviez serré la vis !... Vous l'ai-je assez dit !...

DE LA TROUDE — Je suis à jamais dégoûté du libéralisme !... De l'énergie !...

CAPRON — Si... mais... o camiño?

HARGAND — O camiño está libre pola parte superior do parque. Xa dispuxen que engancharan os seus cabalos. Poderán volver á casa, sen temor. Libraranse dando un arroteo.

CAPRON — Daquela marchemos xa!

*Os berros, que non remataron, chegan máis violentos. Óvese con claridade: "Abaixo os Hargand! Viva a folga!"*

DE LA TROUDE — Marchemos... marchemos! Quen o ía pensar... E o meu chapeu?... (*Busca o seu chapeu en van.*) É abominábel!... Nunha palabra... a folga aquí!... Que vai ser de nós?... o meu chapeu?

HARGAND, *colle o chapeu visíbel por riba dun móbel* — Non se asuste así, La Troude! Velái o ten! E marche!

CAPRON, *solemne e colléndolle as mans a Hargand* — Meu querido Hargand, esgotou todos os medios de conciliación, ateigou eses bandidos... Por eles, ficou en coiro... Deullas ata a súa camisa. Que queren aínda? Ah! non! Non o dubide. De agora en diante hai que cederlles a palabra aos fusís. Coraxe, meu amigo!... e sobre todo apele ás tropas!... ás tropas, ás tropas! Pense que non se trata só de defenderse vostede e as súas fábricas... senón a todos nós, que demo! ... á liberdade do traballo... á sociedade...

DUHORMEL — Non ceda nin un ápice... Non tardarán en capitular!

CAPRON — Ah!... se vostede lles tivese apertado as caravillas! Xa llo dixen moitas veces...

DE LA TROUDE — Farteime para sempre do liberalismo! Ánimo!

HARGAND, *obsédé* — Oui... oui... Comptez sur moi !... Au revoir...  
Partez !

CAPRON — Vous êtes sûr au moins que la route est libre ?

HARGAND — Sûr... Mais partez !...

CAPRON — Et des troupes !... tout de suite !...

DUHORMEL — Un exemple... un exemple terrible !...

DE LA TROUDE — Nous comptons sur vous !...

HARGAND — Oui... oui !... (*Adieux... Ils partent, tous les trois... Ironique, les regardant partir.*) Ah ! les pauvres diables. Et ce sont mes alliés ?

## SCÈNE VII

HARGAND, ROBERT, GENEVIÈVE

*Au dehors, cris, clameurs, chants, avec des flux et des reflux, comme des vagues. Hargand, un peu sombre, mais très calme, s'est assis dans un fauteuil, entouré de Geneviève, tremblante, et de Robert, tristement songeur.*

HARGAND — Donne-moi un peu d'eau, Geneviève. (*Geneviève verse dans un verre de l'eau qu'Hargand boit avidement.*) Merci, mon enfant !... (*Un court silence.*) Et toi, Robert ?

ROBERT — Mon père !...

HARGAND — Ta place n'est plus ici... Je ne veux pas t'obliger à choisir entre tes sentiments... tes idées et moi !...



HARGAND, *atormentado* — Si ... si... Conten comigo!... Adeus...  
Marchen!

CAPRON — Está vostede seguro de que o camiño está despexado?

HARGAND — Seguro. Marchen xa!

CAPRON — E as tropas? Chámeas, non se demore!

DUHORMEL — Hai que darlles un escarmento... un escarmento  
terrible!

DE LA TROUDE — Contamos con vostede!

HARGAND — Si... si!... (*Adeuses. Marchan os tres. Irónico, véndoos  
marchar.*) Ah! pobres diaños. E estes son os meus aliados?

## ESCENA VII

HARGAND, ROBERT, GENEVIÈVE

*Fóra óuvense berros, barullo, cantigas, con truques e retruques, coma ondas. Hargand, un pouco melancólico mais moi tranquilo, senta nunha cadeira de brazos, acompañado por unha Geneviève tremente e por Robert, tristemente soñador.*

HARGAND — Dáme un pouco de auga, Geneviève. (*Geneviève bota nun vaso auga que Hargand bebe con degoiro.*) Grazas, miña nena! (*Faise un curto silencio.*) E ti, Robert?

ROBERT — Meu pai!

HARGAND — O teu sitio non está aquí... Non quero obrigarte a ter que escoller entre os teus sentimentos... as túas ideas e mais eu!

ROBERT — Mon père !...

HARGAND — Tu partiras ce soir !

ROBERT — J'allais vous le demander, mon père... (*Gêné et timide.*)  
Mais, avant de partir, permettez-moi...

HARGAND, *l'interrompant* — Pas un mot, je t'en prie !... Je ne te reproche rien... je ne t'accuse de rien !... (*Au milieu du bruit, on entend distinctement « Vive Robert Hargand ! Vive la grève ! ». Robert, stupéfait, veut protester. Hargand l'arrête d'un geste. Court silence très pénible. Enfin, le cœur serré, la voix un peu altérée, Hargand reprend.*) Je ne t'accuse de rien !... Mais n'augmente pas, par d'inutiles paroles... la distance douloureuse que cet... événement met, aujourd'hui, entre nous deux !...

ROBERT — Mon père !... mon père !...

HARGAND, *très noble* — Entre nous deux, mon enfant, il ne doit y avoir, désormais, que du silence !

*Il se lève.*

ROBERT, *ému, se précipitant dans les bras de son père* — Je vous aime... je vous respecte !... Et j'ai confiance... dans votre pitié... dans votre justice...

*A ce moment, une pierre, lancée du dehors ayant brisé, l'un des carreaux de la baie, vient rouler au pied d'Hargand. Geneviève pousse un cri.*

HARGAND, *ramassant la pierre* — La justice !...

*Il pose la pierre sur un meuble. Rideau.*

ROBERT — Meu pai!

HARGAND — Marcharás esta noite!

ROBERT — Íallo pedir, meu pai... (*Molesto e tímido.*) Mais, antes de marchar, permítame...

HARGAND, *interrompéndoo* — Nin unha palabra, prégocho! Non che reprocho nada, non te acuso de nada! (*No medio do ruído distínguese con claridade "Viva Robert Hargand! Viva a folga!". Robert, abraiado, quere protestar. Hargand deténo cun aceno. Curto silencio moi molesto. Finalmente co corazón nun puño, coa voz un pouco alterada, Hargand prosegue.*) Non te acuso de nada! Mais non aumentes con palabras inútiles, a distancia dolorosa que este... suceso pon hoxe ente nós os dous!

ROBERT — Meu pai!... Meu pai!

HARGAND, *moi nobre* — Entre nós os dous, meu fillo, non haberá máis que silencio a partir de agora.

*Érguese.*

ROBERT, *emocionado, precipítase nos brazos do seu pai* — Quéroo... respéctoo!... É confío na súa piedade... na súa xustiza...

*Nese intre, dende fóra, guindan unha pedra que tras escachar un dos cristais da ventá, vén rodando aos pés de Hargand. Geneviève berra.*

HARGAND, *recollendo a pedra* — Xustiza!

*Pon a pedra encol dun móbel. Pano.*

## ACTE TROISIÈME

*Le cabinet d'Hargand. Meubles sévères et riches. Porte au fond. A droite et à gauche de la porte, grandes bibliothèques. Les murs couverts de tapisseries anciennes. Sur la cheminée, placée entre deux fenêtres, un buste de marbre. En face de la cheminée, grand bureau, chargé de papiers. Fauteuils à dossier haut. Divans. Vitrines avec des échantillons de minerais et de pierre. Au lever du rideau, Hargand, assis à son bureau, travaille. Un domestique introduit Maigret. Maigret s'assied, en face d'Hargand, de l'autre côté du bureau.*

## SCÈNE PREMIÈRE

HARGAND, MAIGRET

MAIGRET, *apercevant une lampe, près d'Hargand, sur le bureau, en désordre* — Ah!... vous ne vous êtes pas encore couché, cette nuit !...

HARGAND — Je me suis reposé, quelques heures, sur ce divan...  
Quelles nouvelles ?

JEAN ROULE, *d'une voix qui domine le bruit* — Mes amis... écoutez-moi... Si quelques-uns, parmi vous, ont des reproches à me faire, qu'ils les fassent !... des accusations à porter... qu'ils les portent!... Mais comme des hommes libres... et non comme des gamins!... Nous sommes ici pour nous expliquer entre braves gens... non pour nous injurier et nous battre.

*Murmures.*



UNHA VOZ NA MULTITUDE — Calade!

OUTRA VOZ — Sacádeo de aquí!

PIERRE ANSEAUME — Se berrades así van ser as tropas as que vos van sacar de aquí!

DIVERSAS VOCES, *a saíren de diferentes lugares* — Silencio! Silencio!

*Aos poucos restabelécese a orde, acougan os berros. Madeleine vén sentar no chanzo máis alto. Hai mulleres sentadas nos chanzos inferiores, apertadas unhas contra as outras. Jean Roule adiántase. Está tranquilo e esbrancuxado. Xa só se ve o seu rostro. E a morea de mulleres sentadas reméxese dubidosa na penumbra, por riba das cabezas axitadas da multitude que enche agora toda a encrucillada. Jean estende o brazo, fai un aceno.*

ALGUNHAS VOCES, *saen de aquí e de acolá* — Escoitade! Escoitade!

*Movemento de atención.*

JEAN ROULE, *cunha voz resolta* — Meus amigos...

UNHA VOZ NA MULTITUDE — Non somos os teus amigos.

*Berros: “Veña, silencio! Escoitádeo”.*

JEAN ROULE, *cunha voz que domina o ruído* — Meus amigos... escoitade... Se algún de vós ten algún reproche que facerme, que mo faga! Se ten que lanzarme algunha acusación, que o faga! Mais, como homes libres e non como nenos! Estamos aquí para falarmos entre xente de ben, non para insultarnos e pelexar.

*Murmurios.*

VOIX DE LA FOULE — Oui... oui !... C'est cela !...

UN OUVRIER — Parle! parle !... Nous t'écoutons...

PIERRE ANSEAUME — Et silence aux vendus !...

*Exclamations.*

JEAN ROULE — Vous avez le droit de discuter... de juger mes actes... Si je n'ai plus votre confiance, vous pouvez me retirer le mandat que vous m'aviez délégué... Je crois l'avoir rempli au mieux de votre dignité et de vos intérêts... Si je me suis trompé, je vous le rends. Donnez-le à un plus digne, à un plus dévoué !

VOIX DIVERSES — Non !... non !... Si... si... Silence !... Silence !...

JEAN ROULE, *au milieu du bruit et le dominant* — Mais, au nom de votre honneur... au nom de l'idée pour laquelle nous luttons, ne salissez pas un homme qui n'a qu'une pensée : vous aimer... qu'un but : vous servir... et cette illusion, peut-être de vous croire des héros capables de vous émanciper... alors que vous ne seriez que des esclaves, tendant le col à de nouveaux carcans... les mains à de plus lourdes chaînes !...

*Légers murmures, des oh! des ah! mais plus timides. On sent que, d'après le silence relatif qui suit ces paroles, Jean Roule a repris un peu plus d'autorité momentanée sur la foule. Un temps.*

*Ces reproches... ces accusations qu'on colporte, depuis quelque temps, de groupe en groupe, de maison en maison, pour semer la désunion parmi nous, et nous faire plus désarmés devant nos ennemis... je les connais... et je vais y répondre... À cela, seulement !... car vous me désestimeriez si je m'arrêtais, un seul instant, aux ignobles calomnies... dont il n'est pas difficile de trouver la source impure.*

*Murmures encore. Oh! Ah!*

VOZ NA MULTITUDE — Si, si! Iso é!

UN OBREIRO — Fala! fala! Escoitámoste...

PIERRE ANSEAUME — E que calen os vendidos!

*Exclamacións.*

JEAN ROULE — Tedes dereito a protestardes, a xulgardes os meus actos. Se perdín a vosa confianza, podédesme quitar o poder que me tiñades delegado. Coido telo cumprido á altura da vosa dignidade e dos vosos intereses. Se me trabuquei, devólvovolo. Dádello a alguén máis digno da vosa confianza, a alguén máis servizal!

DIVERSAS VOCES — Non! non! Si! Si! Silencio! Silencio!

JEAN ROULE, *no medio do ruído e dominándoo* — Mais, pola vosa dignidade, polo soño polo que loitamos, non deshonredes un home que só desexa unha cousa: querervos; que só ten unha finalidade: servirvos... e esa ilusión, se cadra, de coidar que podíades ser heroes capaces de emanciparvos cando non erades máis que escravos, tendendo o pescozo a novas picotas e as mans a cadeas máis pesadas!

*Pequenos murmurios, algún "oh!", algún "ah!", mais algo máis tímidos. Parece que despois do silencio relativo que segue ás súas palabras, Jean Roule recuperou un pouco máis de autoridade—autoridade aínda pasaxeira— sobre a multitude. Agarda un intre.*

*Eses reproches... esas acusacións que se propalan, desde hai algún tempo, de grupo en grupo, de casa en casa, para sementar a discordia entre nós e para desarmarnos ante os nosos inimigos, xa os coñezo e vounos contestar. Só a iso, xa que me desestimariades se me parase, un só intre, ante as calumnias noxentas das que non é difícil atopar a orixe impura.*

*Máis murmurios. "Oh!", "Ah!"*

PIERRE ANSEAUME — Bravo!... bravo!...

JEAN — Vous me reprochez — et c'est là le plus gros grief qui me soit imputé — vous me reprochez d'avoir refusé le concours des députés radicaux et socialistes qui voulaient s'immiscer dans nos affaires... et prendre la direction de la grève ?...

VOIX DIVERSES — Ah ! Ah !... Oui... oui... Silence... Écoutez !...

JEAN — J'ai fait cela... c'est vrai !... et je m'en honore! (*Mouvements divers.*) Vos députés !... ah! je les ai vus à l'œuvre!... Et vous-mêmes, vous avez donc oublié déjà le rôle infâme... la comédie piteusement sinistre qu'ils jouèrent dans la dernière grève... et comment... après avoir poussé les ouvriers à une résistance désespérée, ils les livrèrent... diminués... dépouillés... pieds et poings liés... au patron... le jour même ou un dernier effort... un dernier élan... l'eussent obligé à capituler... peut-être !... Eh! bien, non !... Je n'ai pas voulu que, sous prétexte de vous défendre, des intrigants viennent nous imposer des combinaisons où vous n'êtes — entendez-vous — qu'un moyen pour maintenir et accroître leur puissance électorale... et qu'une proie pour satisfaire leurs appétits politiques !... Vous n'avez rien de commun avec ces gens-là ! Leurs intérêts ne se confondent pas plus dans les vôtres... que ceux de l'usurier et de son débiteur... de l'assassin et de sa victime!...

*Mouvements en sens divers : un frémissement qui sent la bataille court dans la foule et l'agite. Jean Roule, d'une voix plus forte.*

*Voyons !... qu'ont-ils fait pour vous ?... qu'ont-ils tenté pour vous ?... Où est-elle la loi libératrice qu'ils aient votée... qu'ils aient proposée, même ?...*

UNE VOIX — C'est vrai !... c'est vrai !...

PIERRE ANSEAUME — Bravo! bravo!

JEAN — Reprochádesme — e é a maior queixa que se me imputa—, reprochádesme que rexeitara a participación dos deputados radicais e socialistas que querían inmiscirse nos nosos asuntos... e tomaren a dirección da folga!

DIVERSAS VOCES — Ah! ah!... Si... si... Silencio. Escoitade!

JEAN — Fixen iso, é certo, e comprázome! (*Diversos movementos.*) Os vós deputados! Ah! vin como traballan!... E vós, xa esquecestes o papel mesquiño, o numeriño patético e deprimente que montaron durante a última folga e como despois de teren empurrado os obreiros a unha resistencia desesperada, libráronos ao patrón, diminuídos, despoixados, atados de pés e mans, o mesmo día en que un derradeiro esforzo, un derradeiro pulo, se cadra o tería obrigado a capitular? Pois ben, non! Eu non quixen que coa desculpa de virvos defender, uns intrigantes nos veñan impor argalladas onde non sodes, escoitádeme ben, máis que un medio para manter e aumentar o seu poder electoral, máis que unha prea para satisfacer as súas ambicións políticas! Non tedes nada que ver con esa xente! Os seus intereses non se poden mesturar cos vós, como os dun usureiro cos do seu debedor, nin os dun asasino cos da súa vítima!

*Movementos en diferentes sentidos: un estremecemento que ule a batalla percorre a multitude e desacóugaa. Jean Roule, cunha voz máis forte.*

*Vexamos, que fixeron por vós? Que intentaron facer por vós? Onde está a lei liberadora que votaron, ou que polo menos propuxeron?*

UNHA VOZ — É certo! É certo!

JEAN — Et à défaut de cette loi... impossible... je l'accorde... un cri... un seul cri de pitié qu'ils aient poussé ?... ce cri qui sort des entrailles mêmes de l'amour... et qui maintient aux âmes des déshérités... l'indispensable espérance... cherchez-le... redites-le-moi... et, nommez-m'en un seul, parmi les politiques, un seul, qui soit mort pour vous... qui ait affronté la mort pour vous !...

ZÉPHIRIN BOURRU, *parmi les murmures* — Bravo !... C'est vrai !... À bas la politique !... À bas les députés !

JEAN — Comprenez donc qu'ils n'existent que par votre crédulité !... Votre abrutissement séculaire, ils l'exploitent comme une ferme... votre servitude, ils la traitent comme une rente... Vous, vivants, ils s'engraissent de votre pauvreté et de votre ignorance... et, morts, ils se font un piédestal de vos cadavres !... Est-ce donc ce que vous vouliez ?

UNE VOIX — Non!... non!... Il a raison!...

JEAN — Et le jour où les fusils des soldats abattent sur le sol rouge, vous... vos enfants et vos femmes, où sont-ils?... A la Chambre?... Que font-ils?... Ils parlent?... (*Applaudissements et protestations.*) Pauvre troupeau aveugle, vous laisserez-vous donc toujours conduire par ces mauvais bergers?...

JULES PACOT, *parmi les grondements* — Il ne s'agit pas de tout ça !...

FRANÇOIS GOUGE — Nous ne sommes pas des troupeaux !

JULES PACOT — Il nous insulte... nous sommes autant que lui !...

PHILIPPE HURTEAUX, *se hissant sur un tronc d'arbre abattu* — Assez causé !... Dis-nous donc ce que tu as fait de l'argent ?...

VOIX — Oui !... oui !... l'argent !... l'argent !...

JEAN ROULE — Qui parle ainsi ?...

JEAN — E á falta desa lei, imposíbel, estou de acordo, proferiron algún laio, un só laio de piedade? Ese laio que sae das entrañas mesmas do amor e que mantén a esperanza indispensable nas almas dos desherdados. Buscádeo, repetídemolo e nomeádemelo un só entre os políticos, un só, que morrese por vós, que enfrontase a morte por vós!

ZÉPHIRIN BOURRU, *entre os murmurios* — Bravo! Ten razón! Abaixo a política! Abaixo os deputados!

JEAN — Compreendedes logo que non existen máis que pola vosa credulidade. Explotan o voso embrutecemento secular coma un arrendo, tratan a vosa servidume coma unha renda. Estando vós vivos, enriquecéndose coa vosa pobreza e coa vosa ignorancia, e unha vez mortos, fan un pedestal cos vosos cadáveres. É iso o que queredes?

UNHA VOZ — Non! non! Ten razón!

JEAN — E cando chegue o día en que os fusís dos soldados vos sacrifiquen sobre o chan vermello, a vós, aos vosos fillos e ás vosas mulleres, onde estarán eles? Na Cámara? Facendo que? Falando? (*Aplausos e protestas.*) Pobre rabaño cego, deixaredes logo que vos sigan a guiar eses malos pastores?

JULES PACOT, *entre os refungos* — Non se trata diso!

FRANÇOIS GOUGE — Non somos rabaños!

JULES PACOT — Estanos a insultar... somos tanto coma el!

PHILIPPE HURTEAUX, *subíndose ao tronco dunha árbore abatida* — Xa falaches dabondo! Dinos agora que fixeches cos cartos?

VOZ — Si! Si! Os cartos! Os cartos!

JEAN ROULE — Quen fala así?

PHILIPPE HURTEAUX, *il descend et s'avance au pied des marches du Calvaire* — Moi !... Philippe Hurteaux !...

JEAN ROULE — On te trompe, Philippe Hurteaux... Et pourquoi m'obliges-tu à leur dire publiquement que je n'ai rien gardé... et que je vous ai donné ma part ?...

VOIX — Allons donc !... Bravo !... bravo !... (*Philippe discute avec animation et rentre dans la foule.*) La preuve !... la preuve ....

PIERRE ANSEAUME — Silence donc !... Silence aux canailles... silence aux vendus !...

*Tumulte.*

JEAN ROULE, *dominant le tumulte, et d'une voix retentissante* — Laissez-moi parler !... Vous ne m'empêchez pas de parler... vous qui vous faites les complices de nos ennemis et les porte-voix de leurs imbéciles calomnies !...

VOIX — Écoutez !... écoutez !...

JEAN ROULE — Ah ! je lis dans vos âmes... Vous avez peur d'être des hommes... De vous sentir affranchis et désenchaînés, cela vous effare... Vos yeux habitués aux ténèbres n'osent plus regarder la lumière du grand soleil... vous êtes comme le prisonnier que l'air de la plaine, au sortir du cachot, fait chanceler et tomber sur la terre libre !... Il vous faut encore... il vous faut toujours un maître !... Eh bien, soit!... Mais choisissez-le... et, oppression pour oppression... maître pour maître... (*Mouvement de la foule... avec un grand geste.*) gardez le patron !... (*Explosion de colère.*) Gardez le patron!... (*Poings levés et bouches hurlantes, les grévistes se massent plus près du Calvaire. Jean descend deux marches et empoignant par les épaules, un gréviste, il le secoue, et d'une voix retentissante.*) Le patron est un homme comme vous !... On la devant soi... on lui parlé... on l'émeut... on le menace... on le tue !... Au moins il a un visage, lui... une poitrine où enfoncer le couteau!... Mais allez donc émouvoir cet être sans



PHILIPPE HURTEAUX, *baixa e adiantase ao pé dos chanzos do cruceiro* — Eu! Philippe Hurteaux!

JEAN ROULE — Enganáronte, Philippe Hurteaux. E por que me obrigas a dicirllas publicamente a todos que eu non gardei ren e que vos din a miña parte?

VOCES — Veña de aí, ho! Bravo! Bravo! (*Philippe discute con animación e volve entrar na multitude.*) Dános a proba! A proba.

PIERRE ANSEAUME — Silencio pois! Que calen os canallas... que calen os vendidos!

*Tumulto.*

JEAN ROULE, *dominando o tumulto e cunha voz atronadora* — Deixádeme falar! Non me impediredes que fale, vós que vos facedes os cómplices dos nosos inimigos e os voceiros das súas estúpidas calumnias!

VOCES — Escoitade! Escoitade!

JEAN ROULE — Ah! estou a ler nas vosas almas. Tedes medo de ser homes. Asústavos sentírdesvos libres e desencadeados. Os vosos ollos afeitos ás tebras non se atreven a mirar a luz do gran sol. Sodes coma o prisioneiro ao quen o ar da chaira, ao saír do calabozo, fai cambalear e caer sobre a terra libre! Precisades aínda, precisades sempre un amo! Pois ben, que así sexa! Mais escollédeo ben e opresión por opresión, amo por amo... (*Movemento da multitude, cun grande aceno.*) gardade ao patrón! (*Cos puños ergueitos e coas bocas bruando, os folguistas congréganse máis preto do cruceiro. Jean baixa dous chanzos e agarrando polos ombreiros un folguista, sacúdeo, e di cunha voz atronadora.*) O patrón é un home coma vós! Cando un o ten diante, fálalle, amotíno, ameázao, mátao! Polo menos ten unha face, un peito onde cravar o coitelo! Mais ide conmoover ese ser sen rostro que chaman

visage qu'on appelle un politicien!... allez donc tuer cette chose qu'on appelle la politique!... cette chose glissante et fuyante que l'on croit tenir, et toujours vous échappe... que l'on croit morte et toujours recommence!... cette chose abominable, par quoi tout a été avili, tout corrompu, tout acheté, tout vendu!... justice, amour, beauté!... qui a fait de la vénalité des consciences, une institution nationale de la France... qui a fait pis encore, puisque de sa vase immonde elle a sali la face auguste du pauvre!... pis encore... puisqu'elle a détruit en vous le dernier idéal... la foi dans la Révolution!... (*L'attitude énergique de Jean, les gestes, la force avec laquelle il a prononcé ces dernières paroles, imposent momentanément le silence. La foule recule, mais reste houleuse et grondante.*) Comprenez-vous ce que j'ai voulu de vous... ce que je demande encore à votre énergie, à votre dignité... à votre intelligence?... J'ai voulu... et je veux... que vous montriez, une fois... au monde des prébendiers politiques... cet exemple nouveau... fécond... terrible... d'une grève, faite... enfin... par vous seuls... pour vous seuls!... (*Un temps.*) Et si vous devez mourir encore, dans cette lutte que vous avez entreprise... sachez mourir... une fois... pour vous... pour vos fils... pour ceux-là qui naîtront de vos fils... non plus pour les thésauriseurs de votre souffrance... comme toujours!...

*Grondements sourds, agitations; les grévistes, encore dominés, se regardent, s'interrogent.*

PHILIPPE HURTEAUX, *il se dégage de la foule, encouragé par quelques grévistes et revient au pied du Calvaire* — Tout cela est très bien!... Et toi aussi, Jean Roule, tu parles comme un député... (*Rires dans la foule.*) Mais nous donneras-tu de l'argent?... nous donneras-tu du pain?...

VOIX NOMBREUSES, *mêlées à quelques protestations fidèles* — C'est cela !... Du pain !... Parle !... parle !... Vive Hurteaux !...

PHILIPPE HURTEAUX — Car enfin, nous ne pouvons pas vivre que de tes paroles...

politiqueiro, ide logo matar esa cousa que chaman política, esa cousa escorregadiza e fuxidía que un pensa suxeitar e que sempre lle acaba a un por fuxir das mans; que un pensa que está morta e sempre resucita! Esa cousa abominábel pola que todo foi envilecido, corrompido, comprado, vendido! Xustiza, amor, beleza, que fixo da venalidade das consciencias unha institución nacional en Francia, que fixo peor aínda, xa que coa súa lama noxenta emporcou a face augusta do pobre! Peor aínda, xa que destruíu en vós o derradeiro ideal, a fe na Revolución! (*A actitude enérxica de Jean, os acenos, a forza con que pronunciou estas derradeiras palabras, impoñen momentaneamente o silencio. A multitude recúa, mais fica axitada e roñona.*) Entendedes agora o que quixen de vós, o que lle pido aínda á vosa enerxía, á vosa dignidade, á vosa intelixencia? Quixen... e quero, que mostredes por unha vez ao mundo dos prebendeiros políticos, este exemplo novo, fecundo, terríbel, dunha folga, feita, por fin, por vós sos, para vós sos! (*Agarda un intre.*) E se aínda debedes morrer nesta loita que emprendestes vós mesmos, sabede morrer, por unha vez, por vós, polos vosos fillos, por aqueles que nacerán dos vosos fillos e non polos atesouradores do voso sufrimento, coma sempre!

*Gruñidos xordos, fervezas. Os folguistas, conténdose aínda, míranse, fanse preguntas.*

PHILIPPE HURTEAUX, *despréndese da multitude, afoutado por algúns folguistas e volve ao pé do cruceiro* — Todo iso está moi ben. E ti tamén, Jean Roule, falas coma un deputado. (*Risos na multitude.*) Mais darasnos cartos? Darasnos pan?

NUMEROSAS VOCES, *mesturadas con algunhas protestas leais* — Iso é! Pan! Fala! Fala! Viva Hurteaux!

PHILIPPE HURTEAUX — Sábelo ben, non podemos vivir só das túas palabras...

JULES PACOT — Ah ! ah !... c'est ça !... Mouche-le.

PHILIPPE HURTEAUX — ... si belles qu'elles soient.. (*Bravos!... Hurteaux, encouragé et flatté, bombe le torse, prend une attitude d'orateur.*) Avec les députés, que tu as chassés d'ici... nous aurions eu de l'argent et du pain... (*A la foule.*) C'est-y vrai, vous autres ?

VOIX DE PLUS EN PLUS NOMBREUSES — Oui!... oui!...

PHILIPPE HURTEAUX — Et nous aurions pu durer... C'est-y vrai aussi ?...

VOIX — Oui!... oui!...

JEAN ROULE — C'est la paresse qui te fait parler, Philippe Hurteaux... Et tu es un mauvais enfant ! La grève !... Ah ! tu as cru que c'étaient les journées sans travail... la flâne... la godaille... la saoulerie... et qu'on te paierait pour ça !... Je te connais, va !... Tant qu'il y a eu de quoi fricoter et boire... tu as été parmi les violents... maintenant qu'il faut se serrer le ventre et souffrir... il n'y a plus personne!... Eh bien! va-t'en... On ne te retient pas!...

*Murmures hostiles.*

PHILIPPE HURTEAUX, *bravache* — Tes paroles ne m'épatent plus, tu sais !... Tes airs de maître ne me font pas peur... Je ne te demande pas tout ça !... Réponds !... Du pain ?...

LA FOULE — Il y en a dans les boulangeries de la ville!... va le prendre !...

*« Oh ! oh !... » dans la foule.*

PHILIPPE HURTEAUX — Et l'argent?...

JEAN ROULE — Gagne-le!...

*Redoublement des cris. Des « Ah! Ah !... » L'hostilité contre Jean Roule gagne de plus en plus la foule.*

JULES PACOT — Ah! Ah! Iso é, péchalle a boca.

PHILIPPE HURTEAUX — ... por moi fermosas que sexan.  
 (“Bravos!”. *Hurteaux afoutado e afagado, saca peito, adopta unha actitude de orador.*) Cos deputados que botaches de aquí teríamos conseguido cartos e pan. (*Dirixíndose á multitude.*) Non vos parece?

VOCES CADA VEZ MÁIS NUMEROSAS — Si! Si!

PHILIPPE HURTEAUX — E poderíamos resistir... Non si?

VOCES — Si! Si!

JEAN ROULE — A preguiza fala por ti, Philippe Hurteaux. Es un mal rapaz! A folga! Ah! coidabas que eran días sen traballo, ruar, deixarte levar, andar de borracheira e que por riba che ían pagar! Coñézote, vaia se te coñezo! Mentres houbo para andar de esmorga e beber, fuches dos máis violentos. Agora que hai que apertar o bandullo e sufrir, xa non hai ninguén! Pois ben, vaite! Ninguén te retén!

*Murmurios hostís.*

PHILIPPE HURTEAUX, *farfallán* — As túas palabras xa non me impresionan, sabes? Os teus aires de patrón xa non me dan medo. Non che pregunto nada diso. Fala, e o pan?

A MULTITUDE — Haino nas panadarías da cidade, vaino coller!

*“Oh! Oh!” na multitude.*

PHILIPPE HURTEAUX — E os cartos?

JEAN ROULE — Vainos gañar!

*Aumentan os berros. Algúns “Ah! Ah!”. A hostilidade contra Jean Roule aumenta na multitude.*

PHILIPPE HURTEAUX, *à la foule* — Vous l'entendez ?...

LA FOULE — Oui... oui !...

PHILIPPE HURTEAUX — Et comment veux-tu que je le gagne... puisque c'est toi qui m'as fait chasser de l'atelier... puisque c'est toi qui nous affames !... Comment veux-tu que je le gagne... farceur ?

JEAN ROULE — En te battant... lâche !...

*Cris, rumeurs... En vain Pierre Anseaume et quelques fidèles s'interposent pour ramener la foule à d'autres sentiments.*

PHILIPPE HURTEAUX — Et des armes !... As-tu des armes à nous donner ? des armes seulement !

JEAN ROULE — Des pieux... des piques... des torches... ta poitrine !

PHILIPPE HURTEAUX — Allons donc !... Tu ne voudrais pas !... (*A la foule.*) Ma poitrine pour monsieur !... Il ne voudrait pas !... (*A Jean Roule.*) Eh bien, donne-nous du pain... et nous nous battons !...

LA FOULE — Du pain !... du pain !... A bas Jean Roule...

PHILIPPE HURTEAUX — Nous en avons assez de toi !...

LA FOULE — Du pain !... du pain !...

PHILIPPE HURTEAUX — Est-ce qu'on te connaît seulement ?... est-ce qu'on sait d'où tu viens ?... Allons !... on t'a assez vu !... Oust !... le Prussien !

LA FOULE, *déchaînée* — A bas Jean Roule !... À bas le Prussien !

JEAN ROULE, *il retrouve dans son épuisement même plus de forces encore, et plus de sonorité dans la voix* — Cœurs lâches, qui ne savez pas... qui ne voulez pas souffrir !...

LA FOULE — A bas Jean Roule !... A bas Jean Roule !...

PHILIPPE HURTEAUX, *dirixíndose á multitude* — Ouvístelo?

A MULTITUDE — Si! Si!

PHILIPPE HURTEAUX — E como queres que os gañe xa que me botaron do taller pola túa culpa, xa que es ti o que nos matas de fame. Como queres que os gañe, farsante!

JEAN ROULE — Loitando, covarde!

*Berros, barullo. En van Pierre Anseume e algúns fieis interpoñense para levar a multitude cara a outros rumbos.*

PHILIPPE HURTEAUX — E as armas? Tes armas para que loitemos? Só che pido armas!

JEAN ROULE — Espeques, picas, fachas, o teu peito!

PHILIPPE HURTEAUX — Veña home! Non o queredes! (*Á multitude.*) O meu peito para o señor! Non o queredes! (*A Jean Roule.*) Pois ben, dámos pan e pelexaremos!

A MULTITUDE — Pan! Pan! Abaixo Jean Roule.

PHILIPPE HURTEAUX — Estamos fartos de ti!

A MULTITUDE — Pan! Pan!

PHILIPPE HURTEAUX — Alguén sabe sequera quen es? Sabe alguén de onde vés? Veña, xa te vimos de máis! Fóra de aquí, prusiano!

A MULTITUDE, *desencadeada* — Abaixo Jean Roule! Abaixo o prusiano!

JEAN ROULE, *atopa no seu propio cansazo máis folgos aínda e máis potencia na voz* — Corazóns covardes que non sabedes, que non queredes sufrir!

A MULTITUDE — Abaixo Jean Roule! Abaixo Jean Roule!

JEAN ROULE — Eh bien!... retournez à Hargand, esclaves!... À la chaîne, chiens!... Au boulet, forçats !...

LA FOULE, *tendant les poings vers Jean Roule* — A mort !... à mort !...

JEAN ROULE — Gagnez-le donc, l'argent que vous a promis Margret !... Et tuez-moi !... me voici !... (*Il fait un pas et se croise les bras sur la poitrine.*) Et n'ayez pas peur... Je ne me défendrai pas !...

LA FOULE — Oui !... oui !... A mort !... à mort !...

*Malgré les résistances de ceux qui sont restés fidèles à Jean Roule, la foule se précipite, hurlante, bouscule les femmes assises sur les marches... veut escalader le Calvaire.*

PIERRE ANSEAUME, *luttant* — Brutes !... sauvages... assassins !...

PHILIPPE HURTEAUX — Empoignons-le... accrochons-le à un arbre de la forêt !...

LA FOULE — A mort !... à mort !...

*La Foule a déjà envahi la seconde marche, Philippe Hurteaux a gagné la plate-forme et, se ruant sur Jean Roule qui les bras toujours croisés, la tête haute, ne se défend pas, lui a mis la main sur l'épaule. Tout à coup, Madeleine se dresse toute droite, étend ses bras en croix, en déployant les plis de sa mante, comme deux ailes. Un gréviste, qui était parvenu jusque-là, recule.*

MADELEINE, *d'une voix forte* — Arrière !... arrière !... (*Arrêt dans la foule. D'une voix plus forte.*) Arrière, vous dis-je !... (*Le mouvement de recul s'accroît.*) Arrière encore !...

*Philippe Hurteaux a lâché Jean Roule; des gestes s'immobilisent. Toutes les faces, tous les regards se tendent vers Madeleine.*



JEAN ROULE — Daquela, volvede con Hargand, escravos! Volvede á cadea, cans! Volvede aos grillóns, presidiarios!

A MULTITUDE, *tendendo os puños cara a Jean Roule* — Á morte!  
Á morte!

JEAN ROULE — Gañade os cartos que vos prometeu Maigret e matádeme! Aquí me tedes! (*Dá un paso e cruza os brazos sobre o peito.*) E non teñades medo, non me defenderei!

A MULTITUDE — Si! Si! Á morte! Á morte!

*Malia as resistencias dos que aínda lle son fieis a Jean Roule, a multitude precipítase, berrando, empuxa as mulleres sentadas nos chanzos, quere subir polo cruceiro.*

PIERRE ANSEAUME, *loitando* — Brutáns! Salvaxes, asasinós!

PHILIPPE HURTEAUX — Agarrémolo, pendurémolo dunha árbore do monte!

A MULTITUDE — Á morte! Á morte!

*A multitude xa invadiu o segundo chanzo. Philippe Hurteaux acadou a plataforma e arroxándose sobre Jean Roule que segue cos brazos cruzados, coa cabeza ergueita, sen defenderse, ponlle unha man no ombreiro. De súpeto Madeleine enderéitase, estende os seus brazos en cruz despregando as pregas do seu manto coma se fosen dúas ás. Un folguista que chegara ata aquí, recúa.*

MADELEINE, *cunha voz forte* — Atrás! Atrás! (*Parada da multitude. Cunha voz máis forte.*) Atrás vos digo! (*O movemento de retroceso aumenta.*) Recuade aínda máis!

*Philippe Hurteaux deixa a Jean Roule. Algúns acenos inmobilízanse. Todas as faces, todas as miradas déitanse cara a Madeleine.*

VOIX DAN LA FOULE, *par-dessus les cris diminués* — C'est Madeleine !... c'est Madeleine !...

MADELEINE, *le silence s'est fait* — Je ne suis qu'une femme... et vous êtes des hommes ? Mais je ne vous laisserai pas commettre un crime ici ! — Non seulement je ne vous laisserai pas toucher à celui que j'aime, au héros de mon cœur... et dont je porte un enfant dans mes flancs !... Je vous défends d'insulter... (*Elle montre d'un grand geste, le Calvaire.*) à cette Croix, où depuis deux mille ans, sous le poids de vos misérables haines, agonise celui-là qui, le premier, osa parler aux hommes de liberté et d'amour !... Arrière !... donc... arrière !... arrière !... arrière !...

*Ceux qui avaient envahi les marches reculent. La fureur mollit aux visages. Des dos se courbent.*

VOIX DANS LA FOULE — C'est Madeleine !... c'est Madeleine !...  
Ecoutez Madeleine... Ecoutez !

MADELEINE — Jean vous a parlé durement... injustement... Il a eu tort... Mais vous avez eu un tort plus grand, vous, en excitant sa colère, en provoquant sa violence... par d'odieux soupçons et de lâches calomnies !... Vous auriez dû savoir qui les répand... qui les propage... et dans quel but... Et cette boue dont on voudrait atteindre un homme redouté, il fallait la laisser aux sales doigts qui l'ont pétrie !...

QUELQUES VOIX — C'est vrai !... c'est vrai !...

D'AUTRES VOIX — Parle, Madeleine... nous avons confiance en toi !

MADELEINE — Depuis le commencement de cette longue et douloureuse grève, Jean s'épuise à vous aimer, à vous servir, à vous défendre contre vos ennemis et contre vous-mêmes, qui êtes vos pires ennemis... Il n'a qu'une pensée... vous... encore vous... toujours vous!... Je le sais... et je vous le dis, moi la compagne de sa vie... moi la confidente de ses rêves,

VOCES NA MULTITUDE, *por riba dos berros apagados* — É Madeleine! É Madeleine!

MADELEINE, *impúxose o silencio* — Só son unha muller... e vós sodes homes! Mais non vos deixarei cometer un crime neste lugar! Non só non vos deixarei tocar ese que eu amo, o heroe do meu corazón e do que levo un neno no meu ventre, senón que tamén vos prohibo que insultedes (*Mostra cun grande aceno o cruceiro.*) esta cruz, onde despois de dous mil anos, baixo o peso das vosas miserábeis xenreiras, agoniza ese, o primeiro que se atreveu a lles falar aos homes de liberdade e de amor! Atrás, pois! Atrás! Atrás! Atrás!

*Aqueles que invadiran os chanzos recúan. Amaina a carraxe nas faces. Dobréganse os espiñazos.*

VOCES NA MULTITUDE — É Madeleine! É Madeleine! Escoitade a Madeleine, escoitádeala!

MADELEINE — Jean falouvos con dureza, inxustamente. Cometeu un erro, máis vós cometestes un erro aínda maior, excitando a súa cólera, provocando a súa violencia por unhas aborrecíbeis sospeitas e unhas covardes calumnias! Teriades que saber quen as difunde, quen as propaga e con que finalidade. E habería que deixar esa lama con que se quere emporcar un home recgado nos sucios dedos que a amasaron!

ALGUNHAS VOCES — É certo! Ten razón!

OUTRAS VOCES — Fala Madeleine, confiamos en ti!

MADELEINE — Dende o comezo desta longa e dolorosa folga, Jean non se farta de vos amar, de vos servir, de vos defender dos vosos inimigos e de vós mesmos, que sodes os vosos peores inimigos. Non tedes máis que un só pensamento, vós, aínda vós e sempre vós! Seino e así volo conto, eu, a compañeira da súa vida; eu, a confidente dos seus soños,

de ses projets, de ses luttes... moi qui n'étais qu'une pauvre fille, et qui pourtant ai pu puiser, dans son amour, assez de courage, assez de foi ardente, pour que j'ose vous parler comme je le fais, ce soir... moi, moi, l'enfant silencieuse et triste, que vous avez connue, et que beaucoup d'entre vous ont tenue, toute petite, dans leurs bras !...

UN VIEILLARD — Parle-nous encore... Ta voix nous est plus douce que le pain...

MADELEINE — Et voilà comment vous le remerciez !... Vous lui réclamez de l'argent et du pain ?... Mais il en a moins que vous... puisque, chaque fois, il vous a donné sa part et la mienne !... Vous lui demandez d'où il vient ?... Que vous importe d'où il vient ?... puisque vous savez où il va !... Hélas !... mes pauvres enfants, il vient du même pays que vous... du même pays que tous ceux qui souffrent... de la misère... Et il va vers l'unique patrie de tous ceux qui espèrent... le bonheur libre !...

*Emotion dans la foule ; les visages se détendent de plus en plus, et de plus en plus s'illuminent.*

VOIX NOMBREUSES — Oui ! oui !... Parle encore !... parle encore...

MADELEINE — Allez-y donc, vers cette patrie !... Jean connaît les chemins qui y mènent... Marchez... marchez avec lui... et non plus avec ceux dont les mains sont rouges du sang des pauvres !... Marchez !... La route sera longue et dure !... vous tomberez bien des fois sur vos genoux brisés... Qu'importe ?... Relevez-vous et marchez encore ! La justice est au bout !...

LA FOULE — Oui !... oui !..

UNE VOIX — Ne nous abandonne pas...

UNE AUTRE VOIX — Nous te suivrons !...

UNE AUTRE VOIX — Nous te suivrons !...

dos seus proxectos, das súas loitas; eu, que non era máis que unha pobre rapaza e que así e todo puíden tomar do seu amor coraxe dabondo, a suficiente fe apaixonada para que ouse falarvos como o estou a facer esta noite; eu, eu a rapaza silenciosa e triste que coñecestes e que moitos de vós, cando era moi pequena, tiveron no seu colo!

UN VELLO — Séguenos a falar. A túa voz énos máis doce ca o pan.

MADELEINE — E mirade como llo agradecedes! Pedíndolle cartos e pan? Mais se ten menos ca vós xa que a cada volta, deuvos a súa parte e a miña! Queredes saber de onde vén? Que máis vos dá de onde veña, xa que sabedes cara a onde vai! Ai, coitados, pobres rapaces, vén do mesmo país ca vós, do mesmo país que todos os que sofren a miseria. E vai cara á única patria dos que agardan a felicidade libre!

*Emoción na multitude. As faces reláxanse paseniñamente e ilumínanse cada vez máis.*

NUMEROSAS VOCES — Si! si! Segue a falar! Segue a falar.

MADELEINE — Ide logo cara a esa patria! Jean coñece os camiños que vos levarán alí. Camiñade, camiñade ao seu carón e non con aqueles que teñen as mans vermellas luxadas co sangue dos pobres! Camiñade! O camiño será longo e duro! Caeredes moitas veces sobre os vosos xeonllos estragados. E que importa? Erguédevos de novo e seguides a camiñar! A xustiza está ao final do camiño!

A MULTITUDE — Si! Si!

UNHA VOZ — Non nos abandones...

OUTRA VOZ — Seguirémoste!

OUTRA VOZ — Seguirémoste!

MADELEINE — Et ne craignez pas la mort !... Aimez la mort. La mort est splendide... nécessaire... et divine !... Elle enfante la vie !... Ah ! ne donnez plus vos larmes!... Depuis des siècles que vous pleurez, qui donc les voit, qui donc les entend couler!... Offrez votre sang!... Si le sang est comme une tache hideuse sur la face des bourreaux... il rayonne sur la face des martyrs, comme un éternel soleil... Chaque goutte de sang qui tombe de vos veines... chaque coulée de sang qui ruisselle de vos poitrines... font naître un héros... un saint... (*Montrant le Calvaire.*) un Dieu !... Ah ! je voudrais avoir mille vies pour vous les donner toutes... Je voudrais avoir mille poitrines... pour que tout ce sang de délivrance et d'amour... en jaillisse sur la terre où vous souffrez !...

*Emotion immense... Extase sur les visages.*

UNE VOIX — Nous voulons bien mourir... Nous voulons bien mourir !

LA FOULE — Oui ! oui !...

MADELEINE — Ah ! je vous retrouve enfin !... Et je suis heureuse... Ce qui s'est passé, tout à l'heure, ce ne sont que des paroles, heureusement !... Il me faut des actes, maintenant !...

LA FOULE — Oui... oui!... Vive Madeleine!... Vive Madeleine !

MADELEINE — Ah! ne criez pas « Vive Madeleine !... » Je ne suis pas Madeleine, ici!... Je ne suis que l'âme de celui à qui, il n'y a qu'un instant, allaient vos menaces de mort !... Criez : « Vive Jean Roule! » Prouvez-moi que vous lui pardonnez sa violence, comme il vous a déjà pardonné vos soupçons... et vos injures...

LA FOULE — Vive Jean Roule!... vive Jean Roule!... Vive Madeleine.

*Philippe Hurteaux n'a pas crié, Il lui reste dans les traits une crispation farouche.*

MADELEINE, à *Philippe* — Et toi, Philippe Hurteaux ?...

MADELEINE — E non temades a morte! Amade a morte! A morte é espléndida, necesaria e divina! Dá vida! Ah! non derramedes máis bágoas! Chorades dende hai séculos, e quen as ve?, quen as ouve esvarar? Ofrecede o voso sangue! Se o sangue é coma unha mancha noxenta sobre a face dos verdugos, resplandece na face dos mártires coma o sol eterno. Cada pinga de sangue que cae das vosas veas, cada pinga de sangue que esvara dos vosos peitos, dá nacemento a un heroe, a un santo, (*Mostrando o cruceiro.*) a un Deus! Ah! quixera ter mil vidas para dárvolas todas. Quixera ter mil peitos para que todo o sangue de acougo e de amor manase da terra en que estades a sufrir!

*Emoción inmensa. Éxtase nos rostros.*

UNHA VOZ — Queremos morrer. Queremos morrer!

A MULTITUDE — Si! Si!

MADELEINE — Ah!, por fin xa vos recoñezo! E son feliz. O que pasou, hai un intre, non son máis que palabras, a Deus grazas! Agora preciso actos!

A MULTITUDE — Si! Si! Viva Madeleine! Viva Madeleine!

MADELEINE — E non berredes “Viva Madeleine!”. Aquí, non son Madeleine, só son a alma dese, ao que hai un intre dirixiades as vosas ameazas de morte! Berrade: “Viva Jean Roule”. Probádeme que lle perdoades a súa violencia, coma el vos perdoou as vosas sospeitas e as vosas injurias.

A MULTITUDE — Viva Jean Roule! Viva Jean Roule! Viva Madeleine!

*Philippe Hurteaux non berrou. Garda nas súas faccións un alporizamento fero.*

MADELEINE, a *Philippe Hurteaux* — E ti, Philippe Hurteaux?

PHILIPPE HURTEAUX — Je... non...

*Il fait un geste violent.*

MADELEINE, *très douce* — Philippe Hurteaux!... Nous nous connaissons bien, tous les deux... Quand j'étais petite, tu aimais venir avec moi... Nous allions ensemble par les champs... par les bois... Et, sur le talus des chemins, tu cueillais des fleurs dont tu parais mes cheveux... Quand les autres me battaient, tu me défendais... tu me défendais comme un petit lion !... Tu étais brave et gentil... Est-ce que tu ne te souviens plus de cela ?...

PHILIPPE HURTEAUX, *embarrassé* — Si, Madeleine... je me souviens... mais, maintenant.

MADELEINE, *l'interrompant* — Maintenant, tu es un grand et robuste garçon. Et ton cœur est resté le même, bon et chaud, comme autrefois. Allons fais ta paix avec Jean et... donne-lui la main !...

PHILIPPE HURTEAUX — Madeleine... Madeleine... ne me demande pas ça !...

MADELEINE, *très douce* — Donne-lui ta main... donne-lui ta main. Je t'en prie !...

LA FOULE — Oui !... oui !... Madeleine a raison !...

PHILIPPE HURTEAUX, *il hésite, puis vaincu, il tend la main* — Eh bien... oui !...

*Les deux hommes s'embrassent. Enthousiasme dans la foule. Toutes les mains, tous les visages se tendent vers Madeleine.*

MADELEINE — Et que ce soit le signe de notre réconciliation à tous... que ce soit le pacte d'une union que rien, désormais, ne pourra plus rompre !... Vous le jurez !



PHILIPPE HURTEAUX — Eu... non...

*Fai un xesto violento.*

MADELEINE, *moi agarimosa* — Philippe Hurteaux, coñecémos ben. Cando era pequena, gustábache vir comigo. Iamos xuntos polos agros, polos bosques e nos noiros dos camiños collías flores para engalanares os meus cabelos. Cando os demais me mallaban, ti defendíasme, defendíasme coma un leonciño! Eras un bo rapaz... Xa non te lembras diso?

PHILIPPE HURTEAUX, *confuso* — Si, Madeleine... lémbrome... mais, agora.

MADELEINE, *interrómpeo* — Agora es un mozo grande e forte, e o teu corazón fica o mesmo, bo e caloroso coma outrora. Veña, fai as paces con Jean e dálle a man.

PHILIPPE HURTEAUX — Madeleine... Madeleine... non me pidas iso!

MADELEINE, *moi doce* — Dálle a man, dálle a man. Prégoocho.

A MULTITUDE — Si! Si! Madeleine ten razón!

PHILIPPE HURTEAUX, *dubida, logo vencido, téndelle a man* — Pois veña... de acordo!

*Os dous homes danse unha aperta. Entusiasmo na multitude. Todas as mans, todos os rostros, téndense cara a Madeleine.*

MADELEINE — E que sexa para todos o indicio da nosa reconciliación, que sexa o pacto dunha unión que nada, de agora en diante, poderá romper máis nunca! Xurádelo?

LA FOULE — Oui!... oui!... Nous le jurons !... Vive Madeleine!... vive Jean Roule !... vive la grève !...

UN VIEILLARD, *au pied des marches* — Tu es notre petite mère... Madeleine !...

*A ce moment, l'enthousiasme est à son apogée ; les femmes assises sur les marches se sont levées et tendent leurs enfants vers Madeleine.*

MADELEINE, *l'ivresse de la foule un peu calmée, et la main dans la main de Jean* — Maintenant, retirez-vous... rentrez chez vous !... (*De son bras libre, elle fait un geste dans la direction de la ville. D'une voix retentissante.*) Et demain?...

LA FOULE — Oui !... oui !... oui !...

MADELEINE — Vous nous suivrez tous les deux?..

LA FOULE — Oui !... oui !... oui !...

MADELEINE — Jusqu'à la mort?...

LA FOULE — Jusqu'à la mort !... à la mort !... à la mort !...

*Reprise de l'enthousiasme.*

MADELEINE — Eh bien !... à demain !... Devant les usines... tous !... tous !

LA FOULE — Tous !... tous!... Vive la grève !...

*La foule s'écoule lentement... par tous les chemins... par toutes les sentes.*

A MULTITUDE — Si! Si! Xurámolo! Viva Madeleine! Viva Jean Roule! Viva a folga!

UN VELLO, *ao pé dos chanzos* — Es a nosa naiçiña, Madeleine!

*Nese intre o entusiasmo está no seu apoxeo. As mulleres sentadas nos chanzos érguense e tenden os seus fillos cara a Madeleine.*

MADELEINE, *cando a embriaguez da multitude acouga e dándolle a man a Jean* — Agora, marchade, volvede ás vosas casas! (*Co brazo que lle queda libre fai un aceno na dirección da cidade. Cunha voz resoante.*) E mañá?

A MULTITUDE — Si! Si! Si!

MADELEINE — Ídesnos seguir aos dous?

A MULTITUDE — Si! Si! Si!

MADELEINE — Ata a morte?

A MULTITUDE — Ata a morte!, á morte!, á morte!

*Prosegue o entusiasmo.*

MADELEINE — Pois ben, deica mañá. Diante das fábricas. Todos!, todos!

A MULTITUDE — Todos, todos! Viva a folga!

*A multitude retírase aos poucos, por todos os camiños, por todos os carreiros.*

## SCÈNE III

MADELEINE, JEAN ROULE

*Jean Roule et Madeleine sont restés sur la plate-forme, la main dans la main. La foule partie, ils descendent les marches, lentement.*

JEAN ROULE, *il attire Madeleine dans ses bras, l'enlace et pleure* —  
Tu vois... C'est moi qui pleure, maintenant, qui pleure dans  
tes bras !... Je suis ton petit enfant !...

MADELEINE — Je t'aime, mon Jean !

JEAN ROULE — C'étaient des loups! et tu en as fait des moutons...  
des lâches, et tu en as fait des héros !... Quelle est donc ta  
puissance ?

MADELEINE — Je t'aime !...

JEAN ROULE — Ils voulaient me tuer... et tu m'as sauvé de la  
mort !...

MADELEINE — Je t'aime !...

JEAN ROULE — Madeleine !... Madeleine... femme au cœur subli-  
me, tu es de ces élues, comme, aux époques lointaines, il  
en surgissait, des profondeurs du peuple, pour ressusciter  
les courageux morts et redresser les fois abattues !... Tu es  
celle...

MADELEINE, *étreignant Jean et lui couvrant les lèvres de sa bou-*  
*che* — ... celle qui t'aime, Jean ! rien de plus !...

*Ils se mettent à marcher, toujours enlacés et se perdent  
dans la forêt.*

## ESCENA III

MADELEINE, JEAN ROULE

*Jean Roule e Madeleine ficaron na plataforma, collidos da man. Despois de que marcharan todos, baixan amodo os chanzos.*

JEAN ROULE, *atrae a Madeleine aos seus brazos, abrázaa e chora* —  
Ves, agora o que chora son eu, o que chora nos teus brazos!  
Son o teu neno!

MADELEINE — Quérote, Jean!

JEAN ROULE — Eran lobos e fixeches deles uns cordeiros. Eran covardes e fixéchelos heroes! Cal é a túa forza?

MADELEINE — Quérote!

JEAN ROULE — Querían matarme... e salváchesme da morte!

MADELEINE — Quérote!

JEAN ROULE — Madeleine! Madeleine, muller de corazón sublime, ti es desas elixidas coma as que xurdían en afastadas épocas do máis profundo do pobo para resucitaren as coraxes mortas e ergueren a fe abatida! Ti es...

MADELEINE, *abrazando a Jean e cubríndolle os beizos coa boca* —  
... a que te quere, Jean, nada máis.

*Abrazados, pónense a camiñar e pérdense no bosque.*

## ACTE CINQUIÈME

*Le théâtre représente une place de la ville. Au premier plan, dans toute la longueur de la scène, une cour entourée d'un mur très bas, et que surmonte une grille de fer... Beaucoup de barres ont été descellées et arrachées; les autres sont tordues... Un écriteau : A louer pour magasin, subsiste encore. Au milieu de la grille, une porte s'ouvre donnant sur la place, et, de l'autre côté de la place, sur une rue qui s'allonge très loin, et au bout de laquelle on aperçoit les usines incendiées et fumantes... A droite, dans la cour, un hangar où l'on porte des cadavres et qui se continue dans la coulisse... A gauche, sous un arbre grêle, un banc... Les maisons gardent les traces d'une bataille récente... Les volets sont clos... les devantures des boutiques et des cafés, éventrées... Un grand soleil brille sur tout cela, sur la ville plus grise, plus triste, plus noire, dans sa permanente atmosphère de charbon, d'être éclairée par une lumière violente.*

*Au lever du rideau, la place est déserte... Conduits par des gendarmes, une longue file de grévistes prisonniers traversent la scène... Alors, quelques volets s'ouvrent et des têtes apparaissent, anxieuses et curieuses... Quelques commerçants se hasardent sur le seuil des boutiques et regardent, encore effarés, dans la direction par où viennent de disparaître les grévistes enchaînés... Deux civières, enveloppées de toile grise et portées chacune par deux porteurs, pénètrent dans la cour... Les porteurs enlèvent les toiles, déposent les morts sous le hangar, près des autres cadavres... Un curieux, mi-ouvrier, mi-bourgeois, s'aventure jusqu'à l'entrée de la cour et regarde.*

## ACTO V

*O teatro representa unha praza da cidade. Nun primeiro plano, ao longo do escenario, vese un patio rodeado dun muro moi baixo, coroadado por un enreixado de ferro ao que desabolaron e arrancaron moitas barras, outras están tortas. Aínda se conserva un rótulo que di: Arréndase para comercio. No medio do enreixado ábrese unha porta que dá á praza e, do outro lado da praza, ao final dunha rúa que se perde ao lonxe, vense as fábricas incendiadas e fumegantes. Á dereita, no patio, hai un hangar a onde levan os cadáveres e que continúa no bastidor. Á esquerda, baixo unha árbore miúda, hai un banco. As casas gardan os vestixios dunha batalla recente: as contras están pechadas, os escaparates das tendas e dos cafés, rebentados. Un gran sol brilla sobre todo isto, sobre a cidade máis gris, máis triste, máis negra, na súa atmosfera permanente de carbón, de ser iluminado por unha luz violenta.*

*Cando se ergue o pano, a praza está deserta. Uns gardas conducen unha longa fila de folguistas prisioneiros que atravesan o escenario. Entón, ábrese algunhas contras e aparecen unhas cabezas, impacientes e curiosas. Algúns comerciantes aventúranse no limiar das tendas e miran, aínda asustados, na dirección pola que veñen de desaparecer os folguistas encadeados. Dúas padiolas, envoltas nunha tea gris e levadas cada unha por dous padioleiros, penetran no patio. Os padioleiros retiran as teas, deixan os mortos no hangar, preto dos outros cadáveres. Un curioso, nin obreiro, nin burgués, aventúrase ata a entrada do patio e mira.*

## SCÈNE PREMIÈRE

LE CURIEUX, LES QUATRE PORTEURS

LE CURIEUX — Eh bien !... Est-ce qu'il y en a encore beaucoup ?

PREMIER PORTEUR — Peut-être une dizaine... Ça, c'est les morts.

LE CURIEUX — Et les blessés ?

PREMIER PORTEUR — Aux hospices, aux presbytères, à la mairie, partout !...

DEUXIÈME PORTEUR — On dit qu'il y a quarante morts sous les décombres de l'usine. (*Il montre l'usine.*) Et ceux qu'on transporte aussi dans la grande salle du bal Fagnier. (*Ho-chant la tête.*) Cette fois, c'est pas pour danser !...

LE CURIEUX — C'est fini, maintenant, dites ?...

PREMIER PORTEUR — Oui... paraît qu'ils se sont tous rendus...

LE CURIEUX — C'est pas trop tôt... (*Désignant les cadavres.*) Ça fait pitié, tout de même, de voir ça !...

DEUXIÈME PORTEUR — Ah ! malheur !...

PREMIER PORTEUR — Je les ai vus, à la barricade... près de l'église... Des rudes gars, vous savez !... Ils étaient bien cinq cents... à la barricade... peut-être plus... peut-être six cents... Et c'en faisait un boucan !... Ah non !.. En tête, Madeleine et Jean Roule qui commandaient et qui brandissaient, chacun, dans leurs mains, un drapeau rouge... Crânes, vous savez !... d'aplomb !... à la hauteur, quoi !... Et puis voilà que, tout d'un coup, courant... essoufflé... les yeux lui sortant de la tête... arrive M. Robert ?...



## ESCENA I

O CURIOSO, OS CATRO PADIOLEIROS

O CURIOSO — Vaia! Aínda quedan moitos?

O PRIMEIRO PADIOLEIRO — Se cadra unha decena. Aquí están os mortos.

O CURIOSO — E os feridos?

O PRIMEIRO PADIOLEIRO — Nos hospicios, nos presbíteros, no concello, por todas partes!

O SEGUNDO PADIOLEIRO — Din que hai corenta mortos baixo os entullos da fábrica (*Sinala a fábrica.*) máis eses, aos que levamos ao gran salón de baile Fagnier. (*Asentindo coa cabeza.*) Esta vez non é para bailar!

O CURIOSO — Xa rematou todo?

O PRIMEIRO PADIOLEIRO — Si, disque se renderon todos.

O CURIOSO — Xa non é xa. (*Sinalando os cadáveres.*) Así e todo dá mágoa ver isto.

O SEGUNDO PADIOLEIRO — Ah, en mala hora!

O PRIMEIRO PADIOLEIRO — Vinos na barricada, preto da igrexa. Tipos duros, sabe? Estaban polo menos cincocentos na barricada, se cadra máis, se cadra eran seiscentos. Armaban un bo balbordo, abofé que si! Á cabeza do movemento, dirixindo e enarborando os folguistas con cadansúa bandeira vermella nas mans, estaban Madeleine e Jean Roule, impávidos, de chumbo, á altura das circunstancias, vaia! E despois velaí que de súpeto aparece correndo o señor Robert, acorado, cos ollos arregalados.

LE CURIEUX — Qui ça, M. Robert ?...

PREMIER PORTEUR — Robert Hargand, donc !...

LE CURIEUX — Le fils du patron ?

PREMIER PORTEUR — Eh oui !...

LE CURIEUX — Ah !... Eh bien ?

PREMIER PORTEUR — Le voilà qui se démène... qui fait des gestes par-ci... des gestes par-là... Il parle à la troupe... il parle aux grévistes... Mais, va te faire fiche ! Bien que la troupe ne fût pas à plus de vingt mètres de la barricade... dans le sacré boucan on n'entendait rien, comprenez... Il avait l'air de crier aux uns et aux autres... « Arrêtez !... arrêtez !... »

LE CURIEUX — Et alors ?

PREMIER PORTEUR — Alors... voilà qu'un coup de pistolet part de la barricade... les pierres... des morceaux de fer — de tout, quoi — tombe sur la troupe... Oh! la la !... « En v'la assez ! » que se dit le capitaine... Et allez-y des trois sommations... et « Feu! »... Madeleine... Jean Roule... les drapeaux... M. Robert tombent avec une trentaine de camarades... Mais les rangs se reforment... ces enragés-là se remettent à crier, à chanter plus fort... les pierres redoublent... la troupe en est aveuglée... « Feu ! » encore, et « En avant! » Ah ! je vous réponds qu'on a eu du mal à en avoir raison de ces bougres-là !... *(Il enlève sa casquette, essuie son front en sueur.)* Mon Dieu, que j'ai chaud !... *(A l'autre porteur.)* Passe-moi ta gourde...

*Il prend la gourde et boit avidement.*

LE CURIEUX — Alors... M. Robert ?...

O CURIOSO — Quen, o señor Robert?

O PRIMEIRO PADIOLEIRO — Robert Hargand, si.

O CURIOSO — O fillo do patrón?

O PRIMEIRO PADIOLEIRO — O mesmo!

O CURIOSO — Ah! E despois?

O PRIMEIRO PADIOLEIRO — Velaí que se desacouga, que fai acenos por aquí, acenos por alá. Fálalle á tropa, fálalles aos folguistas. Mais, que lle dean! Aínda que a tropa non estaba a máis de vinte metros da barricada, nese maldito balbordo non se ouvía nada, entende? Parecía berrarlles aos uns e aos outros: “Parade! Parade!”.

O CURIOSO — E despois?

O PRIMEIRO PADIOLEIRO — Despois, velaí que un tiro sae da barricada e a seguir caen sobre a tropa, pedras, anacos de ferro, de todo vaia. E entón, “Xa abonda”, di o capitán. E velaí como a de tres berra “Fogo!”. Madeleine, Jean Roule, as bandeiras, o señor Robert, caen cuns trinta camaradas. Mais as filas volven formar, eses esfarrapados<sup>7</sup> ponse de novo a berrar, a cantar máis forte. As pedras aumentan, cegan á tropa. “Fogo!”, escóitase outra vez e “Adiante”. Ah!, pódolle dicir que lles custou vencer a eses pobres diaños! (*Saca a gorra, seca a suor da fronte.*) Por Deus, que calor teño! (*Dirixíndose ao outro padioleiro.*) Pásame a túa cantimplora.

*Colle a cantimplora e bebe con degoro.*

O CURIOSO — E... o señor Robert?

7 “*Enragés*” na versión orixinal, facción máis radical dos *sans-culottes* durante a Revolución Francesa de 1789. O termo *sans-culottes*, literalmente “sen calzóns”, designaba un grupo social moi heteroxéneo (traballadores independentes, pequenos comerciantes e artesáns) onde non se incluían nin os máis pobres nin a burguesía. Foi unha importante forza de choque popular que asaltou a Bastilla e as Tullerías ao comezo da Revolución e a base do exército francés que se enfrontaría posteriormente ás potencias absolutistas europeas.

PREMIER PORTEUR — Dame !

*Il fait un geste affirmatif et remet la casquette.*

LE CURIEUX — Ça! c'est fort... par exemple!... ça, c'est fort... Et le patron!... qu'est-ce qu'il dit de cela ?

PREMIER PORTEUR — Nous ne l'avons pas vu encore... Pensez qu'il ne doit pas être flatté!

LE CURIEUX — Pour sûr !... Est-ce qu'on a retrouvé le corps ?

PREMIER PORTEUR — Il doit être avec les autres... là-bas !...

*Le curieux regarde les quatre porteurs qui reprennent leurs civières, et s'en vont. Une femme traînant deux enfants longe la grille au dehors.*

## SCÈNE II

MARIANNE RENAUD, LE CURIEUX

MARIANNE RENAUD, *au curieux* — Je viens pour mon homme... c'est-y par ici?...

LE CURIEUX, *désignant le hangar* — Voyez, ma pauvre dame!...

*Il remonte vers la place.*

MARIANNE RENAUD, *elle traverse la cour en sanglotant* — Mon Dieu!... mon Dieu!...

O PRIMEIRO PADIOLEIRO — Pois...

*Asente coa cabeza e volve pór a gorra.*

O CURIOSO — Vaia, que forte! É moi forte... E o patrón, que di a todo isto?

O PRIMEIRO PADIOLEIRO — Aínda non o vimos... Perda coidado, non se vai sentir orgulloso.

O CURIOSO — Seguro! Atoparon o corpo?

O PRIMEIRO PADIOLEIRO — Debe estar cos outros, aló embaixo.

*O curioso mira os catros padioleiros que volven coller as súas padiolas e vanse. Unha muller que leva dous rapaces, camiña bordeando o enreixado pola parte da fóra.*

## ESCENA II

MARIANNE RENAUD, O CURIOSO

MARIANNE RENAUD, *ao curioso* — Veño buscar o meu home, é por aquí?

O CURIOSO, *mostrándolle o hangar* — Vaia ver por alí, miña pobre señora.

*Volve subir cara á praza.*

MARIANNE RENAUD, *atravesa o patio saloucando* — Meu Deus!  
Meu Deus!

*Elle rentre dans le hangar... La place commence à s'animer. Des gens sortent, le curieux les appelle, leur raconte ce qu'il vient d'apprendre, gestes animés. D'autres femmes arrivent, traversent la cour en gémissant et pénètrent dans le hangar.*

### SCÈNE III

LES FEMMES, UN PETIT GARÇON, LE CURIEUX

*Un petit garçon, conduisant par la main son frère tout petit, en robe, apparaît, s'arrête et s'adressant au curieux d'une voix fraîche et tranquille.*

LE PETIT GARÇON — Monsieur!... où c'est-y, les morts?...

*Le curieux indique le hangar. Le petit garçon traverse la cour et entre aussi dans le hangar.*

### SCÈNE IV

LES FEMMES, LA MÈRE CATHIARD, LOUIS THIEUX, puis MADELEINE

*Les femmes arrivent successivement. Elles entrent dans la cour, les unes seules, les autres avec des enfants qu'elles tiennent par la main. D'autres portent des nouveau-nés dans leurs bras. Quelques-unes reconnaissent, parmi les cadavres, leur mari, leur fils, leur père. Cris, lamentations. Elles s'agenouillent près des cadavres et sanglotent.*

*Entra no hangar. A praza comézase a animar. Sae xente, o curioso chámaos, cóntalles o que acaba de ouvir, fai xestos animados. Chegan outras mulleres, atravesan o patio laiándose e entran no hangar.*

### ESCENA III

#### AS MULLERES, UN NENO PEQUENO, O CURIOSO

*Aparece un neno pequeno acompañado do seu irmán máis novo cun vestidiño posto. Lévaos collido da man. Para e diríxese ao curioso cunha voz fresca e acougada.*

O NENO PEQUENO — Señor, onde están os mortos?

*O curioso sinala o hangar. O neno pequeno atravesa o patio e entra tamén no hangar.*

### ESCENA IV

#### AS MULLERES, A TÍA CATHIARD, LOUIS THIEUX, despois MADELEINE

*Unhas tras outras van chegando as mulleres. Entran no patio, unhas soas, outras levan nenos collidos da man. Algunhas levan nenos acabados de nacer nos seus colos. Outras recoñecen, entre os cadáveres, ao home, ao fillo, ao pai. Berros, laíos. Axeónllanse preto dos cadáveres e saloucan.*

*Entre la mère Cathiard, soutenant Louis Thieux. Elle regarde d'abord autour d'elle. Louis Thieux semble tout à fait un vieillard. Il est courbé, peut à peine marcher, et ses yeux sont étrangement lointains.*

LA MÈRE CATHIARD — Tiens... voilà un banc... tu es fatigué... tu vas t'asseoir là... en m'attendant...

*Elle conduit Thieux au banc, sur lequel est assise une vieille femme, morne, silencieuse et qui attend, elle aussi.*

LOUIS THIEUX, *en marchant* — Qu'est-ce que tu dis ?... Est-ce que nous allons à l'usine ?...

LA MÈRE CATHIARD, *elle le fait asseoir sur le banc, près de la femme* — Surveillez-le... Il a la tête partie, le pauvre bonhomme... Je ne pouvais pas pourtant le laisser seul à la maison... (*Regardant autour d'elle.*) Mon Dieu... mon Dieu !... Si c'est possible, tout ça !...

*La femme n'a pas bougé. La mère Cathiard se dirige sous le hangar.*

LOUIS THIEUX, *ne parlant à personne* — Qu'est-ce que tu dis ?... (*Regardant, lui aussi, vaguement ce qui se passe dans la cour.*) Ah ! oui !... C'est la paye, aujourd'hui !... C'est la paye !...

*Les femmes entrent toujours. La cour commence à se remplir. De son œil mort, Thieux examine, quelques secondes, la vieille près de lui. Puis il détourne la tête et reste immobile, courbé, sans mot dire, sur son banc. On n'entend plus que les lamentations des femmes.*

LA MÈRE CATHIARD, *sous le hangar, parmi les femmes, avec un grand cri* — Mais... c'est Madeleine !... c'est Madeleine !...

LOUIS THIEUX, *au nom de Madeleine, il tourne la tête vers la vieille* — Madeleine !... Qu'est-ce que tu dis ?... Pourquoi dis-tu que c'est Madeleine ?... Tu sais bien que tu n'es pas Madeleine...



*Entra a tía Cathiard sostendo a Louis Thieux. Mira primeiro ao seu redor. Louis Thieux parece un vello. Está eslombado, case non pode camiñar e a súa mirada está perdida.*

A TÍA CATHIARD — Mira, velaí un banco. Estás canso, vai sentar alí mentres agardas por min.

*Conduce a Thieux ao banco en que está sentada unha muller vella, taciturna, silenciosa, e que tamén está a agardar.*

LOUIS THIEUX, *camiñando* — Que dis? Imos á fábrica?

A TÍA CATHIARD, *faino sentar no banco, preto da muller* — Non lle quite ollo. Perdeu a cabeza, o pobre home. Mais non podía deixalo só na casa. (*Mirando ao seu redor.*) Meu Deus, meu Deus! E isto pode ser?

*A muller non se moveu. A tía Cathiard dirixese ao hangar.*

LOUIS THIEUX — Que dis? (*Mirando el tamén o que pasa no patio.*) Ah! Si! É día de paga! É día de paga!

*As mulleres seguen entrando. O patio comézase a encher. Coa mirada ausente e durante uns segundos, Thieux examina a vella que está ao seu carón. Despois aparta a cabeza e fica inmóbil no seu banco, eslombado, sen dicir palabra. Só se ouven os laios das mulleres.*

A TÍA CATHIARD, *baixo o hangar, entre as mulleres, proferindo un gran berro* — Mais, se é Madeleine! É Madeleine!

LOUIS THIEUX, *ao ouvir o nome de Madeleine, xira a cabeza cara á vella* — Madeleine? Que dis? Por que dis que es Madeleine? Sabes abondo que ti non es Madeleine.

*Il hoche la tête et reprend son attitude prostrée.*

LA MÈRE CATHIARD, *sous le hangar* — Elle n'est pas morte !... Madeleine n'est pas morte !... (*Sanglots des femmes.*) Sa bouche a remué... son cœur bat... (*Elle essaie de la soulever... Sanglots des femmes.*) Mais, aidez-moi donc... aidez-moi donc !... (*Aucune ne bouge.*) Je suis trop vieille... Je n'ai plus assez de forces !... (*Aucune ne bouge.*) Mais... aidez-moi donc ?... Je vous dis qu'elle n'est pas morte !... (*Enfin, parmi celles qui n'ont trouvé aucun des leurs parmi les morts, quelques-unes se décident à aider la mère Cathiard. Elles soulèvent Madeleine dont les cheveux sont plaqués de sang.*) Vous voyez bien... elle rouvre les yeux... On ne peut pas la laisser là... Portons-la sur un banc !... (*Péniblement, elles la portent sur le banc. La vieille se lève, sans regarder, et s'en va insensible. Louis Thieux reste courbé, les yeux sur le sol. Les femmes maintiennent Madeleine, sur le banc, son buste appuyé dans leurs bras.*) Madeleine!... Madeleine !

LOUIS THIEUX, *au nom de Madeleine, encore, il lève la tête, regarde un instant sa fille et ne la reconnaît pas; regarde, un instant, la cour pleine de monde* — C'est la paye !...

*Il reprend son attitude affaissée.*

LA MÈRE CATHIARD — La voilà qui revient à elle !... (*Madeleine pousse des soupirs et sa poitrine se gonfle.*) Elle est blessée à la tête... Mais la blessure n'est pas profonde... (*Aux curieux qui regardent par la grille.*) Allez donc me chercher de l'eau !... (*Un des curieux part et revient quelques instants après avec des linges et un vase plein d'eau.*) Comme ses cheveux sont collés !... (*Aux femmes.*) Dégrafez son corsage... (*La mère Cathiard commence à panser la blessure de Madeleine.*) Madeleine !... Madeleine !... c'est moi !...

*A ce moment, entre Hargand, le visage décomposé. Il est suivi de Maigret, et de quelques personnages importants de l'usine.*

*Abanea a cabeza e retoma a súa actitude prostrada.*

A TÍA CATHIARD, *baixo o hangar* — Non está morta! Madeleine non está morta! (*Salucos das mulleres.*) Moveu a boca. O seu corazón latexa. (*Intenta erguela. Salucos das mulleres.*) Axudádeme, axudádeme! (*Ningunha delas se move.*) Son demasiado vella. Non teño forzas dabondo! (*Non se move ninguén.*) Axudádeme! Estouvos a dicir que non está morta! (*Por fin algunhas das mulleres que non atoparon a ningún dos seus entre os mortos, decídense a axudar á tía Cathiard. Levantan a Madeleine que ten os cabelos apegados co sangue.*) Vedes, abre os ollos. Non podemos deixala aquí... Poñámola por riba dun banco! (*Con grandes dificultades, lévana riba do banco. A vella érguese, sen mirar, e vaise insensíbel. Louis Thieux fica derreado, cos ollos fixos no chan. As mulleres suxeitan a Madeleine por riba do banco, co busto apoiado nos seus brazos.*) Madeleine! Madeleine!

LOUIS THIEUX, *ao ouvir o nome de Madeleine, ergue a cabeza outra vez, mira un intre a súa filla e non a reconece. Mira un intre o patio cheo de xente* — É día de paga!

*Retoma a súa aptitude afundida.*

A TÍA CATHIARD — Mirade, volve en si! (*Madeleine suspira e o seu peito ínchase.*) Ferírona na cabeza, mais a ferida non é profunda. (*Dirixíndose aos curiosos que miran polo enreixado.*) Ide buscar auga! (*Un dos curiosos marcha e volve pouco despois cuns trapos e un recipiente cheo de auga.*) Que apegado ten o pelo! (*Dirixíndose ás mulleres.*) Desabrochádelle a chombra. (*A tía Cathiard comeza a vendar a ferida de Madeleine.*) Madeleine! Madeleine! Son eu.

*Nese intre entra Hargand, co rostro desencaixado. Ségueno Maigret e algúns persoeiros da fábrica.*

## SCÈNE V

LES MEMES, HARGAND, MAIGRET, ETC., ETC.

HARGAND, *courant vers le hangar* — Mon fils... mon fils !...

MAIGRET, *le suivant* — Mais, monsieur... Voyons, monsieur !...

LA MÈRE CATHIARD — Madeleine !... Madeleine !... c'est moi !...  
me reconnaissez-vous ?...

*La mère Cathiard continue de panser Madeleine, qui pousse des soupirs plus longs, plus distincts. Les femmes sont penchées sur elle, et la maintiennent toujours la tête haute.*

HARGAND, *revenant du hangar* — Où est-il ?... où est-il ?...

MAIGRET — On vous a trompé, monsieur !... Je suis sûr que M. Robert est toujours au château !

HARGAND — Non !... non !... Il est sorti du château, comme un fou...  
On l'a vu... on l'a vu à la barricade!... Je vous dis que mon  
fils est mort... mort... (*Sanglots de femmes... personne ne fait attention à Hargand.*) Robert est mort... et c'est moi qui  
l'ai tué !...

MAIGRET — Vous ne pouvez pas rester là !... monsieur Hargand !...  
c'est impossible !

HARGAND, *montrant les femmes qui pleurent* — Elles y sont bien,  
elles!

MAIGRET — Mais si votre fils était mort, monsieur, on l'eût ramené  
chez vous !... Venez !...

HARGAND — Non ! non !... (*A la foule.*) Quelqu'un a-t-il vu mon fils?...  
quelqu'un a-t-il vu mon fils?... (*Silence. Sanglots des femmes, sous le hangar.*) Répondez!... répondez, je vous en sup-

## ESCENA V

OS MESMOS, HARGAND, MAIGRET ETC. ETC.

HARGAND, *correndo cara ao hangar* — O meu fillo! O meu fillo!

MAIGRET — Señor, veña, señor...

A TÍA CATHIARD — Madeleine! Madeleine! Son eu, recoñécame?

*A tía Cathiard segue a vendar a Madeleine que suspira máis forte, máis claro. As mulleres están inclinadas sobre ela e mantéñena coa cabeza ergueita.*

HARGAND, *volvendo do hangar* — Onde está? Onde está?

MAIGRET — Enganárono, señor. Estou seguro de que o señor Robert segue no castelo!

HARGAND — Non! Non! Saíu do castelo coma un tolo. Vírono... vírono na barricada! Dígovos que o meu fillo está morto, morto. (*Saloucos das mulleres. Ninguén lle presta atención a Hargand.*) Robert está morto... e mateino eu.

MAIGRET — Non pode ficar aquí, señor Hargand! Non pode ser!

HARGAND, *senalando ás mulleres que choran* — Elas están aquí, non si?

MAIGRET — Mais se o seu fillo estivese morto, señor, teríano levado á súa casa. Veña!

HARGAND — Non! Non! (*Á multitude.*) Alguén viu o meu fillo? Alguén viu o meu fillo? (*Silencio. Saloucos das mulleres baixo o hangar.*) Respondede! Respondede, prégovolo!

plie.!... Mon fils... (*Silence.*). Vous qui pleurez, écoutez-moi... Vous, les mères qui avez perdu votre enfant, vous, les veuves, écoutez-moi !... Je vous adopte... Ma fortune... je vous la donne, toute... Ma vie... je vous la donne aussi... Mais, parlez-moi ! Dites-moi, où est mon fils !... (*Silence et sanglots. Marianne Renaud sort du hangar. Hargand va pour lui prendre les mains.*) ...Toi... Marianne... toi... As-tu vu mon fils ?... Parle-moi ? (*Marianne le repousse sans lever les yeux sur lui... se dégage et s'en va.*) ...Oh ! pas de pitié !... pas de pitié !

MAIGRET, *cherchant à l'entraîner* — Monsieur!... monsieur!...

*Il marche dans la cour, s'approche du banc où il voit Madeleine pâle comme une morte et le front sanglant.*

HARGAND — Madeleine! Oh !... (*Il recule un peu. Et comme s'il voyait la cour, les femmes agenouillées, les cadavres pour la première fois, il met un instant les mains sur ses yeux, pour leur cacher l'horreur du spectacle.*) Oh !... oh !... oh !...

LA MÈRE CATHIARD — Madeleine ! Madeleine !... C'est moi...

MADELEINE, *ses yeux se rouvrent tout à fait. Peu à peu, elle semble sortir d'un long rêve douloureux. Elle regarde tout, mais sans comprendre, sans savoir où elle est. Lentement, la notion des choses lui revient, mais tronquée, encore imparfaite. Des bribes de mémoire, qui passent en elle, donnent à ses yeux, toujours hagards, de multiples et diverses expressions de réalité, qui vont s'accroissant. Elle s'efforce à faire des mouvements. Son bras se soulève, elle porte la main sur son front et la ramène devant ses yeux. Une tache de sang est sur sa main. Elle la regarde sans comprendre encore. Sa main retombe.*

LA MÈRE CATHIARD — Madeleine!... Madeleine!... C'est moi...

MADELEINE, *elle regarde fixement et longtemps la mère Cathiard et la reconnaît. Très bas, très doucement, comme un souffle* — Mère Cathiard !... (*Elle regarde son père affaissé sur le banc, et le reconnaît. D'une voix plus assurée, dans le ton*

O meu fillo... (*Silencio.*) Vós que chorades, escoitádeme. Vós, as nais que perdestes o voso fillo, as viúvas, escoitádeme! Adóptovos, douvos a miña fortuna, dóuvola toda. Douvos tamén a miña vida, mais, faládeme! Dicídeme onde está o meu fillo. (*Silencio e saloucos. Marianne Renaud sae do bangar. Hargand cóllelle as mans.*) Ti, Marianne, ti... Viches o meu fillo? Fálame! (*Marianne empúrroa sen miralo sequera. Libérase e vaise.*) Oh! Non tendes compaixón! Compañón!

MAIGRET, *tentando levalo consigo* — Señor! Señor!

*Camiña polo patio, achégase ao banco onde ve a Madeleine esbrancuxada coma unha morta e a sangrar pola fronte.*

HARGAND — Madeleine! Oh! (*Recúa un pouco. E coma se vise o patio, coas mulleres de xeonllos e os cadáveres pola primeira vez. Pon un intre as mans sobre os ollos para agocharlles o horror do espectáculo.*) Oh! Oh! Oh!

A TÍA CATHIARD — Madeleine! Madeleine! Son eu.

MADELEINE, *os seus ollos ábrense. Poseniñamente parece saír dun longo e doloroso soño. Mirao todo, mais sen comprender, sen saber onde está. Pouco a pouco vólvelle a noción das cousas, máis truncada, aínda imperfecta. Retallos de memoria danlle á súa mirada, aínda perdida, múltiples e diversas expresións de realidade, que se van acentuando. Esfórzase por facer movementos. Ergue o brazo, leva a man á fronte e despois pona diante dos ollos. Na súa man hai unha mancha de sangue. Miraa sen comprender aínda. A súa man volve caer.*

A TÍA CATHIARD — Madeleine! Madeleine! Son eu.

MADELEINE, *fita un bo intre a tía Cathiard e recoñécea. Moi baixo, con dozura, coma nun sopro de ar* — Tía Cathiard! (*Mira o seu pai afundido no banco e recoñéceo. Cunha voz*

*de la plainte.) Le père!... Le père... (Elle regarde Hargand, en face d'elle, et le reconnaît. Avec un frémissement et un léger mouvement de recul.) Lui!... (Ses regards maintenant vont partout. Elle voit des femmes agenouillées.) Qu'est-ce que... Pourquoi ?... pourquoi pleurent-elles ?... (Sa pensée se tend de plus en plus... Tout se recompose en elle; le travail de la conscience se traduit sur son visage, en accents tragiques... Elle voit le hangar. Un grand cri.) Ah !...*

*Avec une expression de terreur, elle se rejette dans les bras des femmes, où, quelques secondes, elle reste hale-tante, la gorge sifflante.*

LAMÈRE CATHIARD — Madeleine !... Madeleine !... N'ayez pas peur !... nous sommes-là... C'est moi... la mère Cathiard... vous savez bien... votre vieille voisine... Ma petite Madeleine !

MADELEINE, *encore tremblante* — Mère Cathiard !... Oui... je vous reconnais bien!... C'est vous !... Et le pauvre père... aussi... je le reconnais. .. je vous reconnais tous !... (*Avec angoisse.*) Et Jean ?... Où est Jean !...

*Hargand se rapproche.*

LA MÈRE CATHIARD — Nous allons le retrouver, tout à l'heure...

MADELEINE — Pourquoi n'est-il pas ici avec vous !... Pourquoi n'est-il pas...

LA MÈRE CATHIARD — Madeleine... il faut rester calme...

MADELEINE — Jean !... Je veux voir Jean !...

LA MÈRE CATHIARD — Nous allons vous conduire à lui... tout à l'heure !...

MADELEINE, *brusquement, avec un grand cri* — Jean est mort... Jean est tué !... Je me rappelle !... là-bas... (*Elle veut se lever.*) Laissez-moi... laissez-moi... Je me rappelle tout... tout !...



*máis segura, no ton da queixa.) Pai! Pai! (Mira a Hargand fronte a ela e recoñéceo. Cun estremecemento e un lixeiro movemento de rexeitamento.) El! (Agora olla por todas partes. Ve mulleres de xeonllos.) Que... Por que?... Por que están a chorar? (A súa mente vaise concentrando pouco a pouco. Todo se recompón nela. O traballo da consciencia tradúcese no seu rostro en acentos tráxicos. Ve o hangar. Profíre un gran berro.) Ah!*

*Cunha expresión de terror arróxase nos brazos das mulleres, onde durante uns segundos fica anhelante, coa gorxa asubiando.*

A TÍA CATHIARD — Madeleine! Madeleine! Non teña medo! Estamos aquí. Son eu, a tía Cathiard, sabe?, a súa vella veciña. Miña Madeleine!

MADELEINE, *tremendo aínda* — Tía Cathiard! Si... recoñézoa! É vostede. E tamén recoñezo o pobre pai, recoñézoos a todos... (*Con angustia.*) E Jean?... Onde está Jean?

*Achégase Hargand.*

A TÍA CATHIARD — Ímolo atopar axiña...

MADELEINE — Por que non está aquí? Por que non está...

A TÍA CATHIARD — Madeleine, acougue.

MADELEINE — Jean! Quero ver a Jean!

A TÍA CATHIARD — Ímola levar onda el, axiña.

MADELEINE, *bruscamente, cun gran berro* — Jean está morto. Mataron a Jean! Xa me lembro! Alá... (*Quérese erguer.*) Déixenme, déixenme. Agora lémbrome de todo, de todo!

*Malgré les supplications de la mère Cathiard et des femmes, elle se lève.*

HARGAND — Madeleine!...

LA MÈRE CATHIARD, *repoussant Hargand avec violence* — Taisez-vous donc, vous... vous voyez bien qu'elle est encore à moitié morte !

HARGAND, *obstiné et suppliant* — Madeleine... je suis maintenant sans orgueil... je suis un pauvre homme... je suis tout petit... tout petit... Et puisque tu te rappelles... dis-moi... dis-moi où est Robert ?...

MADELEINE — Et toi... dis-moi où est Jean ?... dis-moi ce que tu as fait de Jean... assassin !.. assassin !..

*Maigret et les autres s'interposent, emmènent Hargand... A ce moment, entrent deux civières, portées chacune par deux porteurs. Du dehors, les porteurs crient : « Place! place! »*

## SCÈNE VI

LES MÊMES, LES PORTEURS DE CIVIÈRES

*Hargand s'élançe, la foule des femmes se précipite, on entoure les civières. Maigret et les autres essaient de repousser la foule et protègent Hargand. Madeleine est frémissante. Elle marche, soutenue par les femmes, dans la direction des civières, d'où son regard ne peut se détacher.*

HARGAND, *il a soulevé la toile de la première civière. Dans un grand cri* — Ah!... Robert!... mon fils!... (*Il s'affaisse sur le cadavre de son fils.*) Robert... Robert!...

*Malia as súplicas da tía Cathiard e das mulleres, érguese.*

HARGAND — Madeleine!

A TÍA CATHIARD, *empurrando a Hargand con violencia* — Cale dunha vez, non ve que aínda está medio morta!

HARGAND, *obstinado e suplicante* — Madeleine, xa non teño orgullo... son un pobre home... síntome pequeno... pequeno. E xa que lembras, dime... dime onde está Robert?

MADELEINE — E ti, dime onde está Jean? Dime que fixeches de Jean, asasino! Asasino!

Maigret e os demais interpóñense, lévanse a Hargand. Nese intre entran os padioleiros con dúas padiolas. Dende fóra os padioleiros van berrando: “Aparten, aparten”.

## ESCENA VI

OS MESMOS, OS PADIOLEIROS

*Hargand e o grupo de mulleres precipítanse e rodean as padiolas. Maigret e os demais tentan empurrar a multitude e protexen a Hargand. Madeleine estremécese. As mulleres sostéñena mentres camiña en dirección ás padiolas das que xa non pode apartar a mirada.*

HARGAND, *levantou a tea da primeira padiola. Nun berro* — Ah! Robert! Meu fillo... (*Derrúbase sobre o cadáver do seu fillo.*) Robert... Robert!

MADELEINE *s'avançant toujours* — Pauvre petit!... (*Tout à coup, dans un violent effort, elle s'échappe aux mains des femmes et, trébuchante, hagarde, elle court vers l'autre civière, dont elle enlève aussi la toile.*) Jean! Toi!... toi!...

*Elle tombe sur la civière, prend la tête de Jean, qu'elle soulève dans ses mains et qu'elle embrasse furieusement. Les femmes, voyant qu'il n'y a pas de morts pour elles, se retirent, s'éloignent, les autres sanglotent toujours sous le hangar. Cris et sanglots de Madeleine et de Hargand confondus. Hargand est entouré de Maigret et des employés de l'usine, de Madeleine, de la mère Cathiard et des femmes.*

MADELEINE, *se redressant tout d'un coup, et portant les mains à son ventre* — Ne pleurez pas, vous autres, là-bas... Écoutez-moi... Il ne faut plus pleurer!... Mon enfant n'est pas mort!... Je l'ai senti remuer dans mon ventre... Il vit!... il vit!... Je veux vivre aussi!... Je veux vivre pour lui!... Ne pleurez plus!... Les veuves... les mères affligées... vous a qui l'on a tout pris... vous à qui l'on a tout tué... m'entendez-vous?... (*Aucune ne bouge.*) M'entendez-vous?... (*Silence des femmes.*) Je vous dis que mon enfant n'est pas mort!... que l'enfant de Jean Roule n'est pas mort!... (*Aucune ne bouge.*) M'entendez-vous!... (*Silence des femmes.*) Je vous dis que je veux vivre... que je veux l'élever pour la vengeance!... (*Aucune ne bouge.*) M'entendez-vous?...

*Silence des femmes.*

MAIGRET — Monsieur!... il faut ramener M. Robert au château!...

HARGAND, *sanglotant et se laissant mener comme un enfant* — Mon fils... mon fils!...

MAIGRET, *il relève Hargand, remet la toile sur la civière. Aux porteurs* — Au château!

MADELEINE, *segue a avanzar* — Pobre pequeno! (*De socato, nun violento esforzo, escapa das mans das mulleres e tropezando, aterrada, corre cara a outra padiola da que tamén ergue a tea.*) Jean! Es ti!... ti!

*Cae sobre a padiola, colle a cabeza de Jean e érguea entre as mans. Bícao con carraxe. Ao ver que non hai mortos para elas, algunhas mulleres retíranse, arrédanse. Outras saloucan aínda no hangar. Mestúranse os berros e os laios de Madeleine e os de Hargand. Maigret e os empregados da fábrica rodean a Hargand, xunto con Madeleine, a tía Cathiard e as mulleres.*

MADELEINE, *erguéndose supetamente e levando as mans ao ventre* — Non choredes máis. Escoitádeme! Non fai falla chorar, o meu fillo non está morto! Sentíno moverse no meu ventre. Vive! Vive! Quero vivir eu tamén! Quero vivir para el! Non choredes máis! Viúvas, nais aflixidas, vós a quen vos quitaron todo... vós a quen vos mataron a todos, escoitádeme! (*Ningunha se move.*) Escoitádeme! (*Silencio das mulleres.*) Dígovos que o meu fillo non está morto, que o fillo de Jean Roule non está morto! (*Non se move ninguén.*) Escoitádeme! (*Silencio das mulleres.*) Dígovos que quero vivir, quero educalo para a vinganza! (*Ninguén se move.*) Escoitádeme!

*Silencio das mulleres.*

MAIGRET — Señor, hai que levar o señor Robert ao castelo!

HARGAND, *saloucando e deixándose levar coma un neno* — O meu fillo... o meu fillo!

MAIGRET, *pon de pé a Hargand, volve pór a tea sobre a padiola. Dirixíndose aos padioleiros* — Levádeo ao castelo!

MADELEINE, *elle s'élance sur Maigret et le repousse* — N'y louchez pas!... Cet enfant n'est plus à lui... Il est à nous!... (*Aux porteurs.*) Au tas!... au tas!... au tas!... (*Puis elle revient à la civière de Jean. Elle essaie encore de parler.*) Je vivrai! je...

*Un flot de sang étouffe sa voix. Elle chancelle et s'abat sur le cadavre de son amant.*

LOUIS THIEUX, *sur son banc. Il regarde tout cela de son œil lointain* — C'est la paye!...

MADELEINE, *bótase sobre Maigret e empúrroa* — Non o toquesdes!  
Este xa non é o seu fillo. É o noso! (*Aos padioleiros.*) Botádeo  
ao montón! Ao montón, ao montón! (*Despois volve á padiola  
de Jean. Intenta falar aínda.*) Vivirei! eu...

*Un mar de sangue afoga a súa voz. Abaléase e cae sobre o ca-  
dáver do seu amante.*

LOUIS THIEUX, *no banco. Mírao todo coa súa mirada perdida* —  
É día de paga!





# ÍNDICE

INTRODUCCIÓN, *por María Obdulia Luis Gamallo*..... 9

*LES MAUVAIS BERGERS*..... 20

*ACTE PREMIER*..... 26

*ACTE DEUXIÈME*..... 90

*ACTE TROISIÈME*..... 140

*ACTE QUATRIÈME* ..... 186

*ACTE CINQUIÈME* ..... 230

OS MALOS PASTORES..... 21

ACTO I..... 27

ACTO II..... 91

ACTO III..... 141

ACTO IV..... 187

ACTO V..... 231



ESTE LIBRO SAÍU DO PRELO DE LUGAMI EN BETANZOS O 1 DE  
NOVEMBRO DE 2010







## LIBROS PUBLICADOS

1. Xaime Quintanilla: DONOSINA (Edición de Laura Tato)
2. Denis Diderot: O PARADOXO SOBRE O ACTOR (Edición bilingüe de X. C. Carrete Díaz e F. Sucarrat Bouet) –Esgotado–
3. Antón Villar Ponte: ENTRE DOUS ABISMOS e NOUTURNO DE MEDO e MORTE (Edición de Emílio Xosé Insua López) –Esgotado–
4. Oscar Wilde: ERNEST (Edición bilingüe de Miguel Pérez Romero) –Esgotado–
5. Aristóteles: POÉTICA (Edición bilingüe de Fernando González Muñoz) –Esgotado–
6. Hildegarde de Bingen: O DESFILE DAS VIRTUDES (Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
7. Ramón Otero Pedrayo: O FIDALGO E O TEATRO (tres textos dramáticos) (Edición de Xosé Manuel Sánchez Rei)
8. TRES PEZAS CÓMICAS MEDIEVAIS (Edición bilingüe de Henrique Harguindey Banet)
9. Pedro P. Riobó Sanluís: O TEATRO GALEGO CONTEMPORÁNEO (1936-1996)
10. O TEATRO DE CHARLES BAUDELAIRE. PROXECTOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
11. Ricardo Carvalho Calero: ESCRITOS SOBRE TEATRO (Edición de Laura Tato)
12. António Ferreira: CASTRO (Edición de M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Sellers)
13. Rosvita de Gandersheim: OBRA DRAMÁTICA (Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
14. Llorenç Villalonga: DESBARATOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
15. José Oliveira Barata: O ESPAÇO LITERÁRIO DO TEATRO. ESTUDOS SOBRE LITERATURA DRAMÁTICA PORTUGUESA/I
16. Alexandre Ballester: NUN PREGUE DE VELUDO (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
17. Goretti Sanmartín Rei: O TEATRO DE XAN DA COVA. *LA GALICIANA* e *MARIA PITA*
18. Josep Pere Peyró: DESERTOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
19. Afonso Álvares: AUTO DE SANTIAGO (Edición de Juan M. Carrasco González)
20. Ramón Cabanillas: A VIRXE DO CRISTAL (Edición de Manuel Ferreiro e Goretti Sanmartín Rei)
21. TEATRO BRASILEIRO: TEXTOS DE FUNDAÇÃO (Edición de Maria Aparecida Ribeiro)
22. Roberto Cordovani: TEATRO BRASILEIRO NA GALIZA (Edición de Eisenhower Moreno)
23. Joan Guasp: O VENDEADOR DE AMENDOINS (Ed. edición de Xesús González Gómez)
24. François Riccoboni: A ARTE DO TEATRO (Edición bilingüe de Roberto Salgueiro)
25. M<sup>a</sup> Isabel Morán Cabanas: FESTA, TEATRALIDADE e ESCRITA. ESBOÇOS TEATRAIS NO CANCIONEIRO GERAL DE GARCIA DE RESENDE
26. Ana Kiffer: ANTONIN ARTAUD. UMA POÉTICA DO PENSAMENTO
27. Paulino Pereiro: A MÚSICA TEATRAL
28. Francisco Gomes de Amorim: FIGADOS DE TIGRE (Edición de Carme Fernández Pérez-Sanjulián)
29. Gil Vicente: FARSAS DOS ALMOCREVES (Edición de Xoán Carlos Lagares)
30. Manuel María: EDIPO (Edición de Miguel A. Mato Fondo)
31. Eugène Iabiche [e Marc-Michel]: UN CHAPEU DE PALLA ITALIANA (Edición bilingüe de Ana Luna Alonso)
32. Manuel Lourenzo: INSOMNES
33. Cándido A. González: ¡MAL OLLO!... (Edición de Manuel Ferreiro e Laura Tato Fontañá)
34. Iolanda Ogando: TEATRO HISTÓRICO: CONSTRUCCIÓN DRAMÁTICA e CONSTRUCCIÓN NACIONAL
35. Euloxio R. Riuibal: MINIMALIA. 20 PEZAS DE TEATRO BREVE
36. Antoni Nadal: O TEATRO MALLORQUINO DO S. XX
37. Emilio Xosé Insua López: SOBRE *O MARISCAL*, DE CABANILLAS e VILLAR PONTE
38. Xesús Piñón: NOITE INVADIDA
39. Duarte Ivo Cruz: O TEATRO PORTUGUÉS: ESTRUTURA e TRANSVERSALIDADE
40. Afonso Becerra de Becerreá: O RITMO NA DRAMATURXIA. TEORÍA e PRÁCTICA DA ANÁLISE RÍTMICA (A PARTIR DA PRIMEIRA DRAMATURXIA GALEGA EN VERSO)
41. DOCUMENTOS PARA A HISTORIA DO TEATRO GALEGO (1919-1924) (Edición de Silvana Castro García)
42. QUE (NON) É O TEATRO? [Manuel Lourenzo / José Oliveira Barata] / CATÁLOGO DE PUBLICACIONS (1997-2005)
43. Marica Campo: CONFUSION DE MARIA BALTEIRA (Edición de María Pilar García Negro)
44. Manuel Lúgrís Freire: A COSTUREIRA D'ALDEA (Edición de Teresa López)
45. Hélène Cixous: A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI (Edición bilingüe de Purificación Cabido Pérez)
46. Uxío Carré Aldao: MEMORIA CRÍTICO-BIBLIOGRÁFICA SOBRE EL TEATRO REGIONAL GALEGO (Edición de Xoán López Vifias)
47. Manjula Padmanabhan: LUCES FORA! (Edición bilingüe de Antía Mato Bouzas)
48. Teresa Rita Lopes: COISAS DE MULHERES! (Teatro reunido)
49. D. Francisco Manuel de Melo: O FIDALGO APRENDIZ (Edición de Evelina Verdelho)
50. Aristóteles: POÉTICA (Segunda Edición bilingüe revisada de Fernando González Muñoz)
51. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume I (Edición crítica italiana e tradución galega de Javier Gutiérrez Carou)
52. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume II (Edición crítica italiana e tradución galega de Javier Gutiérrez Carou)
53. Luís de Camões: AUTO CHAMADO DOS ENFATROES (Edición de Leticia Eirín García)
54. Marica Campo: O DIVINO SAINETE (Adaptación teatral da obra homónima de Curros Enriquez)
55. Antonio Gramsci: ESCRITOS SOBRE TEATRO I [1916-1917] (Ed. de Xesús González Gómez)
56. Antonio Gramsci: ESCRITOS SOBRE TEATRO II [1918-1920] (Ed. de Xesús González Gómez)
57. Camilo Castelo Branco: O MORGADO DE FAFE EM LISBOA e O MORGADO DE FAFE AMOROSO (Edición de Carlos Paulo Martínez Pereiro)
58. Xosé Teixeira: DOUTOR, POR FAVOR, MATEME CON XEITO (Edición e tradución de Francine Sucarrat Bouet e Xosé Carlos Carrete Díaz)
59. Laura Tato Fontañá: RELACIÓ DE NOTICIAS SOBRE TEATRO NOS FONDOS DA BIBLIOTECA-ARQUIVO TEATRAL 'FRANCISCO PILLADO MAIOR' (1882-1975)
60. Alva Martínez Teixeira: O HERÓI INCÓMODO (UTOPIA e PESSIMISMO NO TEATRO DE HILDA HILST)
61. Iolanda Ogando: ALMEIDA GARRETT, RETRATO PARATEXTUAL COM TEATRO AO FUNDO
62. Henrique Rabuñal: O TEATRO EN JENARO MARINHAS DEL VALLE
63. Peperela: A REVOLTA DA CASA DOS ÍDOLOS (Edición de Francisco Salinas Portugal)
64. Raúl Dans: MATALOBOS
65. Octave Mirbeau: OS MALOS PASTORES (Edición, introdución e tradución de María Obdulá Luis Gamallo)
66. Teresa Moure: CÍNICAS





